

rural

O CEIP Nadela será reformado con 1,4 millóns de euros tras anos de reclamacións. **Páx. 2**

infraestruturas

As obras no centro de saúde da Milagrosa xeran un malestar social que clama nas rúas. **Páx. 8**

sociedade

Óscar Rodríguez participará na final do Campionato Mundial de Oratoria en español. **Páx. 12**

cultura

Ruth Lodeiro expón a súa obra escultórica 'Átona' no Museo Provincial de Lugo. **Páx. 15**

deportes

O Club Voleibol Emevé confirma renovacións e completa o equipo para a nova tempada. **Páx. 29**

A ZBE de Lugo aprobada, pero impugnada



Galicia fai fronte ás altas temperaturas

As vagas de calor e os incendios falan de cambio climático real na comunidade. **Páx. 16-17**

Preocupación polo aumento de xabarís

Representantes das administracións mantiveron unha reunión para buscar solucións. **Páx. 19**

A Deputación de Lugo, contra os incendios

Presentan a análise da relación entre despoboamento rural e cambio nos réximes de incendios. **Páx. 28**

Proxecto Arte Lucus



Borja Porto, impulsor de Arte Lucus, busca embelecer a cidade coas súas obras. **Páx. 13**

Festas do San Froilán



O San Froilán 2026 celebrarase do 4 ao 12 de outubro con novidades. **Páx. 15**

Deporte en feminino



18 deportistas da provincia protagonizan a axenda da Deputación. **Páx. 30**

EXCLUSIVIDAD para la SALUD de tu SONRISA

Especialistas centrados en:

- Ortodoncia infantil y adultos
- Ortodoncia invisible
- Articulación Temporomandibular - Bruxismo
- Problemas de Oclusión y Función
- Diseño de sonrisa
- Ortopedia dentofacial

982 22 58 70 • 659 44 05 13
info@ortodonciafigueiras.es

Rúa Camilo José Cela 13, Local 1. 27002 Lugo
(Pza. de Augas Ferreas, esq. R/ Cántigas e Frores)

¡Ortodoncia todos los días!

Lunes, miércoles y jueves:
12:00 a 20:00 h
Martes y viernes: 9:00 a 17:00 h

if
figueiras
ORTODONCIA

O BNG critica que o 45 % do orzamento o rural se destine a unha actuación



O BNG de Lugo criticou a decisión do Goberno local de destinar case a metade do orzamento propio para asfaltados na zona rural a actuacións que, segundo denuncia a formación nacionalista, benefician directamente os accesos á vivenda da concelleira de Rural.

O concelleiro Alexandre Penas explicou que a Xunta de Goberno Local aprobou o expediente para a pavimentación e mellora de viarios nas proximidades da N-640, en Santa María de Muxa, así como do camiño que comunica a igrexa con varias vivendas. A actuación conta cun investimento de 156.000 euros. Segundo o BNG, esta contía representa arredor do 45 % dos 350.000 euros de fondos propios que o Concello destina este ano ás actuacións de asfaltado no rural, unha porcentaxe que considera “desproporcionada” tendo en conta as necesidades existentes no conxunto do municipio.

Alexandre Penas lembrou que Lugo

dispón de arredor de 900 quilómetros de pistas rurais, polo que defendeu que os investimentos deberían distribuírse de maneira máis equilibrada entre as distintas parroquias. Neste sentido, asegurou que “queda claro que o PP non comprou á tránsfuga para mellorar a calidade de vida da veciñanza, só queren mellorar a súa; a concelleira de Rural gasta o 45 % do orzamento en revalorizar as súas propiedades”. O edil nacionalista criticou tamén que a responsable de Rural percorrera inicialmente as 54 parroquias, comprometéndose a mellorar o estado das pistas e que agora, ao seu xuízo, reserve unha parte tan importante dos recursos para unha única zona.

Por este motivo, o BNG reclama ao Goberno que explique os criterios empregados para distribuír os fondos e defende que os investimentos deben responder ás necesidades reais da veciñanza e garantir un reparo equitativo dos recursos públicos.

O colexio de Nadela renovará por completo as súas instalacións

O colexio de Nadela afrontará nos próximos meses unha profunda transformación grazas ao proxecto de rehabilitación integral presentado polo concelleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, Román Rodríguez. A actuación contará cun investimento de 1,4 millóns de euros e permitirá modernizar por completo os catro edificios que integran o complexo educativo, cunha intervención centrada na mellora das instalacións, da accesibilidade e da eficiencia enerxética. As obras, incluídas no Plan de nova arquitectura pedagóxica da Xunta, saíran a licitación ao longo deste mes de agosto, coa previsión de que os traballos comecen a finais de ano e poidan concluír antes do inicio do curso escolar 2027/28.

A intervención permitirá reducir en máis dun 92 % tanto o consumo enerxético como as emisións de dióxido de carbono do centro. Para conseguilo actuarase sobre o illamento térmico das fachadas mediante a instalación de máis de 1.200 metros cadrados de sistema SATE, substituíranse 86 fiestras e 16 portas exteriores, renovarase a iluminación con 325 luminarias LED e 140 luces de emerxencia, ademais de instalar falsos teitos acústicos e executar distintas actuacións para mellorar a accesibilidade.

No apartado das instalacións, tamén se retirarán as actuais caldeiras de gasóleo para instalar un sistema de calefacción mediante biomasa con silo exterior. Así



mesmo, renovarase a cuberta do edificio da antiga escola e reforzase o illamento das cubertas e soportais do resto dos inmobles. O proxecto contempla tamén actuacións específicas en cada un dos edificios. No bloque A creárase unha nova aula no soportal, instálase un ascensor e habilitárase un aseo adaptado. No edificio B amplíase a zona de acceso e reorganizárase a conserxería. Pola súa banda, o edificio C verá ampliado o comedor, redistribuída a cociña para aumentar os espazos de almacenamento e contará cun novo despacho e un vestiario para o persoal non docente. Na antiga escola trasladárase a biblioteca á planta baixa para ampliar a súa superficie, habilitáranse dous aseos adaptados, instálase varandas nas escaleiras e pecharase o acceso exterior ao soportal.

As melloras estenderanse tamén aos espazos exteriores, onde se

construír un patio cuberto de 309 metros cadrados, pensado como zona de xogos protexida, e creárase un itinerario accesible que conectará todos os edificios do recinto escolar.

ANPA DO CEIP NADELA. A Asociación de Nais e Pais do Alumnado (ANPA) do CEIP Nadela reclamara á Xunta de Galicia e á Consellería de Educación a posta en marcha das obras de remodelación e adaptación previstas para o centro, unhas actuacións que consideraba imprescindibles para corrixir as numerosas carencias nas instalacións.

Tras meses de reivindicacións, a ANPA amosa agora a súa satisfacción polo anuncio das obras, unha actuación moi agardada pola comunidade educativa e que permitirá dar resposta a boa parte das necesidades detectadas no centro.



ARTAI

HORMIGONES

Cl. Rioseco s/n,
Monforte De Lemos, 27400

Pol. Ind. Betote Km 21
Sarria, 27600

692 946 698
629 817 933

692 946 694
629 817 933

Prefabricados y Hierros

TOURON, S.L.

Prefabricados de hormigón
Taller de ferralla
Cubiertas de panel sandwich
Cubiertas de fibrocemento
Servicio de grúa

982 530 469
hierrostouron@gmail.com

4.300 parcelas do rural volverán ser consideradas solo rústico

Arredor de 4.300 parcelas situadas nas áreas de expansión non ordenadas do municipio de Lugo recuperarán a consideración de solo rústico, o que permitirá corrixir a súa tributación e devolver aos propietarios as cantidades abonadas de máis no Imposto sobre Bens Inmobles (IBI) durante este ano. A medida, que se aplicará mediante un procedemento simplificado de valoración colectiva por parte da Dirección Xeral do Catastro a partir do mes de setembro, terá efectos retroactivos.

Este foi o principal anuncio realizado pola alcaldesa de Lugo, Elena Candia, que compareceu xunto ao concelleiro de Urbanismo, Ramón Cabarcos, tras a reunión da comisión de seguimento do convenio entre o Concello e a Dirección Xeral do Catastro.

Segundo explicou a rexedora, esta decisión deriva das recentes sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre os procedementos simplificados de valoración colectiva, que obrigan a retrotraer as actuacións realizadas nas áreas de expansión do núcleo rural sen ordenación predeterminada. Como consecuencia, estas parcelas deixarán de tributar como solo urbano, unha situación que, segundo indicou, prexudicaba aos propietarios ao obrigalos a pagar impostos propios dun solo que non lles outorgaba os correspondentes dereitos urbanísticos. Candia lembrou que o Partido Popular xa denunciara esta situación durante o anterior mandato municipal. “O importante non é ter razón; o importante é solucionar os problemas dos veciños. Desde a oposición advertimos de que era unha inxustiza obrigar aos propie-



tarios a pagar como solo urbano por uns terreos que non tiñan os dereitos propios desa clasificación. Hoxe podemos anunciar que esa situación se vai corrixir”, afirmou.

A alcaldesa explicou que, coa aprobación do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), máis de 15 millóns de metros cadrados de solo de núcleo rural quedaron incluídos como áreas de expansión. Estas parcelas pasaron a tributar como urbanas malia que non podían edificarse directamente, xa que precisaban dun instrumento de desenvolvemento urbanístico previo.

Neste sentido, diferenciou dúas situacións. As parcelas situadas en áreas de expansión ordenadas manterán a consideración de solo urbano ao contar con licenza directa e poder exercer os dereitos edificatorios establecidos pola normativa. Pola contra, as aproximadamente 4.300 parcelas localizadas nas áreas de expansión non ordenadas recuperarán a clasificación de solo rústico, ao considerar

Catastro que nunca deberon perder esa condición mentres non existise un desenvolvemento urbanístico efectivo.

Candia lembrou tamén que o PP presentara alegacións en 2024 para introducir bonificacións aos propietarios afectados tras a modificación dos tipos de gravame aprobada polo anterior Goberno. “Sempre defendemos que os veciños tiñan que pagar polo que realmente tiñan e non por unhas expectativas urbanísticas futuras. Hoxe damos un paso importante para reparar esa situación”, sostivo.

Finalmente, a alcaldesa avanzou que o Concello continuará colaborando coa Dirección Xeral do Catastro para que esta actualización quede incorporada ao padrón do IBI de 2027 e evitar que esta situación se repita. “Corriximos unha inxustiza fiscal que afectaba a multitude de propietarios da nosa zona rural. Os veciños pagarán polo que realmente teñen e non por unhas expectativas urbanísticas que nunca chegaron a converterse en dereitos”, concluíu.

O PSdeG propón un servizo para o baleirado de fosas sépticas



O Grupo Municipal Socialista de Lugo propón a creación dun servizo municipal de baleirado de fosas sépticas baixo demanda destinado ás parroquias que aínda non dispoñen de rede de saneamento. A proposta, presentada polo portavoz socialista, Miguel Fernández, busca ofrecer unha solución práctica ás necesidades actuais da veciñanza mentres continúa o proceso de ampliación das infraestruturas de saneamento no municipio. Segundo explicou Fernández, Lugo conta cun dos termos municipais máis extensos de Galicia e cun elevado número de núcleos rurais dispersos, unha realidade que dificulta a implantación inmediata dunha rede integral de saneamento.

Neste contexto, considera necesario combinar a planificación a longo prazo con medidas que dean resposta aos problemas cotiáns das familias que dependen de fosas sépticas.

A iniciativa contempla que as persoas propietarias de vivendas poidan solicitar o baleirado

das súas fosas a través do Concello, que sería o encargado de organizar e programar periodicamente o servizo. Os traballos realizaríanse mediante vehículos cisterna da empresa concesionaria, encargándose posteriormente do traslado dos residuos á planta de tratamento de EDER, especializada na súa correcta xestión conforme á normativa ambiental. Para o socialista, este sistema permitiría ofrecer un servizo máis accesible e eficiente, e contribuíría a evitar vertidos incontrolados con posibles consecuencias para o solo, os acuíferos e os cursos fluviais. Ademais, sostén que a medida facilitaría un mellor aproveitamento dos recursos públicos xa existentes, coordinando a recollida coa infraestrutura de depuración dispoñible.

Miguel Fernández tamén propón que o servizo se regule mediante un prezo público que resulte asumible para a cidadanía, de maneira que todas as economías familiares poidan acceder a el en condicións adecuadas.



*Clinica dental
Mosquera Otero*



Registra Sanitario: C77-001149



- CIRURÍA DENTAL
- PERIODONCIA
- ODONTOLOGÍA RESTAURADORA
- RADIOLOGÍA 3D
- ESCÁNER INTRAORAL
- ORTODONCIA
- IMPLANTOLÓGÍA
- ESTÉTICA DENTAL
- PRÓTESIS
- ODONTOPEDIATRÍA



**Te damos
una razón
PARA SONREIR**

📍 Ronda Valle Inclán 1, Bajo. Lugo

☎ 982.803.132

✉ cdentallugo@gmail.com

🌐 www.mosqueraotero.es

Convocan unha reunión para abordar a ampliación do Pazo



A ampliación do Pazo dos Deportes de Lugo dará un novo paso o próximo 3 de setembro coa celebración dunha reunión na que se abordarán as posibilidades de financiamento e desenvolvemento do proxecto. A convocatoria da reunión foi realizada pola Vicepresidencia da Deputación de Lugo, que invitou ao Concello de Lugo, á Xunta de Galicia e ao Consello Superior de Deportes a analizar o estudo técnico e valorar a súa participación no financiamento da futura ampliación. O vicepresidente provincial, Efrén Castro, explicou que o encontro busca coñecer a disposición das distintas administracións para colaborar economicamente nun proxecto que considera estratégico para o deporte lucense. A proposta contempla aumentar a capacidade do recinto mediante a creación dunha nova estrutura perimetral exterior á altura da terceira planta, o que

permitiría habilitar novos corredores de distribución e destinar os espazos actuais á instalación de gradas fixas. Segundo o estudo técnico presentado nos últimos meses, esta actuación permitiría incorporar arredor de 1.000 novas localidades, respondendo á demanda existente e mellorando as condicións dun recinto que acolle habitualmente competicións deportivas e outros eventos multitudinarios. Ademais, comezaron os traballos de reforma do palco do pavillón, unha actuación valorada en 47.000 euros que permitirá gañar 116 novos asentos para público xeral. As obras consisten na retirada de parte da estrutura instalada sobre a grada para ampliar a zona de autoridades e na posterior reorganización do espazo, co obxectivo de incrementar o número de localidades dispoñibles de cara ao inicio da nova tempada.

A reforma da Protectora de Animais, máis preto ca nunca

A Protectora de Animais de Lugo contará cun investimento de 744.436 euros para acometer a reforma e ampliación das súas instalacións grazas ao convenio de colaboración asinado entre a Xunta de Galicia, a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo. O acordo permitirá financiar unha actuación demandada pola entidade co obxectivo de mellorar as condicións de acollida e atención dos animais. O convenio establece que cada unha das tres administracións participantes achegará 248.135 euros, asumindo o custo da actuación a partes iguais. Os representantes institucionais destacaron durante a sinatura que o acordo é resultado da colaboración entre as distintas administracións para dar resposta a unha necesidade histórica da protectora. As obras permitirán transformar por completo as instalacións de Muxa coa incorporación de novos servizos e a mellora das dependencias actuais. Entre as actuacións previstas figura a construción dunha clínica veterinaria, a creación dunha residencia para gatos e dun parque de canís, así como o acondicionamento do edificio de corentena para felinos. O proxecto contempla tamén a ampliación das instalacións coa creación dun aparcadoiro e dun edificio de recepción, ademais da instalación de paneis solares para mellorar a eficiencia enerxética do complexo. A previsión é que os traballos poidan comezar durante o mes de agosto. A alcaldesa de Lugo, Elena Candia,



agradeceu o traballo realizado por todas as persoas e institucións que participaron na consecución do acordo e destacou que o financiamento garante a execución dunha reforma considerada imprescindible para a entidade. A rexedora recoñeceu ademais o labor da directiva da protectora, dos técnicos municipais e da Consellería de Medio Ambiente, así como a implicación da concelleira Mar Carballas nas políticas de benestar animal. Candia sinalou que a sinatura do convenio representa un exemplo de colaboración institucional e defendeu a necesidade de continuar impulsando proxectos a través do diálogo entre administracións. Neste sentido, asegurou que o Concello manterá un seguimento constante das obras para facilitar o seu desenvolvemento e garantir o cumprimento dos prazos previstos. Pola súa parte, o deputado provincial de Formación, Ensino e Economía do Coñecemento, Miguel Fernández, destacou que a actuación supón un avance importante

para a cidade, para a protectora e para o benestar animal. Fernández lembrou os distintos intentos realizados nos últimos anos para mellorar as instalacións da entidade e valorou que o acordo alcanzado entre as tres administracións permite desbloquear definitivamente o proxecto. O deputado provincial incidiu en que a Deputación achegará a totalidade da súa contribución nesta anualidade, preto de 250.000 euros, e destacou tamén a cesión á Sociedade Protectora do uso da parcela onde se sitúan as instalacións durante un período de dez anos. Segundo explicou, esta medida achega estabilidade ao proxecto e facilita a execución das obras previstas. Os responsables institucionais coincidiron en destacar que a reforma permitirá dotar á Protectora de Animais de Lugo dunhas instalacións modernas e adaptadas ás necesidades actuais, reforzando así o labor que a entidade desenvolve desde hai décadas na atención e protección dos animais abandonados.



CLÍNICA DENTAL TEST

CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

Camiño Real, 36-38 Entlo 982 228 428 · 608 938 993

Aprobada a ordenanza da Zona de Baixas Emisións de Lugo

O Concello de Lugo aprobou definitivamente no último Pleno municipal a ordenanza reguladora da Zona de Baixas Emisións (ZBE), incorporando 16 das 41 alegacións presentadas, e culminando así a implantación dunha medida que será obrigatoria para as cidades de máis de 50.000 habitantes en cumprimento da normativa europea.

A nova regulación entrará en vigor nos próximos meses e permitirá ao municipio cumprir co prazo establecido, fixado antes do 30 de setembro. Durante a súa tramitación, a ordenanza foi sometida a información pública, período no que se rexistraron 41 alegacións. Delas, o Goberno local aceptou 16, o que representa preto do 40 % das propostas presentadas por asociacións, entidades e colectivos.

Segundo o executivo municipal, estas incorporacións permitiron elaborar un texto "máis equilibrado e con maiores garantías", adaptado ás necesidades da cidadanía, da actividade económica e da mobilidade urbana.

Entre as principais modificacións introducidas destaca o reforzo das garantías xurídicas da norma. Deste xeito, os cambios substanciais que poidan afectar á ordenanza deberán ser aprobados polo Pleno municipal, evitando que poidan realizarse mediante decretos da Alcaldía. A normativa tamén busca reducir a carga administrativa para residentes e negocios do centro histórico. Elimínase a obriga de renovar periodicamente os datos rexistrados e prevese a creación dunha plataforma dixital que permitirá tramitar autorizacións, comunicacións e accesos á ZBE de maneira máis áxil.

Outro dos aspectos máis destacados é a implantación dun período transitorio dun ano antes da aplicación efectiva das sancións. Durante ese tempo, o Concello centrará os seus esforzos en informar á cidadanía sobre o funcionamento da zona e facilitar a adaptación á nova regulación.



No ámbito da mobilidade, desaparece a limitación de dúas matrículas autorizadas por residente, comercio ou titular dunha praza de garaxe. Ademais, régúlase o acceso e estacionamento para residentes, establecementos hostaleiros e negocios por motivos xustificadas durante o tempo estritamente necesario. Os vehículos de mobilidade persoal, como os patinetes eléctricos, deberán cumprir as mesmas normas de circulación que o resto dos vehículos.

A ordenanza introduce tamén cambios na distribución urbana de mercadorías. Prevese ampliar os espazos de carga e descarga

no centro histórico, habilitar novas zonas para vehículos de ata 12 toneladas na Porta de San Fernando e na rúa María Balteira, así como desenvolver un plan piloto de reparto mediante carretillas eléctricas para reducir o tráfico de vehículos comerciais no interior da muralla. Os horarios de carga

e descarga quedarán regulados entre as 8.00 e as 12.00 horas e entre as 15.30 e as 17.30 horas. Entre as alegacións aceptadas figura igualmente a incorporación da seguridade privada en servizo ao grupo de vehículos autorizados para acceder á Zona de Baixas Emisións.

Desde o Concello deféndese que a nova regulación permitirá mellorar a calidade do aire, incrementar a seguridade viaria, favorecer a convivencia e avanzar cara a un modelo de mobilidade máis sostible, ao tempo que se compatibiliza a actividade económica coa protección do casco histórico.

LUGO MONUMENTAL, EN CONTRA. A aprobación definitiva da ZBE non pecha, porén, a polémica arredor da súa implantación.

A Asociación Lugo Monumental anunciou que impugnará xudicialmente a ordenanza unha vez sexa publicada no Boletín Oficial da Provincia, trámite que abrirá un prazo de dous meses para presentar o recurso contencioso-administrativo.

A entidade asegura que, aínda que durante a tramitación se incorporaron melloras ao texto inicial, continúan existindo cuestións que consideran problemáticas tanto desde o punto de vista xurídico como práctico.

Entre elas citan o agravamento das sancións en caso de reincidencia, o límite de estacionamento para persoas con mobilidade reducida nas prazas reservadas ou a falta de mecanismos máis áxiles para autorizar accesos relacionados con reparacións urxentes.

Lugo Monumental tamén cuestiona que a ordenanza non vincule as restricións directamente aos niveis de emisións contaminantes e considera que as limitacións previstas afectan principalmente ao uso e ao peso dos vehículos.

A asociación defende modelos máis flexibles, vinculados á evolución da contaminación ou á aplicación de restricións en determinados horarios ou períodos concretos.

Desde o colectivo insisten en que non se opoñen á peonalización do casco histórico nin ás políticas de mobilidade sostible, pero consideran que determinadas medidas poden ter consecuencias negativas para a actividade económica e social da zona.

Por este motivo, e tras unha decisión adoptada por unanimidade entre os seus asociados, avanza que recorrerán a norma ante os tribunais para intentar frear a súa aplicación.

O Antigo Hospital de San Miguel será mellorado

A Xunta de Galicia vén de adxudicar as obras de rehabilitación do Antigo Hospital de San Miguel, tamén coñecido como Casa Torre, un inmoble histórico situado no barrio da Tinería.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), formalizou a adxudicación do contrato á empresa Desarrolla Obras y Servicios, S.L. por un importe de 885.662,74 euros. Os traballos contarán cun prazo de execución de 20 meses.

O proxecto ten como finalidade a recuperación integral desta edificación histórica, situada dentro do recinto histórico da cidade. O inmoble está composto por dúas construcións independentes e sen conexión interior: a Casa Torre, de planta cadrada e orixe medieval, e un segundo edificio unido á primeira polo seu lado noroeste.

A actuación contempla a rehabilitación dos dous inmobles co obxectivo de preservar os seus valores patrimoniais e darlles un novo uso, contribuíndo á revitalización do barrio da Tinería e á posta en valor deste conxunto arquitectónico.

Entre os elementos máis destacados do proxecto figura a creación dun itinerario accesible para facilitar o acceso á Muralla de Lugo. Para iso instalárase un ascensor interior que permitirá comunicar a cota da cidade coa do adarve do monumento, mellorando a accesibilidade a un dos principais atractivos patrimoniais da capital lucense.

escoladeartelugo.com
982 220 790

ESCOLA RAMÓN FALCÓN

ABERTA INSCRIPCIÓN EXTRAORDINARIA PARA CICLOS FORMATIVOS ATA O DÍA 01 DE SETEMBRO

Ciclos de grao superior (con bacharelato*):
FOTOGRAFÍA
CERÁMICA ARTÍSTICA
GRAVADO E TÉCNICAS DE ESTAMPACIÓN

Ciclo de grao medio (con ESO*):
SERIGRAFÍA ARTÍSTICA *OU A TRAVÉS DUNHA PROBA PREVIA

ESCOLA de ARTE e SUPERIOR de DESEÑO RAMÓN FALCÓN · LUGO

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

A Xunta declara a ARI dos barrios da Milagrosa e Feijoo

A Xunta de Galicia declarou oficialmente a Área de Rehabilitación Integral (ARI) dos barrios da Milagrosa e Feijoo, un paso que permitirá ao Concello de Lugo acceder ás futuras convocatorias de axudas destinadas á recuperación de vivendas e á mellora do espazo urbano. Con esta incorporación, a cidade pasa a contar con tres áreas de rehabilitación integral, xunto ás xa existentes no conxunto histórico e no barrio do Sagrado Corazón.

O novo ámbito abrangue parte dos barrios da Milagrosa e Feijoo, incluíndo vías como a avenida da Coruña, Río Navia e Concepción Arenal, na Milagrosa, así como Río Cabe, San Lourenzo e a Praza das Reboiras, en Feijoo.

A área declarada comprende un total de 4.043 vivendas distribuídas en 1.025 edificios, dos que 931 teñen un uso principalmente residencial, mentres que os 94 restantes están destinados a outros usos. A superficie total do ámbito ascende a 25.797,14 metros cadrados, correspondendo 24.000,11 metros cadrados ao barrio da Milagrosa e 1.797,03 metros cadrados ao de Feijoo.

Segundo a documentación presentada polo Concello de Lugo, ambos os barrios presentan unha importante diversidade construtiva derivada da súa evolución histórica. En xeral, predominan os inmobles levantados entre as décadas de 1950 e 1980, coincidindo co principal período de expansión urbana da cidade. Na Milagrosa destaca a presenza de edificios residenciais colectivos de pequena e mediana altura, vinculados á arquitectura racionalista da época, mentres que

en Feijoo conviven vivendas tradicionais unifamiliares con edificios plurifamiliares que foron transformando progresivamente a fisionomía do barrio.

As actuacións que poderán beneficiarse das futuras axudas incluírán traballos de conservación dos inmobles, melloras de accesibilidade, medidas para incrementar a eficiencia enerxética e actuacións destinadas a mellorar a habitabilidade das vivendas. Tamén se contemplan intervencións nos espazos públicos, como a eliminación de barreiras arquitectónicas, a mellora da seguridade viaria, a creación de zonas verdes e arborado, o soterramento das redes aéreas de servizos, a renovación das canalizacións antigas e a substitución da iluminación pública por tecnoloxía LED máis eficiente.

O Concello de Lugo poderá optar ao financiamento destas actuacións cando se publique a correspondente convocatoria do Plan Estatal de Vivenda. A Xunta lembrou que continúa á espera da sinatura do convenio co Ministerio de Vivenda e do traspaso dos fondos necesarios para poñer en marcha o programa. O plan prevé un investimento de 399 millóns de euros en Galicia, dos que a Administración autonómica achegará o 40 por cento, mentres que ao Ministerio lle corresponde financiar o 50 por cento.

Ata o momento, as dúas áreas de rehabilitación integral xa existentes en Lugo, situadas no conxunto histórico e no barrio do Sagrado Corazón, recibiron máis de 4,1 millóns de euros en axudas públicas desde a súa declaración.

Habilitarase un paso de peóns semaforizado na Avenida da Coruña

O Concello de Lugo habilitará un novo paso de peóns semaforizado na Avenida da Coruña, á altura da intersección coas rúas Río Narla e Reverendo Fernández Gómez. A actuación, que contará cun investimento de 29.597,14 euros e un prazo de execución estimado dun mes, ten como obxectivo mellorar a seguridade dos peóns e favorecer a mobilidade nun dos eixos viarios con maior volume de tráfico da cidade.

A iniciativa dá resposta ás peticións trasladadas por distintas asociacións veciñais da zona, que viñan reclamando unha solución para facilitar o cruzamento da avenida. Na actualidade, os peóns deben percorrer unha distancia considerable para atopar un paso habilitado, xa que non existe ningún entre o situado na contorna da intersección con Curros Enríquez e Illas Cíes e o localizado nas proximidades da rúa Montefaro.

Os estudos realizados polos servizos técnicos municipais determinaron que a intersección coa rúa Río Narla é o punto máis axeitado para implantar esta infraestrutura. A localización permitirá aproveitar a



regulación semafórica xa existente, incorporando unha fase específica para os peóns que garantirá cruzamentos máis seguros sen provocar unha incidencia significativa na circulación dos vehículos.

Os traballos contemplan a execución das obras necesarias para instalar unha nova columna semafórica na marxe dos números impares da Avenida da Coruña, así como a correspondente rede de canalizacións, cableado e elementos técnicos que permitirán integrar o novo paso no sistema semafórico actual. O proxecto inclúe tamén actuacións

destinadas a mellorar a accesibilidade, coa adaptación das beirarrúas mediante novos rebaxes que facilitarán o tránsito de persoas con mobilidade reducida, carriños infantís ou cadeiras de rodas. Ademais, renovarase a sinalización horizontal de toda a intersección, incluídos os pasos de peóns xa existentes, para reforzar a visibilidade e a seguridade viaria.

Para posibilitar a instalación da nova infraestrutura será necesario retirar unha árbore situada nun punto incompatible coa colocación da columna semafórica prevista.

O carril bici será modificado tras detectarse 13 puntos con deficiencias

O Concello de Lugo iniciou o expediente para modificar o trazado do carril bici da cidade, unha actuación coa que o Goberno local pretende corrixir os problemas de mobilidade, accesibilidade e seguridade detectados desde a posta en marcha desta infraestrutura.

A alcaldesa, Elena Candia, explicou que a intervención dará cumprimento ao compromiso adquirido de revisar o percorrido e priorizará os puntos considerados máis conflictivos.

Segundo avanzou a rexedora, a Policía Local elaborou un informe técnico no que se identifican 13 pun-

tos con deficiencias de seguridade ao longo do carril bici construído durante o anterior mandato, polo que a primeira fase das actuacións centrarase neses treitos.

Candia lembrou que as obras foron financiadas con fondos europeos, polo que calquera modificación deberá respectar o disposto no artigo 71 do Regulamento (UE) 1303/2013, que regula a durabilidade das operacións subvencionadas. Esta normativa impide introducir cambios substanciais que alteren a natureza ou os obxectivos do proxecto durante os cinco anos posteriores á súa execución, xa que iso podería obrigir ao reintegro das axudas recibidas.

Neste contexto, o Concello xa traballa na elaboración do expediente que permitirá modificar o trazado sen incumplir a normativa europea, acreditando que a finalidade da actuación, fomentar o uso da bicicleta como medio de transporte sostible, continuará garantida.

“Se xa tiñamos claro que era unha infraestrutura que xeraba un importante rexeitamento social, contamos ademais cun informe técnico que identifica diferentes problemas de seguridade”, sostivo a alcaldesa.

Pilates en grupos reducidos • Pilates preparto • Pilates postparto
Abdominales hipopresivos • Yoga

Calle Perpétuo Socorro 10-12, bajo. 27003 Lugo
Telf: 699 519 141 / erikapilates@hotmail.es
www.erikapilates.es

ORIXE DO CAMPO

Ven a probar nuestro bocata de pulpo

Praza do Campo 9, Lugo
Tel.: 982 198 548

O BNG pide axilizar a eliminación do tapón urbanístico no centro

O portavoz do BNG, Rubén Arroxo, puxo en valor o avance das obras de transformación do Carril das Flores, unha actuación que “está a cambiar de maneira significativa este espazo e permitirá mellorar a conexión entre o barrio de Fontiñas e o centro histórico de Lugo”.

Arroxo lembrou que a súa execución supón “unha mellora substancial para a mobilidade e a imaxe urbana de Lugo”, ao tempo que destacou a importancia deste punto, situado entre dous patrimonios da humanidade e integrado no trazado do Camiño Primitivo.

O portavoz nacionalista sinalou, non obstante, que aínda queda pendente resolver a supresión do denominado tapón urbanístico da antiga vivenda situada no inicio de Montero Ríos e do Carril das Flores. Por este motivo, reclamou ao actual Goberno local que actúe con rapidez para completar esta intervención “canto antes”.



Segundo explicou, o anterior executivo municipal deixou preparados todos os trámites necesarios para incorporar este predio ao espazo público. A parcela está situada no Carril das Flores, fronte ao número 18, e en Montero Ríos número 2. Conta cunha superficie construída de 126 metros cadrados e alberga unha edificación en estado ruinoso,

da que só permanecen os muros exteriores e interiores da planta baixa, correspondente ao soto da rúa Montero Ríos.

Desde o BNG lembran que, polas súas dimensións e localización, o solar é inedificable na actualidade e a súa situación condiciona as obras de remodelación que se están a executar nesta zona.

O Goberno local impulsa un campo de fútbol de herba artificial en San Fiz

O Concello de Lugo iniciou os trámites para construír un novo campo de fútbol de herba artificial en San Fiz para responder á crecente demanda das entidades deportivas da cidade e mellorar a capacidade das instalacións municipais. O primeiro paso será a licitación da redacción do proxecto técnico, que definirá as características da nova instalación, prevista nunha parcela de titularidade municipal. A actuación contempla a creación dun campo de fútbol

de herba artificial de última xeración, a construción dun módulo de vestiarios totalmente equipado con servizos de saneamento e subministración eléctrica, o peche perimetral do recinto para reforzar a seguridade e un sistema de torres de iluminación que dará cobertura tanto ao novo campo como ao actual campo municipal de rugby. Ademais, tamén se habilitarán vestiarios específicos para esta instalación de rugby, mellorando os servizos dos que dispón.

Na actualidade, Lugo conta con 14 entidades deportivas e de formación que agrupan 138 equipos, desde as categorías biberón ata veteranos, e reúnen preto de 3.000 licenzas deportivas. Ademais, o proxecto tamén suporá unha mellora importante para o campo municipal de rugby situado ao lado, grazas á instalación de novos vestiarios modulares e á dotación dunha iluminación moderna.

O Concello formaliza a recepción parcial do Polígono 2 da Louzaneta



O Concello de Lugo formalizou a recepción parcial do Polígono 2 da Louzaneta, un paso que supón, segundo os populares, “o desbloqueo dun dos expedientes urbanísticos máis complexos da cidade, paralizado durante máis de vinte anos”. A actuación dá continuidade ao acordo alcanzado entre o Goberno local e a Xunta de Compensación, anunciado a pasada semana pola alcaldesa, Elena Candia, tras varias semanas de traballo técnico e xurídico.

O desbloqueo foi posible despois de que os propietarios asumisen o pagamento de 80.322 euros para financiar o soterramento da liña eléctrica de media tensión. A Xunta de Compensación ingresou esta contía nas arcas municipais o pasado 16 de xullo, cumprindo así as condicións necesarias para formalizar a recepción parcial da urbanización. Coa sinatura da acta, o Concello asumirá agora a coordinación dos traballos e dos trámites necesarios para executar o soterramento da liña de media tensión,

unha actuación que será sufragada polos propietarios.

Desde o Goberno local destacan que este acordo vai máis aló dun trámite administrativo e pon de manifesto que, con vontade política, diálogo e rigor técnico, é posible resolver expedientes que levaban anos sen avances.

O acto contou tamén coa presenza de Tomás Notario Vacas, autor do proxecto de urbanización da Louzaneta-Areeiras, quen asistiu á formalización dun acordo que contribúe a facer realidade unha iniciativa na que participou hai décadas. A súa presenza achegou un carácter simbólico ao acto ao representar a culminación dun proceso que permaneceu bloqueado durante anos.

A recepción parcial do Polígono 2 constitúe o primeiro paso da folla de ruta marcada polo Concello para continuar coa regularización do resto dos ámbitos da Louzaneta, incluídos o Polígono 1, o Polígono 3 e a zona industrial, dando resposta a unha reivindicación histórica da veciñanza.

Certificados profesionales. Tu titulación oficial GRATIS

Plazas limitadas | Reserva la tuya

ADGG0208 (MF2033_2) **Ofimática** (TELEFORMACIÓN)

SSCE0212 (MF1582_3) Promoción para la **igualdad** efectiva entre mujeres y hombres en materia de empleo (on line)

ENAE0111 (MF2050_1) Operaciones básicas en montaje y mantenimiento de **instalaciones solares térmicas** (FERROL - Presencial)

Consulta toda la oferta formativa:

estudiosrafer.es
formacion@estudiosrafer.es | 982 22 26 49

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

GOBIERNO DE ESPAÑA | MINISTERIO DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL Y EMPLEO

estudios
rafer



O PSOE propón construír unha nova rotonda nas Gándaras

O voceiro do Grupo Municipal Socialista, Miguel Fernández, anunciou a proposta do seu grupo municipal de construír unha nova rotonda na intersección das rúas Durán Loriga e María Barbeito, no polígono industrial das Gándaras. O obxectivo é incrementar a seguridade viaria e adaptar este punto ao notable aumento do tráfico experimentado nos últimos anos. Fernández explicou que este cruzamento converteuse nun dos puntos con maior intensidade de circulación do parque empresarial tras a finalización da última fase das Gándaras e a consolidación da conexión co polígono do Ceao e coa zona da Campiña. Segundo indicou, por esta intersección circula cada vez un maior número de vehículos, especialmente de transporte pesado, e xa se teñen rexistrado accidentes que, ao seu xuízo, fan necesaria unha intervención antes de que se produzan consecuencias de maior gravidade. O portavoz socialista considera que a construción dunha rotonda permitiría organizar mellor os accesos ás distintas vías, reducir a velocidade

de dos vehículos e mellorar tanto a seguridade do tráfico como a dos peóns que transitan pola contorna. Ao seu entender, este tipo de infraestruturas constitúen unha solución eficaz para favorecer a fluidez da circulación e diminuír o risco de sinistros en cruzamentos de grandes dimensións. O edil socialista reclamou ao Executivo que preside Elena Candia que incorpore esta obra entre as prioridades municipais e que a súa execución se financie con cargo aos remanentes. Segundo afirmou, estes recursos deben destinarse a investimentos estratéxicos que melloren a cidade a longo prazo e non a actuacións puntuais orientadas, ao seu xuízo, a obter un impacto inmediato. Finalmente, Miguel Fernández defendeu que esta intervención contribuíría a reforzar a competitividade dun dos principais espazos industriais do municipio e a mellorar as condicións de mobilidade das persoas que traballan diariamente na zona. “Investir en seguridade viaria, en mobilidade e en planificación é investir no futuro de Lugo”, concluíu.

A veciñanza da Milagrosa reclama acelerar as obras do ambulatorio

A Asociación de Veciños, Comerciantes e Industriais da Milagrosa concentrouse no centro de saúde da rúa Río Ser para denunciar o atraso das obras e reclamar explicacións sobre a súa evolución. A mobilización tivo como obxectivo visibilizar o malestar existente no barrio polo que consideran un avance moi lento dos traballos. Desde a asociación lembran que o centro permanece pechado desde xuño de 2024, unha situación que obrigou a máis de 10.000 pacientes a desprazarse ao Centro de Saúde da Residencia para recibir atención sanitaria. Segundo indican, unha solución que foi presentada como provisional prolongouse durante máis de dous anos sen que existan explicacións claras nin un calendario definido para a reapertura. A entidade veciñal asegura que o estado actual da obra evidencia un avance mínimo e considera que os traballos están moi lonxe dos prazos comprometidos pola Xunta de Galicia. Por iso, reclama explicacións públicas sobre o atraso acumulado, un calendario actualizado e verificable, medidas urxentes para acelerar a execución da actuación e garantías de que os pacientes desprazados poderán re-



cuperar o seu centro de saúde no menor prazo posible. Os representantes da asociación tamén defenderon que a Milagrosa é un dos barrios máis poboados de Lugo e que non pode ser tratada como unha cidadanía de segunda no acceso a un servizo esencial como a sanidade pública. Ademais, difundiron imaxes do estado actual das obras para documentar a situación e o malestar existente entre a veciñanza. A esta reivindicación sumouse o Grupo Municipal Socialista. A concelleira Ana González Abelleira advertiu de que a prolongación do peche está a incrementar a presión sobre a Atención Primaria e a afec-

tar á calidade asistencial de milleiros de persoas. A edil reclamou á Xunta información clara sobre o estado real da actuación, os prazos previstos e a organización futura da asistencia sanitaria na zona. González Abelleira lembrou que o PSOE xa solicitara hai dous meses un calendario actualizado e verificable das obras e criticou que, segundo asegura, aínda non existan datas concretas nin explicacións detalladas sobre a súa evolución. A concelleira insistiu en que os veciños teñen dereito a coñecer cando recuperarán plenamente o seu centro de saúde e reclamou maior transparencia por parte do Goberno galego.

O BNG reclama que o Plan Paradai inclúa a renovación da Calzada

O portavoz do BNG no Concello de Lugo, Rubén Arroxo, asegurou que a formación nacionalista continuará traballando para que o Plan Paradai incorpore tamén a renovación da Calzada das Gándaras, unha actuación que considera prioritaria por tratarse dunha vía que conecta o polígono industrial co barrio das Gándaras e que, segundo denunciou, quedou fóra da licitación das obras da rúa Serra de Meira. Arroxo lembrou que, ao seu xuízo, “a Xunta leva 28 anos castigando a Lugo co Plan Paradai, que xa tiña que estar completado hai case tres décadas”. Neste sentido, incidiu en que o BNG leva anos denunciando o abandono da cidade por parte do Partido Popular, especialmente no referente ás infraestruturas contempladas neste plan. O portavoz nacionalista criticou que a cidade tivese que esperar case trinta anos para que se licitase a actuación na rúa Serra de Meira e advertiu de que esta intervención non resolve todas as carencias existentes. “Dúas das rúas que están en peor estado



da cidade, como son Serra de Meira e a Calzada das Gándaras, dependen directamente do Plan Paradai”, afirmou. Arroxo insistiu en que o BNG continuará reclamando á Xunta que saque a licitación a renovación da Calzada das Gándaras, facendo fincapé no seu deterioro tras anos sen actuacións. “É unha actuación urxente que non pode seguir demorándose”, sostivo. Desde o BNG consideran que o Go-

verno galego continúa restando importancia aos investimentos en Lugo. Como exemplo, Arroxo referiuse ás declaracións da presidenta do PP de Lugo, Elena Candia, á que acusou de “renegar desta importante actuación nada máis chegar a Lugo”. Segundo explicou, o estado actual da vía, cun firme deteriorado e cheo de fochancas, supón un problema para a seguridade viaria e tamén prexudica a imaxe da cidade.



Marfer

INFORMATICA

INFORMATIZACIÓN DE EMPRESAS

SERVICIO TÉCNICO LUGO Y PROVINCIA



C/ Alvedro, 2 - Lugo - Tel.: 982 263 084
www.imarfer.com - correo@imarfer.com

A Deputación renovará o xardín e o claustro do Museo Provincial

A Vicepresidencia da Deputación de Lugo acometerá unha renovación integral do xardín e da zona central do claustro do Museo Provincial de Lugo co obxectivo de poñer en valor tanto o patrimonio artístico como os espazos naturais do recinto e reforzar o seu uso como lugar de exposición e lecer. A Xunta de Goberno provincial deu luz verde este venres aos pregos de contratación da actuación, que contará cun orzamento inicial de 163.500 euros.

No exterior do museo, os traballos incluírán un novo deseño das áreas axardinadas, a substitución da iluminación existente e unha reorganización das esculturas instaladas no xardín. Ademais, colocaranse paneis informativos e sinalización específica para facilitar a interpretación das obras e dos elementos patrimoniais presentes neste espazo situado xunto á rúa Nova.

A intervención estenderase tamén á zona central do claustro, onde se renovará o céspede, se repararán os pavimentos empedrados e se actuará sobre o muro exterior do pozo.



O contrato contempla igualmente o mantemento destas zonas durante un período de dous anos tras a finalización das obras.

A deputada de Cultura, Iria Castro, destacou que este proxecto supón “unha renovación integral destes espazos abertos do Museo”, unha actuación que permitirá realzar tanto o valor arquitectónico do edificio como o interese das súas coleccións, ademais de consolidar o museo como un espazo cultural e de encontro para a cidadanía.

Castro lembrou que esta actuación forma parte do plan de mellora continua impulsado pola Vicepresidencia da Deputación no Museo Provincial de Lugo, no marco do cal xa se executaron outras intervencións como a renovación da museografía das pandas e da sala capitular do claustro, a actualización da sección de Numismática e Medallística para exhibir de forma permanente o sesterco da caetra ou a rehabilitación da cuberta da antiga cociña.

A veciñanza coñece os avances para eliminar o tapón de Dona Urraca

O Goberno local mantivo unha reunión coa veciñanza do Castiñeiro para informar do estado de dúas das actuacións urbanísticas máis demandadas da zona: a eliminación do coñecido tapón urbanístico de Dona Urraca e a prolongación da rúa Evaristo Correa Calderón, dous proxectos chamados a mellorar a conexión entre distintas áreas do barrio e a facilitar a mobilidade tanto de vehículos como de peóns. No caso de Dona Urraca, o Concello continúa coa tramitación da demolición da vivenda deshabitada situada na confluencia desta rúa con Mazaira e López Guntín. O inmovible supón actualmente un estreitamento da calzada que dificulta a circulación e o tránsito peonil. Unha vez formalizada a adxudicación, os traballos de derrubo deberán comezar de maneira inmediata, aínda que a actuación requirirá un tratamento específico debido á presenza de fibrocemento na cuberta do edificio. En paralelo, o Executivo municipal

pal avanza na prolongación da rúa Evaristo Correa Calderón, unha actuación que permitirá abrir un novo vial entre esta rúa, Amizade e Escultor Asorey. O proxecto afectará a un total de 15 parcelas e permitirá crear unha nova conexión viaria, mellorar a accesibilidade da contorna e favorecer o desenvolvemento urbanístico dunha zona que leva anos pendente desta transformación.

Durante o encontro, o Goberno local lembrou que a prolongación de Evaristo Correa Calderón constitúe unha reivindicación histórica da veciñanza. De feito, no ano 2022 un grupo de residentes impulsou unha recollida de sinaturas para reclamar a execución dunha actuación que permanecía paralizada desde había anos.

Segundo destacou o Concello, ambas intervencións contribuirán a resolver problemas históricos de mobilidade no barrio, ao tempo que permitirán recuperar espazos urbanos e mellorar a conexión entre distintas zonas do Castiñeiro.

Acusan ao Goberno local de poñer en risco o Plan Novo Norte

A Plataforma pola Defensa da Zona Norte, integrada por asociacións veciñais, culturais e comerciais de barrios como Sagrado Corazón, Paradai, Garabolos, A Piringalla ou A Milagrosa, manifestou o seu rexeitamento á posibilidade de que o Goberno local paralice o desenvolvemento do Plan Novo Norte.

A plataforma cualifica esta decisión de “desafortunada” e lembra que o proxecto foi elaborado e consensuado co tecido asociativo durante o anterior mandato municipal, encabezado pola alcaldesa Paula Alvarellos, ademais de contar con financiamento procedente de fondos europeos.

Segundo o colectivo, o Plan Novo Norte afecta ao conxunto da zona norte, especialmente ao barrio da Milagrosa, e a súa paralización suporía renunciar á modernización da Avenida da Coruña, transformándoa nun bulevar cun modelo de mobilidade máis centrado nos peóns, no comercio de proximidade e na humanización do espazo urbano.

A plataforma critica que o actual Goberno municipal faga referencia ás decisións dun suposto “comité de dirección” do proxecto e esixe coñecer quen forma parte dese órgano e os motivos polos que se estaría re-

considerando o plan. Ao seu xuízo, a veciñanza ten dereito a coñecer as razóns dunha decisión que podería comprometer fondos europeos e frear o desenvolvemento da zona.

Tamén afirman que o Plan Novo Norte naceu do consenso entre administración, persoal técnico e entidades sociais, polo que consideran

que modificar o proxecto sen participación, información nin transparencia supón actuar de maneira unilateral.

Ademais, a plataforma sostén que a paralización do plan sería “un castigo, unha represalia e unha vinganza” contra o barrio da Milagrosa e o resto da zona norte”.

OBRAS Y REFORMAS JATO

Albañilería • Pladur • Pintura • Fontanería
Restauracións • Acondicionamentos
Mantenimentos • Colocación Tarima Flotante

obrasyreformasjato@gmail.com
641 082 106

Menús a medida

Salones individuales para un mínimo de 18 comensales

Cumpleaños
Comidas familiares
Comidas de empresa
Reuniones
Aniversarios
Bodas
Comuniones
Bautizos

Torre de Nuñez Hotel

982 30 40 40
676 75 52 78

Brais Vázquez avanza na creación de bioplásticos e combustibles renovables



O investigador lucense Brais Vázquez Vázquez deu un novo paso no ámbito da sustentabilidade coa súa tese de doutoramento na Universidade de Santiago de Compostela (USC), na que analizou distintas alternativas para transformar os aceites de cociña usados en enerxía, combustibles renovables e bioplásticos biodegradables, apostando por un modelo baseado na economía circular.

O traballo, desenvolvido baixo a dirección das profesoras Almuena Hospido Quintana e Ángeles Val del Río, do Departamento de Enxeñaría Química da USC, parte da necesidade de atopar novas solucións para un residuo xerado diariamente en fogares, bares, restaurantes e na industria alimentaria.

Ademais dos problemas ambientais e de saneamento que ocasiona unha xestión inadecuada destes aceites, a investigación destaca o seu potencial como materia prima para fabricar produtos de maior valor engadido.

Co obxectivo de determinar cal é a opción máis sostible para o seu aproveitamento, a tese compara diferentes rutas de valorización, desde a produción de biodiésel ou de enerxía ata a fabricación de bioplásticos biodegradables. Para iso, empregáronse ferramentas de análise ambiental e económica que permitiron avaliar o impacto de cada alternativa ao longo de todo o seu ciclo de vida, considerando aspectos como as emisións, os custos de produción, a xestión dos residuos ou os efectos asociados aos microplásticos.

Entre as principais conclusións, o estudo sinala que non existe

unha única solución válida para todos os casos, xa que cada tecnoloxía presenta vantaxes e limitacións. Con todo, a investigación apunta aos bioplásticos como unha das opcións con maior potencial de futuro, ao favorecer que o carbono permaneza máis tempo en circulación e contribuír á redución do uso de materiais derivados do petróleo. A tese tamén subliña a necesidade de seguir mellorando tanto os procesos de fabricación como a xestión destes materiais ao rematar a súa vida útil para garantir unha maior sustentabilidade.

A investigación desenvolveuse no Centro de Investigación Interdisciplinaria en Tecnoloxías Ambientais (CRETUS), pertencente á Rede CIGUS e cofinanciado con fondos europeos, dentro do programa de Doutoramento en Enxeñaría Química e Ambiental da USC e do grupo de Biotecnoloxía Ambiental.

O carácter colaborativo do proxecto permitiu establecer relacións con centros de investigación internacionais como a Chalmers University of Technology, en Gotemburgo (Suecia), e o CESAM da Universidade de Aveiro (Portugal), ademais de colaboracións co Instituto da Auga da Universidade de Granada e co CIQUS da propia USC.

Os resultados do traballo foron publicados en revistas científicas internacionais de alto impacto especializadas en sustentabilidade e economía circular, ademais de seren presentados e premiados en congresos celebrados en cidades como Girona, Gotemburgo e Estocolmo. A tese obtivo a mención internacional e a cualificación de Sobresaliente Cum Laude.

Lugo perde ser a sede da Axencia Estatal de Saúde Pública

O Concello de Lugo expresou o seu “profundo pesar” tras coñecerse a decisión do Goberno de España de designar Zaragoza como sede da futura Axencia Estatal de Saúde Pública, deixando fóra a candidatura lucense. O executivo municipal considera que a resolución supón “un novo desprezo” para a cidade e sostén que o proceso estivo condicionado por criterios políticos e non exclusivamente técnicos. Desde o Concello defenden que Lugo presentaba unha candidatura “rigurosa e solvente”, avalada por activos como o Laboratorio de Saúde Pública de Galicia, o potencial investigador do Campus Terra da Universidade de Santiago de Compostela e a Facultade de Veterinaria, así como por unha localización que, segundo destacan, respondía aos principios de cohesión territorial e equilibrio institucional defendidos polo propio Executivo central.

O Goberno local considera especialmente preocupante que a cidade perda outra oportunidade estratéxica pese a presentar unha proposta con “méritos obxectivos” e entende que esta decisión evidencia “a incapacidade do PSOE lucense para facer valer os intereses de Lugo ante o Goberno de Pedro Sánchez”.

O Concello insiste en que non reclamaba un trato de favor, senón que se avaliasen con rigor as fortalezas dunha candidatura construída desde o consenso institucional e baseada en capacidades científicas, universitarias e sanitarias.

Pola súa banda, o portavoz do Gru-



po Municipal Socialista, Miguel Fernández, manifestou que a elección de Zaragoza é unha decisión “que hai que respectar”, aínda que recoñeceu que foi recibida “con pesar”, xa que Lugo presentaba unha candidatura sólida e con argumentos de peso para albergar a sede da Axencia Estatal de Saúde Pública.

Fernández destacou que a cidade dispoñía dunha proposta seria, con espazos adecuados e cun ecosistema universitario, sanitario e investigador plenamente acorde coa natureza da futura institución. Desde o PSOE lembran que Lugo presentou unha candidatura que consideran sólida e competitiva, elaborada coa convicción de que a cidade reunía condicións suficientes para optar a esta institución estatal.

Ao mesmo tempo, pediu facer unha valoración “desde a serenidade e sen caer en localismos”, lembrando que Lugo competía con cidades de primeiro nivel e que chegar á fase final xa demostra a fortaleza da can-

didatura.

O portavoz socialista tamén puxo en valor o consenso acadado arredor da candidatura, construída sobre os recursos propios da cidade e baseada no modelo One Health, que integra a saúde humana, animal e ambiental. Neste sentido, considerou necesario coñecer con detalle os criterios empregados para seleccionar a sede definitiva e reclamou que as administracións expliquen os elementos que decantaron a decisión.

Finalmente, Miguel Fernández apelou a que Lugo non quede instalada na sensación de oportunidade perdida e avogou por aproveitar o traballo realizado para optar a futuros proxectos de carácter estatal vinculados á investigación, á saúde pública e ao ámbito científico.

Ao seu xuízo, a cidade conta con universidade, talento, capacidade investigadora e un tecido sanitario que lle permiten seguir aspirando a iniciativas deste nivel.

En marcha un ciclo de paseos guiados por rutas naturais ata novembro

O Concello de Lugo porá en marcha o vindeiro 8 de agosto o programa “Lugo: Sendas para a desconexión”, unha iniciativa que ofrecerá paseos guiados gratuítos por algunhas das rutas naturais máis representativas do municipio e que se desenvolverá ata finais do mes de novembro.

A proposta conta coa colaboración de Guido Guía, responsable da investigación, documentación e identificación da rede de rutas naturais de Lugo, quen acompañará ás persoas participantes para dar a coñecer os valores naturais, culturais e patrimoniais dos distintos percorridos.

Esta iniciativa enmárcase no

proxecto das Rutas Naturais do Concello de Lugo, unha rede que naceu con 21 itinerarios e que recentemente foi ampliada ata alcanzar un total de 23. A sinalización das primeiras oito sendas supuxo, ademais, un paso importante na consolidación e oficialización desta oferta, facilitando que veciñanza e visitantes poidan percorrelas tanto de forma guiada como autónoma.

O obxectivo do programa é divulgar e poñer en valor o patrimonio natural, histórico, etnográfico e paisaxístico do municipio. Ao longo dos itinerarios, as persoas participantes poderán descubrir a orixe dos camiños, coñecer a

biodiversidade existente nas distintas zonas e achegarse a elementos patrimoniais que adoitan pasar desapercibidos no día a día.

As rutas seleccionadas para este primeiro ciclo percorren algúns dos espazos máis emblemáticos de Lugo e combinan natureza, historia, patrimonio e paisaxe, ofrecendo unha forma diferente de coñecer o territorio e desfrutar do medio natural con calma.

A participación será gratuíta e non será necesario realizar inscrición previa. As persoas interesadas só terán que acudir ao punto de encontro establecido para cada percorrido á hora indicada.

CICLO CULTURAL

AS MAÑÁS EN NUGALLÁS

TODOS OS SÁBADOS DE XULLO E AGOSTO
NO PARQUE CENTRAL DE GALICIA



+INFO



XULLO 26

SÁBADO 4

10:00H Obradoiro MUNDO PAXARO.
12:30H Actuación de BRAIS DAS HORTAS
con "Consertasso na Horta".

SÁBADO 11

10:00H Obradoiro BOMBAS DE VIDA.
12:30H Actuación de ISEO A MOURA
con "Se as árbores falasen".

SÁBADO 18

10:00H Obradoiro XOGANDO MIUDIÑO.
12:30H Actuación de HENRIKO con "#TodoTrucazos".

SÁBADO 25

10:00H Obradoiro LABORATORIO VERDE ULLOA.
12:30H Actuación de A COVA DAS LETRAS con
"Cháfallas, a vendedora de fume".

AGOSTO 26

SÁBADO 1

10:00H Obradoiro XOGUETES SONOROS.
12:30H Actuación de ASSIRCÓPATAS con
"Rogelio, un pallaso en recuperación".

SÁBADO 8

10:00H Obradoiro EI, CARBALLEIRA!
12:30H Actuación de MARTA ORTIZ con "Coser e contar".

SÁBADO 15

10:00H Obradoiro INICIACIÓN AO COIRO.
12:30H Actuación de FRAN REI con "Hamelin".

SÁBADO 22

10:00H Obradoiro BECHOCONSTRUCCIÓN.
12:30H Actuación de DANI GARCÍA con
"Don Gelati".

SÁBADO 29

10:00H Obradoiro de RASTRO DE PEGADAS DE MAMÍFEROS.
12:30H Actuación de NATALIA OUTEIRO "PAJARITO" con
"A vida tola".

*Cada sábado estará presente "A Barraca" (Servizo de restauración).

Obradoiros con inscrición previa no correo: cicloculturalnugallas@gmail.com ou no teléfono 680470278

IDEA ORIXINAL E XESTIÓN



As mañás
en Nugallás



DEPUTACIÓN
DE LUGO



PARQUE CENTRAL DE GALICIA
CENTRO XEOGRÁFICO

Óscar Rodríguez clasifícase para a final do Mundial de Oratoria



O orador lucense Óscar Rodríguez de Vivero, presidente da Asociación Más Debate, conseguiu a súa clasificación para a gran final do Campionato Mundial de Oratoria en español, organizado pola Rede Latinoamericana de Cooperación Universitaria e a Liga Española de Debate. Fíxoo tras finalizar en primeira posición do ranking internacional ao remate da terceira fase da competición.

O campionato comezou con preto de 500 participantes de distintos países e chegou á fase semifinal con 30 aspirantes que competían por unha das catro prazas para a final. A clasificación definitiva estableceuse a partir das valoracións do xurado técnico e do apoio recibido nas votacións populares a través das redes sociais, onde Rodríguez de Vivero contou cun amplo respaldo da cidadanía e, especialmente, da súa cidade natal, Lugo, o que lle permitiu liderar a táboa clasificatoria.

Esta será a segunda final internacio-

nal na traxectoria do orador galego. En 2024 xa disputou a fase final do Mundial de Oratoria celebrado en Bos Aires (Arxentina), onde se proclamou subcampión do mundo. Co seu pase á edición de 2026, Rodríguez de Vivero regresa á elite da oratoria en español e convértese na segunda persoa que logra acceder a dúas finais internacionais na historia deste campionato.

O propio orador agradeceu o apoio recibido durante esta fase da competición. “O apoio recibido por parte da xente, da miña cidade e de todos os que dedicaron un minuto a votar o meu discurso sobre a incerteza foi increíble. Afrontar a final no primeiro posto é unha motivación enorme para o que vén en Colombia”, afirmou.

A gran final do Campionato Mundial de Oratoria disputarase o vindeiro mes de outubro en Cali (Colombia), onde os catro finalistas competirán polo título internacional de 2026.

Inician os trámites para instalar cámaras de videovixilancia

O Concello de Lugo iniciará a tramitación para solicitar a autorización necesaria para instalar cámaras de videovixilancia na contorna dos locais conflictivos da Milagrosa para reforzar a seguridade cidadá e facilitar a prevención e investigación de delitos. A alcaldesa de Lugo, Elena Candia, anunciou que a petición será remitida á Subdelegación do Goberno e destacou que a iniciativa conta co respaldo dos informes da Policía Local, Nacional e a Asesoría Xurídica municipal. Segundo recolle o informe xurídico, os documentos emitidos polos responsables dos corpos policiais constatan un

repunte da actividade delituosa nunha zona concreta da cidade e consideran necesaria e conveniente a instalación de cámaras de videovixilancia como medida preventiva e ferramenta para favorecer a investigación dos feitos delituosos. A Asesoría Xurídica tamén lembra que a actuación está regulada pola Lei Orgánica 4/1997, que permite a utilización de videocámaras polas Forzas e Corpos de Seguridade en lugares públicos para garantir a convivencia cidadá, favorecer o uso pacífico dos espazos públicos e prever delitos e infraccións relacionadas coa seguridade pública.

Asteria Luzardo, decana da Facultade de Ciencias de Lugo

A profesora Asteria Luzardo Álvarez tomou posesión como decana da Facultade de Ciencias do Campus de Lugo para iniciar un novo mandato no que marcará como prioridades o fortalecemento da investigación, a actualización da oferta académica e a captación de talento. A responsable do centro considera que a actual oferta formativa e o convenio de colaboración para impulsar o Campus Terra como campus de especialización abren novas oportunidades para desenvolver proxectos innovadores e responder aos retos científicos e sociais dos vindeiros anos.

Luzardo destacou que a Facultade de Ciencias afronta esta nova etapa cunha base académica consolidada, integrada por tres graos e dous másteres, que comparten unha visión centrada nas biociencias, a tecnoloxía e o ámbito agroalimentario. Ao seu xuízo, esta combinación sitúa ao centro nunha posición privilexiada para continuar medrando tanto no eido docente como investigador. Entre os principais obxectivos para os próximos anos, a decana sinalou a reverificación do Grao en Bioquímica, que alcanza a súa segunda edición, así como a implantación do novo Máster en Biociencias Moleculares. Tamén avanzou a ac-



tualización dos plans de estudos do Grao en Nutrición Humana e Dietética e do Máster en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias, co propósito de adaptar ambas titulacións á evolución da profesión e ás necesidades do alumnado e do mercado laboral. Outro dos retos será a reforma das mencións e da oferta de materias optativas do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais, unha modificación coa que se pretende reforzar a relación entre a formación universitaria e o tecido empresarial, favorecendo unha preparación máis próxima á realidade profesional.

Pola súa parte, a reitora da Univer-

sidade de Santiago de Compostela, Rosa M. Crujeiras, puxo en valor a evolución da Facultade de Ciencias e o seu papel no desenvolvemento do Campus de Lugo. Lembrou que as súas orixes se remontan ao Colexio Universitario creado para achegar os estudos superiores á provincia, unha iniciativa que supuxo o inicio da consolidación do campus lucense como un espazo universitario con identidade propia e un papel estratéxico dentro da USC. A reitora destacou que, ao longo das últimas décadas, a Facultade de Ciencias ampliou a súa oferta formativa e consolidou unha comunidade docente e investigadora de referencia.

O BNG reclama reforzar o Campus Terra e garantir as titulacións en Lugo

As deputadas e deputados do BNG no Parlamento de Galicia Olalla Rodil, Montserrat Valcárcel, Iago Suárez e Daniel Castro mantiveron unha reunión de traballo co equipo do Vicerreitorado do Campus de Lugo da Universidade de Santiago de Compostela, na que tamén participaron responsables das áreas de Investigación, Desenvolvemento e Innovación e de Cultura, para analizar os principais retos de futuro do Campus Terra e do sistema universitario público galego. Durante o encontro abordáronse cuestións relacionadas co fortalecemento do Campus Terra, o impulso á investigación e á transferencia de coñecemento, así como as dificultades de acceso á vivenda que afectan ao alumnado universitario. Olalla Rodil asegurou que para o BNG a defensa e blindaxe do campus lucense é unha prioridade e lembrou que a formación leva anos promovendo iniciativas para reforzar o seu papel. Un dos asuntos centrais foi a reforma do Decreto 222/2011, que regula as ensinanzaas universitarias oficiais e



fixa os criterios mínimos de alumnado para manter as titulacións. Rodil defendeu adaptar esta normativa á realidade demográfica actual e ás particularidades dos campus periféricos, reducindo o mínimo de 45 estudantes esixido para conservar determinadas titulacións.

A deputada puxo especial atención nos estudos vinculados ás enxeñarías técnicas e aos ámbitos agrario e forestal, que definiu como parte esencial da identidade e especialización do Campus Terra. Ademais, a representación nacionalista interesouse polos novos proxectos do campus

e polas perspectivas para seguir consolidando Lugo como referente na investigación ligada ao territorio e aos sectores produtivos.

Outro dos temas tratados foi a crecente dificultade de acceso á vivenda por parte do estudantado. Segundo explicou Rodil, durante a reunión estudáronse posibles medidas que o BNG trasladará ao Parlamento galego para instar á Xunta a facilitar o acceso á formación universitaria en condicións de igualdade. A parlamentaria cualificou o encontro de “moi frutífero” e avanzou que o diálogo terá continuidade.

“Gustaríame pintar muros danados para embelecer Lugo”

Borja Porto, promotor do proxecto artístico Arte Lucus, busca transmitir con obras pintadas de forma libre e coa convicción de embelecer a cidade

Jessica Fernández

Como xorde esa vocación artística?

Cando tiña 12 anos, máis ou menos, empecei a interesarme polo graffiti, que antes eran só as letras. Comezamos todos asinando por aí. Despois fun facendo as miñas letras en muros, pero máis traballadas, ata que hai dous anos quixen probar o figurativo, máis debuxos. Viñamos da asociación de arte urbana Outro Prisma, na que estabamos varios rapaces que nos dedicabamos a facer graffiti para apoiarnos neste camiño. Estabamos Diego AS, Mosca, Rubén Paz, Nesui... e foi unha etapa moi boa, porque había bastante irmandade entre todos, pero disolveuse porque cada un quixemos levar a cabo o noso proxecto persoal individual, xa que cada un tiña unha visión distinta da arte. Así, hai dous anos puxen en marcha Arte Lucus.

Vai na evolución do artista pasar dos graffitis nos que se asina aos grandes murais que o caracterizan, non?

Para min, o graffiti son só letras.

Así comezamos. Pero agora, o que fago nas rúas son murais na parede con pintura acrílica, utilizando o rodete ou a brocha. Non uso demasiado o spray nos meus murais, só para dar algún toque, suavizar as liñas das figuras e darlles o meu to-

“Os motivos que pinto son moi diferentes entre si, depende das miñas emocións, xa que intento que transmitan o que sinto eu, e así facérllelo chegar ao público”

que “sucio”, que forma parte do meu estilo. A miña maneira de proceder tanto coas letras como co figurativo é a mesma. Eu fago o debuxo ben, limpo, cunhas liñas suaves e, ao rematar todo,

collo unha brocha e empezo a ensuciar un pouco. Non chega ao abstracto, pero gústame que queden así, coa parede manchada.

Que tipo de obras ten por Lugo?

Teño arredor de 10 murais pintados en distintos puntos da cidade de Lugo e os motivos que pinto son moi diferentes entre si. Realmente, depende do que sinto, xa que intento que transmitan, porque o que penso fai-me sentir algo a min e quero facérllelo chegar ao público. Por exemplo, pinte a José Mujica no comezo do paseo do río Rato, no Sagrado Corazón, cando estaba a piques de falecer. E ese home é un referente a nivel de valores, por iso decidín facerlle unha homenaxe. Para min, é un luxo poder pintar o que quero, xa que non me financia nin o sector privado nin o público.

Ademais de murais, desenvolve a arte noutras vertentes?

Agora mesmo, deixei de pintar murais, porque estou recentemente operado do ombreiro, pero a miña vea artística non



descansa, así que me puxen a pintar lenzos por primeira vez na miña vida, e gústame bastante. Así, gustaríame organizar, dentro duns meses, unha exposición para que a xente poida ver o meu traballo. Non quero conseguir ningún beneficio económico, senón mostrar un pouco o que fago.

Considera que esta maneira de facer arte contribúe dalgún xeito á sociedade?

A min gustaríame que á xente lle gustase máis o que pode ver polas rúas do que había antes. Hai moitos muros danados polo paso do tempo, a humidade, por pintadas de graffitis meus de hai 20 anos... que non daban boa imaxe á cidade. E segue ha-

bendo moitos que o Concello de Lugo podería ceder para facer cousas chulas e melloralas, embelecendo así a imaxe de Lugo. Deste xeito, teríamos unha cidade bastante máis chula da que temos e evitaríamos feísmos. Gustaríame poder pintar paredes que levan anos sen tocarse.

Ese é o seu plan de futuro?

Si, espero estar de volta pintando murais nun par de meses, así que xa se me volverá ver por aí, porque onde máis me gusta pintar é na rúa, onde a xente o vexe e poida recoñecer o que eu pinto, que é completamente libre. Por iso, teño a posibilidade de facer algo que faga sentir aos demais.

Lugo Monumental nomea socio de honra ao sarriao Abraham Cupeiro

A Asociación Lugo Monumental nomeou como socio de honra ao músico sarriao Abraham Cupeiro nun acto celebrado na Praza do Campo, xunto á emblemática fonte de San Vicente, no corazón do casco histórico da cidade.

O presidente da entidade, Luis Latorre, xunto a membros da directiva, fixo entrega desta distinción ao recoñecido multiinstrumentista, especialista na recuperación, re-

construción e divulgación de instrumentos musicais ancestrais e sons esquecidos, unha traxectoria que o converteu nun referente internacional neste ámbito. Este novo recoñecemento, que se suma ao recentemente concedido Premio Joaquín Díaz 2026 na modalidade de Organoloxía, outro galardón que pon en valor o seu labor de investigación e difusión do patrimonio musical.

Abraham Cupeiro agradeceu a homenaxe recibida e puxo en valor o significado especial que teñen para el este tipo de recoñecementos. “Que unha asociación decida recoñecer o teu traballo é algo que agradecemos de corazón”, afirmou. O músico explicou que nunca orientou a súa carreira á procura de premios, senón a facer o seu traballo da mellor maneira posible. “Eu penso en facer as cousas o



mellor que podo, non nos premios. Para min isto é un agasallo e unha sorpresa, e estou moi agradecido”, sinalou.

Cupeiro concluíu que “o verdadeiro premio é ver que a xente segue indo aos concertos. Ese é o maior premio que pode recibir un músico”.



Tanatorio - Crematorio de mascotas
Servicio 24 horas

644 861.417
P.E. As Gándaras, Rúa H 12-14 Local 2

As Carballeiras reclama ao Concello de Lugo actuacións urxentes

A Asociación Veciñal As Carballeiras trasladou ao Concello de Lugo dúas demandas relacionadas coa xestión e o mantemento de distintos espazos públicos da cidade. Por unha banda, solicita medidas para ordenar a presenza de autocaravanas no aparcadoiro situado detrás do Pavillón Municipal dos Deportes e, por outra, reclama actuacións urxentes de limpeza e conservación en varias rúas e zonas de estacionamento do barrio. No que respecta á área destinada ás autocaravanas, a entidade advirte dun incremento da presenza destes vehículos no estacionamento anexo ao recinto deportivo, unha situación que, segundo sinala, está a provocar unha ocupación intensiva da explanada e a afectar tanto ás prazas próximas como á circulación na contorna. A asociación considera necesario que o Concello adopte medidas que permitan compatibilizar o uso deste espazo por parte das autocaravanas co estacionamento habitual dos usuarios das instalacións deportivas e da veciñanza. Desde As Carballeiras insisten en que a súa petición non busca cuestionar este tipo de turismo, senón garantir unha xestión adecuada que evite situacións de saturación,

mellore a convivencia e contribúa á conservación dun espazo de uso compartido. Por outra banda, a asociación expresou tamén o seu malestar polo estado de mantemento de diferentes zonas situadas nas rúas Rei Don García e Jacinto Calvo, así como no aparcadoiro de Parga Cerezo. Segundo denuncian, a maleza e a vexetación medran sen control e ocupan parte das beirarrúas, muros e valados, chegando nalgúns puntos a dificultar o paso dos peóns e a reducir o espazo destinado ao tránsito. A entidade considera que esta situación evidencia unha falta de mantemento periódico e de supervisión por parte da área municipal de Medio Ambiente. Ademais de reclamar unha actuación inmediata para realizar labores de limpeza, roza e conservación, solicita a implantación dun sistema de revisión regular que evite que o abandono destes espazos se repita no futuro. As Carballeiras subliña que se trata de cuestións que afectan tanto á imaxe da cidade como á accesibilidade, á mobilidade e á calidade de vida da veciñanza, polo que pide ao Concello unha resposta á maior brevidade posible.

O Goberno local abre unha vía de colaboración coas escolas infantís

O Concello de Lugo impulsará a adhesión da cidade á Rede de Cidades Amigas da Infancia, unha iniciativa que promove políticas públicas centradas na protección, a participación e o benestar dos nenos e nenas. Así se acordou a alcaldesa, Elena Candia, e os representantes da Plataforma Galega de Escolas Infantís, David Castro e Pilar Varela Rojo. O encontro permitiu abordar distintas propostas encamiñadas a mellorar a atención educativa na primeira infancia e seguir avanzando nun modelo de cidade centrado nas persoas desde os seus primeiros anos de vida. Ambas partes puxeron de relevo o papel da Facultade de Formación do Profesorado como aliada estratéxica para achegar coñecemento, investigación e innovación educativa ás políticas municipais destinadas á infancia. Neste contexto, valorouse a creación dun marco de colaboración que permita coordinar, reforzar e dar

continuidade ás diferentes iniciativas e programas que xa se desenvolven na cidade. Outro dos compromisos asumidos pola rexedora foi incorporar a visión e a experiencia dos profesionais da educación infantil no deseño das futuras zonas de xogo que impulse o Concello, co obxectivo de que estes espazos respondan tamén a criterios pedagóxicos, de desenvolvemento infantil, accesibilidade e inclusión. Durante a reunión, Elena Candia repasou algunhas das actuacións que o Goberno local está a promover dentro do seu proxecto de cidade centrado nas persoas. Entre elas citou o apoio a entidades como Intelecto e Medrando Xuntas, a creación da futura Unidade de Atención Temperá e Postemperá, o desenvolvemento dun Plan Municipal de Saúde Mental e a colaboración coas entidades que traballan con nenos e nenas con necesidades especiais.

César Fieiras publica un libro sobre o impacto da IA nos medios

O investigador lucense César Fieiras Ceide, integrante do grupo Novos Medios da Universidade de Santiago de Compostela (USC), vén de publicar o libro *IA, innovación y medios. 150 entrevistas para comprender el cambio*, editado por Tirant Humanidades e dispoñible en acceso aberto. A publicación analiza o proceso de transformación que atravesan os medios de comunicación a partir da innovación, a intelixencia artificial (IA) e a experiencia de usuario. Doutor en Comunicación con cualificación *cum laude* pola USC, Fieiras desenvolve a súa actividade docente e investigadora na institución académica. O seu traballo céntrase no estudo das dinámicas de innovación nos medios, na influencia transversal da intelixencia artificial e na crecente relevancia da experiencia de usuario, analizando como a tecnoloxía está a redefinir o papel estratéxico das organizacións informativas, a súa relación coas audiencias e a súa posición na economía da atención. A obra sostén que a innovación converteuse nun factor determinante para garantir a supervivencia e a competitividade dos medios de comunicación. O contido baséase nun amplo traballo de campo realizado entre 2019 e 2025, período no que o autor entrevistou a máis de 150 profesionais de medios de comunicación de máis de 30 países. Esas entrevistas constitúe a base sobre a que se constrúe a análise do libro. A publicación conta cun prólogo do profesor de Xornalismo Charlie Bec-



kett, docente do Departamento de Medios e Comunicación da London School of Economics and Political Science (LSE) e director do proxecto Polis JournalismAI. A través das achegas dos profesionais entrevistados, o volume ofrece unha visión comparada sobre os cambios que están a experimentar as organizacións mediáticas e as decisións estratéxicas que están a adoptar para afrontar o seu futuro. Entre as persoas participantes figuran responsables de dirección editorial, innovación, estratexia, produto, tecnoloxía, análise de datos e redacción. A investigación identifica seis grandes ámbitos de innovación que están a marcar a evolución do sector: a reorganización das redaccións, a transformación dos produtos informativos, a automatización de procesos mediante intelixencia ar-

tificial, o desenvolvemento de plataformas propias, a conexión coas novas audiencias e a exploración de narrativas inmersivas. Ao longo de 16 capítulos, o libro analiza tamén como a intelixencia artificial está a modificar as rutinas profesionais, os modelos de gobernanza, a relación cos públicos e a experiencia de usuario, ao tempo que aborda os retos éticos, regulatorios e editoriais derivados da súa implantación. Segundo sostén o autor, a intelixencia artificial non substituirá o valor diferencial do xornalismo, senón que obrigará a redefinilo. Neste contexto, considera que a credibilidade, o criterio editorial, a supervisión humana e a capacidade para xerar confianza converteranse en elementos estratéxicos para os medios nun escenario cada vez máis automatizado.

ASPNAIS reforzará a atención ás persoas con discapacidade

A Asociación de Pais ou Titores de Persoas con Discapacidade Intelectual de Lugo (ASPNAIS) reforzará o seu programa de intervención psicolóxica grazas a unha achega de 5.000 euros da Deputación de Lugo. O obxectivo desta iniciativa é ofrecer apoio especializado ás persoas con discapacidade intelectual que se enfrontan ao proceso de dó tras a perda dun ser querido. O programa está deseñado para acompañar aos usuarios nunha situación que adoita resultar especialmente complexa, facilitándolles ferramentas que lles permitan comprender e expresar as súas emocións, afrontar a perda e adaptarse á nova realidade de forma progresiva. Para acadar estes obxectivos, os profesionais de ASPNAIS desenvolven sesións tanto individuais como grupais nas que empregan diferentes recursos



terapéuticos, entre eles o debuxo, a escritura ou técnicas de relaxación, adaptando o acompañamento ás necesidades de cada persoa.

HOLI RUN. ASPNAIS organizará o vindeiro 12 de setembro a segunda edición da Holi Run, unha andaina e carreira solidaria que

volverá converter as rúas de Lugo nunha cita marcada pola cor, a música e a participación cidadá. A actividade dará comezo ás 18.30 horas con saída desde as instalacións da entidade. O percorrido discorrerá por diferentes puntos da cidade, para finalizar na explanada de ASPNAIS.

A Comisión de Festas do San Froilán xera un intenso debate

As festas do San Froilán desenvolveranse do 4 ao 12 de outubro, mentres que o recinto feiral abrirá as súas portas o 26 de setembro e permanecerá en funcionamento ata a finalización dos festexos. Así se anunciou na Comisión de Festas do San Froilán, na que o Goberno local trasladou a súa intención de impulsar un modelo máis aberto, participativo e accesible para a principal celebración da cidade.

Un dos primeiros acordos adoptados pola Comisión foi manter os prezos do polbo, os cachelos, o pan e o viño nas casetas.

Durante a reunión tamén se deu conta do estado da planificación da festa. Segundo informou o Servizo de Cultura, xa están en proceso de licitación os contratos relacionados cos escenarios, o son e a iluminación, os medios auxiliares, os servizos de loxística, as carpas, a iluminación ornamental e a maquetación e impresión do programa oficial. Outros expedientes continuarán a súa tramitación nas próximas semanas ou seguen vixentes por tratarse de contratos plurianuais.

Outra das novidades será a recuperación do concurso aberto para escoller o cartel anunciador do San Froilán. O Goberno considera que este sistema permitirá reforzar a transparencia, a igualdade de oportunidades e a participación das persoas creadoras, garantindo que a proposta gañadora sexa seleccionada unicamente pola súa calidade e polos criterios técnicos establecidos polo xurado.

A Comisión abordou ademais diferentes propostas relacionadas coa programación e cos aspectos sociais das festas. Neste sentido, o Executivo municipal expresou a súa vontade de seguir facilitando o acceso ás atraccións do recinto feiral a entidades que traballan con persoas en situación de vul-



nerabilidade, mantendo a colaboración desenvolvida nos últimos anos. O Goberno local tamén destacou que continuará reforzando aqueles elementos que forman parte da identidade do San Froilán, como a música, a animación de rúa, a gastronomía, a cultura popular, os espectáculos e as tradicións que converteron esta celebración nun referente festivo dentro e fóra de Lugo.

VALORACIÓN DO BNG. A concelleira do BNG, Maite Ferreiro, cualificou como “caótica e decepcionante” a primeira reunión da Comisión de Festas do San Froilán. A edil nacionalista anunciou que a súa formación solicitará ao Goberno local a gravación das futuras sesións deste órgano para garantir, segundo indicou, unha maior transparencia e evitar situacións semellantes ás vividas durante o encontro. Ferreiro criticou o desenvolvemento da sesión e denunciou o que definiu como unha actitude “irrespetuosa” por parte da concelleira non adscrita, así como supostos “intentos de manipulación” por parte da Presidencia da comisión. Segundo explicou, a reunión estivo marcada por momentos “desagradables”, con malas formas e insultos. A nacionalista asegurou que o BNG non permitirá que se lle atribúan

expresións que non pronunciou nin que se produzan faltas de respecto cara aos seus representantes. Ademais, lamentou que o Goberno municipal non presentou propostas concretas para o desenvolvemento do San Froilán. Pola súa parte, o BNG trasladou máis de vinte propostas para incorporar ás festas patronais de Lugo. Entre os seus obxectivos figura garantir a presenza de agrupacións musicais lucenses e reforzar unha programación ampla, diversa e gratuíta, que permita o acceso da cidadanía á cultura e que inclúa actividades para todos os públicos.

Entre as iniciativas presentadas, a formación nacionalista aposta por recuperar espazos dedicados a distintos estilos musicais, como o espazo de hip hop, os festivais organizados por Cántigas e Frores e pola Asociación de Gaiteiras Galegas, así como o Electronic Music Fest. Tamén defende a continuidade da Feira Medieval e dun San Froilán Miúdo cunha programación infantil ampla e de calidade.

Ademais, o BNG propón manter actividades xa consolidadas dentro das festas, como a Letra das Festas, os pasarrúas nos barrios ou a Feira de Olería Lugo Tradicional, iniciativas que, segundo destacou Ferreiro, forman parte da identidade e da historia do San Froilán.

Xa se pode visitar a exposición ‘Átona’, da artista Ruth Lodeiro

O Museo Provincial de Lugo acolle ata o vindeiro 16 de setembro a exposición Átona, unha proposta artística da creadora galega Ruth Lodeiro que poderá visitarse na sala de exposicións temporais do centro. A mostra, comisariada por Sara Pérez Bello, forma parte da programación cultural da Rede Museística Provincial de Lugo e ofrece unha aproximación ao universo creativo dunha artista que centra o seu traballo na investigación plástica e escultórica.

A través desta proposta, Lodeiro explora a relación entre a materia, o espazo e a transformación, empregando diferentes materiais e linguaxes escultóricos para crear pezas que invitan á observación pausada e á reflexión sobre os procesos de cambio e a interacción dos corpos co entorno. A exposición sitúase no

ámbito da creación contemporánea e afonda nas posibilidades expresivas da escultura como ferramenta de investigación artística.

As obras presentan formas orgánicas e composicións que dialogan co espazo expositivo, xerando unha experiencia na que o volume, a textura e a presenza física dos materiais adquieren un papel protagonista. A mostra propón así unha lectura aberta, na que cada visitante pode establecer a súa propia relación coas pezas e cos conceptos que estas evocan.

Átona permanecerá aberta ao público durante algo máis dun mes no Museo Provincial de Lugo, un dos principais espazos culturais da provincia, integrado na Rede Museística Provincial e referente na difusión da arte, o patrimonio e a creación contemporánea.

Promoven a Vía König cun novo punto oficial de información ao peregrino en Lugo

O Concello de Lugo puxo en marcha un novo punto oficial de información dedicado á Vía König, unha histórica ruta xacobeá que conecta León con Lugo e que gaña cada vez máis protagonismo entre os peregrinos. A iniciativa forma parte da estratexia de promoción impulsada polo Concello xunto aos municipios lucenses polos que discorre este itinerario.

A inauguración do espazo estivo presidida pola alcaldesa de Lugo, Elena Candia, acompañada polo concelleiro de Turismo e Museos, Agustín Gallego; o alcalde das Nogais, Jesús Núñez; o tenente de alcalde de Becerreá, Manuel Martínez; o alcalde de Baralla, Miguel González; o alcalde do Corgo, Felipe Labrada, e o director técnico do proxecto, Javier Gómez.

A oficina municipal de turismo, situada na Praza do Campo, fun-

cionará como punto de atención e asesoramento para os peregrinos que escollan esta alternativa ao Camiño Francés. Ademais de ofrecer información sobre o itinerario, distribuirá de forma gratuíta diverso material oficial da ruta.

Entre os recursos que poderán recoller os visitantes figuran planos detallados da Vía König ao seu paso por Galicia e pola provincia de León, credenciais para o peregrino, trípticos informativos editados en cinco idiomas e a coñecida “Bolsa Naranja”, un dos elementos identificativos desta ruta xacobeá. Segundo destacaron desde o Concello, o obxectivo desta iniciativa é mellorar a atención aos peregrinos e contribuír á promoción dunha ruta histórica que cada ano espera un maior interese entre os camiñantes.

UNIVERSIDAD Grado en:			PAU (Antigua selectividad) BAC - E.S.O. ACCESO CICLOS		 ALTO PORCENTAJE DE APROBADOS ATENCIÓN PERSONALIZADA GRUPOS REDUCIDOS Preparación específica para subir nota en ABAU
ROBÓTICA Matemáticas I, II y III Estadística Física I y II	ENX. AGRÍCOLA ENX. FORESTAL Matemáticas I, II y III Estadística Física I y II	ENXEÑARÍA CIVIL Matemáticas I, II y III Estadística Física I y II	Matemáticas - Física Química - Lengua - Gallego Inglés - Latín - Griego Historia - Filosofía Biología - Geología Geografía Historia del Arte		
BIOQUÍMICA Matemáticas Física Química general e inorgánica Química - Física I Bioestadística	ENX. PROCESOS QUÍMICOS IND. Matemáticas I y II Física I y II Métodos Estadísticos	PROFESORADO ESPECIALIZADO PARA CADA MATERIA			
C/ Dr. Fleming, 8 - Tel.: 982 81 56 22			jmrivas.es		

Galicia fronte á calor e aos incendios

Xuño bateu récords históricos en Europa occidental, xullo mantivo a sucesión de ondas de calor e os incendios volveron evidenciar que o cambio climático xa condiciona un territorio tradicionalmente asociado a un clima suave

Durante décadas, Galicia viviu coa percepción de ser un refuxio climático dentro da Península Ibérica. Mentres o sur de España soportaba temperaturas superiores aos 40 graos e longos períodos de seca, o noroeste conservaba unha imaxe ligada á humidade, ás precipitacións frecuentes e aos veráns moderados. Porén, esa realidade leva anos cambiando e o verán de 2026 converteuse nun dos exemplos máis claros de que o clima galego tamén está a transformarse.

As ondas de calor deixaron de ser episodios excepcionais para converterse nun fenómeno recorrente, con temperaturas que chegan antes, duran máis días e afectan a territorios onde historicamente apenas se rexistraban valores extremos. Os datos recompilados por organismos como o Servizo de Cambio Climático Copernicus (C3S), a Axencia Estatal de Meteoroloxía (AEMET), MeteoGalicia ou a Organización Meteorolóxica Mundial (OMM) apuntan na mesma dirección: Europa quéntase a un ritmo moi superior á media mundial e a Península Ibérica figura entre as rexións máis vulnerables a este proceso.

graos por riba da media do período 1991-2020. O dato supera incluso os rexistros de xuño de 2025 e do histórico verán de 2003, dous anos que ata agora representaban algúns dos episodios de calor máis intensos vividos no continente europeo.

No conxunto de **Europa**, xuño foi o segundo máis cálido desde que existen rexistros da serie ERA5, mentres que a nivel mundial ocupou tamén os primeiros postos históricos. Para a comunidade científica, estes datos non representan unha simple anomalía meteorolóxica, senón unha mostra máis dunha tendencia de quecemento sostido que se vén acelerando durante as últimas décadas.

En **España**, a situación foi igualmente excepcional. A AEMET cualificou xuño como o segundo máis cálido desde o inicio da serie histórica en 1961, cunha temperatura media peninsular de 23,3 graos, é dicir, 3,2 graos por enriba da media climática. Ademais, foi o terceiro xuño máis seco da serie, cunhas precipitacións que apenas alcanzaron o 39 % do habitual.

A propia AEMET chama a atención sobre un dato especialmente significativo: dos 15 meses de



tenso que obrigaron á activación de avisos por altas temperaturas. A Xunta de Galicia, a través de MeteoGalicia, Protección Civil e a Consellería de Sanidade, mantivo activo o Plan de actuación fronte aos posibles efectos das altas temperaturas sobre a saúde, coordinando avisos preventivos especialmente dirixidos á poboación máis vulnerable: persoas maiores, nenos pequenos, embarazadas e pacientes con enfermidades crónicas.

En paralelo, MeteoGalicia foi emitindo sucesivos avisos amarelos e laranxas en diferentes comarcas, especialmente nas provincias de Ourense e Lugo, onde as masas de aire cálido procedentes do norte de África provocaron valores pouco habituais para estas datas.

As catro capitais galegas rexistraron durante este verán temperaturas moi superiores ás habituais. Ourense volveu situarse como a cidade máis calorosa de Galicia, superando amplamente os 40 graos durante varios episodios, mentres Lugo, Santiago e A Coruña tamén alcanzaron máximas que, hai apenas dúas décadas, resultaban extraordinarias para estas cidades, pero hoxe estes rexistros comezan a repetirse con maior frecuencia.

Se xuño marcou un punto de inflexión, xullo confirmou que as altas temperaturas deixaran de ser un episodio puntual. O interior galego volveu concentrar os rexistros máis elevados da comunidade, con Ourense alcanzando os 42,5 graos, un dos valores

máis altos do ano e moi próximo aos récords históricos da cidade. A persistencia do calor foi outro dos aspectos máis destacados: entre finais de maio e os primeiros días de xullo, a estación de Ourense superou os 30 graos en 33 dos 45 días analizados por MeteoGalicia, unha frecuencia inédita para un período que incluía aínda parte da primavera. O calor tamén se deixou sentir con intensidade noutras zonas do interior. Lugo chegou a rexistrar máximas próximas aos 39 graos, mentres que en Monforte de Lemos, na Ribeira Sacra, os termómetros superaron amplamente os 40 graos durante os episodios máis intensos. No sur da provincia de Ourense, comarcas como Valdeorras, Verín ou O Ribeiro volveron situarse entre os puntos máis calorosos de Galicia, con valores superiores aos 40 graos en varias xornadas.

Mesmo as cidades costeiras, tradicionalmente protexidas pola influencia do Atlántico, experimentaron temperaturas pouco habituais. Vigo rexistrou 39,1 graos, a temperatura máis alta medida no século na cidade e, segundo os datos de MeteoGalicia, un dos maiores rexistros desde que existen observacións instrumentais. Santiago de Compostela, Pontevedra e A Coruña tamén superaron con claridade os 30 graos durante as diferentes ondas de calor, confirmando que o fenómeno afectou practicamente a toda a comunidade, aínda que con distinta intensidade segundo a proximidade ao mar.

OS INCENDIOS

O incremento das temperaturas, unido á escaseza de precipitacións e á baixa humidade ambiental, converte o monte nun combustible extremadamente vulnerable.

Durante o mes de xullo, España viviu unha das crises de incendios máis graves dos últimos anos, con miles de hectáreas queimadas e numerosos desaloños. A situación levou ao Goberno central a declarar a emerxencia de interese nacional polos grandes incendios de Madrid e Ávila, unha medida excepcional que permitiu coordinar recursos estatais ante a magnitude da emerxencia.

Galicia tampouco permaneceu allea. Ao longo do verán rexistráronse numerosos incendios forestais en distintos puntos da comunidade, varios deles na provincia de Lugo, onde as elevadas temperaturas, o vento e a seca favoreceron unha rápida propagación do lume. A Ribeira Sacra, escenario de grandes incendios nos últimos anos, continúa sendo un dos territorios que máis preocupa aos especialistas pola combinación dunha orografía complexa, o abandono do territorio e a elevada carga de combustible vexetal.

Os científicos levan décadas advertindo de que o quecemento global non significa simplemente que “faga máis calor”. O verdadeiro cambio prodúcese na frecuencia, intensidade e duración dos fenómenos meteorolóxicos extremos.



XUÑO 2026: MES HISTÓRICO

O primeiro gran aviso chegou antes mesmo de iniciarse oficialmente o verán. Segundo o Servizo de Cambio Climático de Copernicus, implementado polo Centro Europeo de Previsións Meteorolóxicas a Medio Prazo (ECMWF), **xuño de 2026 foi o mes de xuño máis cálido xamais observado en Europa occidental.**

A temperatura media alcanzou os 20,74 graos, situándose 3,06

xuño máis cálidos rexistrados en España, 13 pertencen ao século XXI. Un indicador que evidencia que o incremento das temperaturas xa non responde a episodios illados, senón a unha tendencia consolidada.

A comunidade galega tampouco escapou desta situación. Aínda que as temperaturas extremas adoitan asociarse ás zonas interiores da Península, durante xuño e xullo boa parte de **Galicia** encadeou varios episodios de calor in-



E iso é precisamente o que comeza a observarse en Galicia.

As temperaturas medias aumentan de forma progresiva, as ondas de calor son máis frecuentes, as precipitacións concéntranse en episodios cada vez máis intensos e os períodos secos prolongáanse durante máis tempo. Ao mesmo tempo, o mar tamén experimenta un incremento da súa temperatura superficial, un factor que modifica a dinámica atmosférica e afecta aos ecosistemas mariños. Segundo o Sexto Informe de Avaliación do Panel Intergubernamental sobre Cambio Climático (IPCC), Europa é o continente que máis rapidamente está aumentando a súa temperatura media, duplicando practicamente o ritmo global desde a década de 1980. A rexión mediterránea, na que se inclúe a Península Ibérica, aparece identificada como un dos puntos máis vulnerables do planeta debido á combinación de temperaturas extremas, diminución dos recursos hídricos e incremento do risco de incendios forestais.

No caso galego, organismos como Meteogalicia e a AEMET constatan que as temperaturas máximas e mínimas presentan unha tendencia ascendente, especialmente durante as últimas décadas. Tamén aumentan as denominadas noites tropicais —aquelas nas que o termómetro non baixa dos 20 graos—, un fenómeno que antes era excepcional en boa parte da comunidade e que agora comeza a ser habitual, especialmente nas zonas costeiras e durante os episodios de calor máis intenso.

CAMBIO CLIMÁTICO

Unha das cuestións máis debatidas arredor do cambio climático é ata que punto a actividade humana é responsable do aumento das temperaturas. Neste aspecto, a comunidade cien-

As autoridades sanitarias insisten en que unha parte importante dos problemas de saúde asociados ás ondas de calor pódense previr adoptando medidas sinxelas no día a día.

Entre as principais recomendacións do Ministerio de Sanidade, a Xunta de Galicia e a Organización Mundial da Saúde destacan:

- Beber auga con frecuencia, aínda que non se teña sensación de sede, para evitar a deshidratación.
- Evitar a exposición directa ao sol entre as 12.00 e as 18.00 horas, cando a radiación e as temperaturas adoitan ser máis elevadas.
- Permanecer en lugares frescos, á sombra ou climatizados sempre que sexa posible e ventilar a vivenda durante a noite ou nas primeiras horas da mañá.

tífica mantén un consenso practicamente unánime.

O IPCC conclúe que é inequívoco que a influencia humana quentou a atmosfera, os océanos e a superficie terrestre desde mediados do século XIX. Esa afirmación baséase en miles de estudos científicos revisados por expertos de todo o mundo e constitúe a maior avaliación internacional realizada ata o momento sobre o estado do clima.

As conclusións coinciden coas publicadas pola NASA, a Administración Nacional Oceánica e Atmosférica dos Estados Unidos (NOAA), a Organización Meteorolóxica Mundial (OMM), Copernicus e a propia AEMET.

O principal responsable deste proceso é o incremento da concen-

- Utilizar roupa lixeira, ampla e de cores claras, así como gorra, sombreiro e lentes de sol cando se permaneza no exterior.
- Aplicar protector solar cun factor de protección adecuado e renovalo periodicamente, especialmente tras o baño ou a sudoración.
- Reducir a actividade física intensa nas horas centrais do día e programar o exercicio para primeira hora da mañá ou ao solpor.
- Evitar comidas copiosas e optar por alimentos frescos e ricos en auga, como froitas, verduras e ensaladas.
- Limitar o consumo de alcohol e bebidas con exceso de cafeína ou azucre, xa que poden favorecer a perda de líquidos.
- Prestar especial atención ás persoas máis vulnerables, como maiores, bebés, nenos, embarazadas e persoas con

tración de gases de efecto invernadoiro, especialmente dióxido de carbono (CO₂), metano (CH₄) e óxido nítrico (N₂O), emitidos maioritariamente pola queima de combustibles fósiles, a industria, o transporte, determinadas actividades agrícolas e a deforestación. O efecto invernadoiro é un proceso natural imprescindible para manter unha temperatura compatible coa vida. O problema xorde cando a concentración destes gases aumenta ata niveis sen precedentes en centos de miles de anos, atrapando unha maior cantidade de calor na atmosfera. Os rexistros paleoclimáticos e as medicións actuais amosan que a concentración de CO₂ supera xa as 420 partes por millón, un valor descoñecido na historia recente da humanidade.

CONSELLOS PARA PROTEXERSE DAS ALTAS TEMPERATURAS

enfermidades crónicas ou que viven soas.

- Nunca deixar menores, persoas dependentes nin animais no interior dun vehículo estacionado, nin sequera durante uns minutos, xa que a temperatura no habitáculo pode aumentar rapidamente ata niveis letais.
- Coñecer os síntomas dun golpe de calor, como mareos, dor de cabeza intensa, confusión, pel moi quente e seca, náuseas ou perda de coñecemento. Ante estes sinais débese chamar ao 112 e trasladar a persoa a un lugar fresco mentres chega a asistencia sanitaria.
- Consultar os avisos meteorolóxicos de AEMET e Meteogalicia e seguir as recomendacións emitidas por Protección Civil e as autoridades sanitarias cando se activen alertas por altas temperaturas.

O ECOLOXISMO GALEGO

As organizacións ecoloxistas levan anos advertindo de que Galicia afronta unha transformación profunda do seu territorio se non se reducen as emisións e non se adapta a xestión do medio natural. ADEGA insiste na necesidade de apostar por unha política forestal baseada na diversidade de especies, na recuperación do mosaico agroforestal e na revitalización do rural como ferramentas fundamentais para reducir o risco de grandes incendios. A entidade leva tempo reclamando unha planificación que priorice a prevención fronte á extinción e que limite a expansión de masas forestais continuas dominadas por especies pirófitas.

Noutra liña, Ecoloxistas en Acción Galicia considera que os episodios de calor extremo e os incendios forestais deixaron de ser situacións excepcionais para converterse nunha nova realidade climática. A organización reclama acelerar a transición enerxética, reducir a dependencia dos combustibles fósiles, protexer os ecosistemas e reforzar as políticas públicas de adaptación. Ambas as entidades coinciden en que a loita contra o cambio climático non depende unicamente das decisións individuais, senón tamén de medidas estruturais relacionadas coa mobilidade, a produción de enerxía, o urbanismo, a ordenación do territorio e a conservación da biodiversidade.

UN RETO PARA A SAÚDE

Segundo o Ministerio de Sanidade e a Organización Mundial da Saúde, as ondas de calor incrementan a mortalidade e as hospitalizacións, especialmente entre persoas maiores, pacientes con enfermidades cardiovasculares ou respiratorias, nenos pequenos e colectivos vulnerables.

Os especialistas lembran tamén que a calor extrema pode afectar á saúde mental, reducir a capacidade de concentración e incrementar o risco de accidentes laborais, polo que insisten na necesidade de adaptar horarios e condicións de traballo durante os episodios máis intensos.

Os datos do sistema de Monitorización da Mortalidade Diaria (MoMo) do Instituto de Saúde Carlos III, indican que en Galicia 88 persoas faleceron durante o mes de xuño por causas relacionadas coas altas temperaturas, mentres que nos catro primeiros días de xullo contabilizáronse outras seis mortes atribuíbles ao calor. En España, 937 falecementos atribuíbles ás altas temperaturas.

AO NOSO CARÓN

Comezan as obras do último tramo da autovía Lugo-Sarria

A Xunta de Galicia iniciou as obras do último tramo necesario para completar a autovía entre Lugo e Sarria, unha actuación que supón un investimento de 37,7 millóns de euros. A actuación contempla o desdoblamento do actual corredor entre a rotonda de Nadelá e a ligazón coa Pobra de San Xiao, no Corgo, onde conecta co tramo que entrou en servizo no ano 2022. En total, actuarase sobre 13,5 quilómetros que pasarán a formar parte da futura autovía AG-22, unha infraestrutura libre de peaxe.

A obra inclúe actuacións singulares como a construción de dous viadutos sobre os ríos Chamoso e Neira. O primeiro terá unha lonxitude de 259 metros e o segundo alcanzará os 160 metros.

O proxecto tamén inclúe a execución dos enlaces do Corgo e Maceda, un cruzamento baixo a A-54 e a ampliación de 13 pasos superiores e sete inferiores.

O prazo de execución previsto é de 36 meses. Os traballos xa comezaron coas primeiras actuacións de sinalización e roza na contorna onde se levantará o futuro viaduto sobre o río Chamoso, que discurrirá paralelo ao actual.

Segundo as estimacións da Xunta, a nova infraestrutura rexistrará un tráfico duns 8.000 vehículos diarios e beneficiará a preto de 100.000 habitantes dos concellos de Lugo, O Corgo e O Páramo, ademais de transportistas e visitantes que utilizan habitualmente esta conexión.

A Deputación impulsará 52 proxectos das Reservas da Biosfera

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou a listaxe provisional das entidades sen ánimo de lucro beneficiarias da primeira liña de axudas de concorrencia competitiva destinada ao desenvolvemento de proxectos medioambientais nas Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses. En total, a institución provincial repartirá 190.000 euros para financiar 52 iniciativas que contribuirán á posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios. A voceira socialista do Goberno provincial, Pilar García Porto, explicou que as entidades seleccionadas recibirán subvencións de entre 1.000 e 7.000 euros para executar os seus proxectos. Nesta convocatoria concedéronse 34 axudas para actuacións na Reserva da Biosfera Terras do Miño e outras 18 para ini-



ciativas nos Ancares Lucenses. Entre os proxectos apoiados figuran concertos na natureza, obradoiros de baile tradicional, rutas guiadas, actividades formativas e obradoiros de cantería, entre outras propostas orientadas á divulgación dos valores ambientais e culturais destes espazos, así como á súa dinamización social.

García Porto destacou o crecente interese que esperta esta convocatoria entre o tecido asociativo da provincia. Como exemplo, sinalou que o número de proxectos subvencionados aumentou respecto á edición anterior, ao pasar de 31 a 34 iniciativas en Terras do Miño e de 16 a 18 nos Ancares Lucenses.

A Lei de Educación Dixital de Galicia: unha oportunidade que non debe converterse nunha nova carga burocrática

O PUPITRE



Julio Díaz

A educación galega enfrontase a un dos cambios máis profundos das últimas décadas. A transformación dixital xa non é unha realidade de futuro, senón unha presenza constante nas aulas, nos fogares e na vida cotiá do alumnado. Neste contexto, a futura Lei de Educación Dixital de Galicia pretende configurar un marco normativo que regule o uso das tecnoloxías, da intelixencia artificial e dos recursos dixitais no sistema educativo. A intención é positiva e, en moitos aspectos, necesaria. Con todo, tamén xorden interrogantes sobre o impacto real que terá nos centros educativos e sobre o risco de incrementar aínda máis a carga burocrática que soportan docentes e equipos directivos.

Un dos aspectos máis destacables

da norma é que recoñece unha realidade que xa está presente nas aulas: a intelixencia artificial. Mentres outros sistemas educativos continúan debatendo como afrontar esta revolución tecnolóxica, Galicia aposta por establecer regras claras para o seu uso. É razoable que se promova a utilización destas ferramentas como apoio nos procesos de aprendizaxe, á atención á diversidade ou á elaboración de recursos educativos. Tamén parece acertado que a lei deixe claro que as decisións pedagóxicas e avaliativas deben seguir dependendo do criterio profesional do profesorado e non dun algoritmo.

A protección da privacidade constitúe outro dos elementos que merecen unha valoración positiva. Nos últimos anos fixéronse cada vez máis frecuentes as situacións nas que clases, explicacións ou mesmo exames acabaron gravados e difundidos sen consentimento a través das redes sociais. A prohibición destas prácticas contribúe a garantir a protección da imaxe e da intimidade tanto do profesorado como do alumnado,

reforzando un principio básico de convivencia e respecto no ámbito educativo.

Tamén resulta interesante a aposta pola formación dixital do profesorado. A escola do século XXI necesita docentes preparados para utilizar as novas tecnoloxías de forma crítica, responsable e eficaz. A capacitación continua xa non pode considerarse un complemento, senón unha necesidade profesional. Agora ben, esta formación debe ir acompañada de tempo, recursos e recoñecemento real. Non pode converterse nunha nova obriga que se engada ás moitas tarefas que xa forman parte do día a día dos docentes.

Especial relevancia ten igualmente a incorporación do dereito á desconexión dixital. Nun momento no que a tecnoloxía parece ocupar todos os espazos da nosa vida, é positivo que a lei recoñeza a necesidade de establecer límites. O alumnado ten dereito a desconectar das pantallas, do mesmo xeito que o profesorado debe poder exercer a súa actividade sen verse sometido a unha dispoñibilidade permanente fóra do horario laboral.

Porén, xunto a estes aspectos positivos, xurde unha preocupación que non debería pasar desapercibida. A lectura do anteproxecto permite entrever a creación de novos protocolos, rexistros, plans, procedementos de seguimento, mecanismos de avaliación e obrigas documentais relacionadas coa gobernanza dixital, a protección de datos, a supervisión da intelixencia artificial ou a seguridade tecnolóxica. Todo iso pode parecer razoable desde unha perspectiva normativa, pero a realidade dos centros educativos é ben distinta. Os equipos directivos e o profesorado veñen advertindo desde hai anos dun problema que non deixa de medrar: a burocracia está ocupando un espazo excesivo no traballo educativo. Cada nova norma adoita chegar acompañada de máis documentos, máis informes, máis evidencias e máis tarefas administrativas. O risco é evidente: que os centros teñan que dedicar máis tempo a cubrir formularios e elaborar protocolos que a desenvolver proxectos educativos e atender as necesidades do alumnado.

A transformación dixital é imprescindible e require unha regulación clara. Pero se realmente queremos que esta lei sexa unha ferramenta útil, debe ir acompañada dunha simplificación administrativa real, dun reforzo dos recursos humanos e dun apoio técnico suficiente. Non se pode seguir trasladando aos centros a responsabilidade de asumir cada nova iniciativa sen proporcionar os medios necesarios para desenvolvela.

A futura Lei de Educación Dixital de Galicia pode representar un paso adiante na modernización do sistema educativo galego. A regulación da intelixencia artificial, a protección da privacidade, a formación docente e a defensa da desconexión dixital son obxectivos compartidos por boa parte da comunidade educativa. Agora ben, o seu éxito dependerá de que a Administración sexa capaz de evitar que unha boa idea remate converténdose nunha nova fonte de burocracia. Porque innovar na educación non consiste en producir máis papeis, senón en crear mellores condicións para ensinar e aprender.

As administracións buscan solucións ao aumento de xabarís

Representantes do Concello de Lugo, da Deputación Provincial e da Xunta de Galicia mantiveron unha reunión para abordar o incremento da presenza de xabarís no municipio, especialmente nas proximidades de zonas habitadas e no casco urbano. As tres administracións coincidiron na necesidade de reforzar a coordinación institucional para adoptar medidas que permitan reducir a presenza destes animais e minimizar os riscos que xeran para a cidadanía.

Durante o encontro púxose de manifesto que a proliferación de xabarís en zonas urbanas e periurbanas constitúe un problema crecente de seguridade e salubridade, ao poder provocar accidentes de tráfico, danos en propiedades, infraestruturas e cultivos, ademais de situacións de perigo para os veciños.

As administracións coincidiron en que unha das principais vías para afastar estes animais dos núcleos poboados pasa por evitar que atopen alimento e refuxio nas proximidades das vivendas. Neste sentido, destacaron a importancia de manter en boas condicións de limpeza e conservación tanto as parcelas públicas como as privadas.

O Concello lembrou a vixencia do



bando municipal sobre limpeza, mantemento e xestión da biomasa, que obriga ás persoas propietarias a conservar os seus terreos en condicións adecuadas de seguridade, salubridade e ornato. O documento establece a realización de tarefas de limpeza, roza e retirada de vexetación para evitar acumulacións de biomasa que poidan favorecer a presenza de fauna salvaxe preto das zonas habitadas.

Pola súa banda, a Deputación de Lugo ofreceu asistencia técnica e ambiental, apoio en materia de información territorial e cartográfica, coordinación cos concellos da contorna e colaboración nas actuacións que afecten ás infraestruturas da súa

titularidade. Ademais, lembrou o reforzo do Plan Provincial de Roza, que permitiu intensificar os labores de mantemento da vexetación na rede viaria provincial.

A Xunta de Galicia trasladou a súa disposición para colaborar e ofreceu ao Concello a posibilidade de formalizar un convenio para instalar medidas preventivas destinadas a reducir a entrada e presenza de xabarís en puntos concretos do municipio.

As tres administracións comprometéronse a manter aberta esta vía de colaboración, identificar as zonas máis afectadas e estudar novas medidas conxuntas de prevención, limpeza e mantemento.

A renovación da LU-115 mellorará a conexión entre Outeiro e Castro

Os traballos para renovar por completo o firme da estrada LU-115, que une Outeiro de Rei con Castro Ribeiras de Lea, xa están en marcha. A actuación, impulsada pola Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, contará cun investimento de 1.466.500 euros e permitirá mellorar os 11 quilómetros desta vía autonómica.

O delegado territorial da Xunta en Lugo, Alfonso Villares, visitou o inicio das obras, que comezaron polos puntos que presentan un maior deterioro estrutural. Nesta primeira fase executarase o fresado do pavimento e a reposición do firme con mestura asfáltica en quente. Posteriormente estenderase unha nova capa de rodadura de altas prestacións ao longo de todo o trazado.

A intervención forma parte dun contrato máis amplo, valorado en 2,4 millóns de euros, que inclúe tamén actuacións de mellora nas estradas LU-021 e LU-541, beneficiando ademais aos concellos de



Lugo, Vilalba e Begonte. O prazo previsto para completar estes traballos é de seis meses.

A Consellería tamén ten en marcha outro contrato de conservación viaria por importe de 3,3 millóns de euros para renovar o firme das estradas LU-633, LU-546 e LU-621, actuacións que chegarán a municipios como O Corgo, Portomarín, Pedrafita do Cebreiro, Baralla, Lánchara, Paradelas, O Páramo, Sarria, Triacastela e Mon-

forte de Lemos.

Durante a visita, Villares destacou o esforzo que está a realizar a Xunta para manter en boas condicións a rede autonómica de estradas, mellorando tanto a seguridade viaria como a comodidade dos usuarios. Segundo sinalou, este ano a Administración autonómica alcanzará un novo récord de investimento en conservación viaria, cun orzamento de 71,6 millóns de euros.

As XIX Xornadas do Peregrino celebraranse no mes de decembro

As XIX Xornadas do Peregrino "Abrindo Camiño" regresarán os días 5 e 6 de decembro de 2026 cunha nova edición dedicada á divulgación e posta en valor do Camiño de Santiago. O encontro, consolidado como unha cita de referencia para investigadores, asociacións e peregrinos, centrará nesta ocasión a súa atención nos Camiños de Santiago do Norte ao seu paso polas cidades de Lugo e Mondoñedo.

O congreso, enmarcado dentro da programación do Xacobeo 2027, ofrecerá un espazo de reflexión e intercambio de coñecementos arredor do patrimonio histórico, cultural e espiritual vinculado ás rutas xacobeas. Ao longo de dúas xornadas desenvolveranse diferentes activi-

dades destinadas a afondar na importancia destes itinerarios e na súa conservación e promoción.

Baixo o lema "Abrindo Camiño", o evento reunirá especialistas, representantes de entidades vinculadas ao Camiño e persoas interesadas no fenómeno da peregrinación, favorecendo o intercambio de experiencias e a análise dos retos de futuro das rutas xacobeas.

As xornadas están promovidas coa colaboración de diversas institucións e entidades vinculadas á cultura e ao Camiño de Santiago, reforzando o seu compromiso coa difusión dun dos principais símbolos patrimoniais de Galicia e coa preparación da comunidade para a celebración do próximo Ano Santo.

Rosa María Rivas asume a dirección da Unidade de Violencia contra a Muller



A subdelegada do Goberno en Lugo, Olimpia López, deu a benvida a Rosa María Rivas como nova xefa da Unidade de Violencia contra a Muller da Subdelegación do Goberno, tras a publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial do Estado (BOE).

Olimpia López destacou a relevancia deste servizo, encargado de coordinar a loita contra a violencia de xénero na provincia, e subliñou a responsabilidade que asume a nova responsable á fronte dun ámbito prioritario. Neste sentido, sinalou que traballará en coordinación coas forzas e corpos de seguridade do Estado, a Administración de Xustiza e o resto das administracións públicas para garantir a protección das vítimas da violencia machista.

A subdelegada puxo en valor a traxectoria profesional de Rosa María Rivas, destacando a súa

formación en materia de igualdade, o seu coñecemento da provincia e a experiencia acumulada na Administración Xeral do Estado. Natural de Lugo, Rosa María Rivas traballa na Subdelegación do Goberno desde o ano 2012. Funcionaria da Administración do Estado desde 2006, nos últimos anos desempeñou o cargo de xefa da Sección de Estranxeiría. Agora substitúe nesta responsabilidade a María Luisa Castro.

A nova responsable da Unidade de Violencia contra a Muller conta ademais con formación específica en igualdade e violencia de xénero, a través de diversos cursos impartidos polos ministerios de Política Territorial e de Igualdade, centrados en cuestións como a igualdade de oportunidades ou o uso non sexista da linguaxe, entre outras materias.

Impartirán cursos de natación en agosto nas piscinas da vila

O Concello de Friol impartirá cursos de iniciación e perfeccionamento de natación nas piscinas municipais a partir de agosto como todos os anos. Estes cursos, que estarán subvencionados impartiranse do 3 ao 28 deste mes de luns a venres pola mañá e o número de prazas é limitado polo que é importante facer a reserva na piscina antes do 24 de xullo. Esta debe facerse nas propias piscinas. Haberá dúas quendas. A primeira será do 3 ao 14 de agosto e a segunda do 17 ao 28. O prezo será de 20 euros para socios e 30 para non socios.

Haberá bus nocturno de ida e volta a Melide nas festas

O Concello de Friol porá un autobús nocturno durante as festas de Melide desde a localidade ata a vila de ida e volta. Esta acción ten como obxectivo ter maior seguridade vial nestas noites de festa. Así, o autobús sairá os días 14, 15 e 17 de agosto ás 0.00 horas e terá a volta ás 6.30. Recollerá aos veciños entre a gasoleira e o Club Fluvial facendo parada en todos os bares. Os que desexen usar este servizo de bus deberán inscribirse antes do martes 11 no correo xuventude@concellodefriol.es ou no teléfono 637 064 024. O prezo será de 3 euros para empadroados e de 10 para non empadroados.



Arrancaron as obras de mellora da estrada entre Friol e Lousado

A Deputación de Lugo iniciou as obras de rehabilitación da estrada provincial LU-P-2106, que une Friol (LU-934) con Lousado (LU-P-2303) por Cimadevila, unha actuación que supón un investimento de 275.638€ e que permitirá mellorar o estado desta vía ao seu paso polos concellos de Friol e Begonte. Os traballos comezaron coa limpeza das gabias, unha actuación previa imprescindible para asegurar a correcta drenaxe da estrada e favorecer a conservación do firme antes de executar o resto das intervencións previstas no proxecto. A actuación abrangue o treito comprendido entre os puntos quilométricos 0,685 e 10,937. As obras foron adxudicadas á empresa ECOASFALT S.A. por un importe de 275.638 euros. O proxecto contempla unha actuación integral para mellorar as condicións de circulación e seguridade desta estrada provincial. Ademais da reapertura e limpeza das gabias e da

execución de obras de drenaxe, realizaranse traballos de saneo da explanada e do firme nas zonas deterioradas, reparación de fochancas e afundimentos, pavimentación e reposición da sinalización vertical. O obxectivo é prolongar a vida útil da vía e ofrecer unha circulación máis cómoda e segura para os usuarios. Dende a Deputación destacan que esta actuación “forma parte do compromiso da institución provincial por manter en boas condicións a rede de estradas máis extensa de España, unha infraestrutura fundamental para garantir a mobilidade da veciñanza, facilitar a actividade económica e contribuír a fixar poboación no rural”. As obras teñen un prazo de execución de catro meses, durante os que se poderán producir restricións puntuais ao tráfico para garantir a seguridade tanto dos traballadores como dos usuarios da vía.



Firmado o convenio para o abastecemento de auga en San Paio de Seixón

A Xunta de Galicia mobiliza investimentos por case 19 millóns de euros a través da planificación, impulso e execución de aquí a 2029 dun paquete de actuacións hidráulicas destinadas a ampliar o servizo público de abastecemento, renovar redes e condicións deterioradas ou moi antigas, reducir avarías e posibles fugas e reforzar a seguridade dos sistemas. Segundo explicou hoxe en Friol a conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, as actuacións previstas beneficiarán a un total de 23 concellos e a unha poboación estimada de 410.000 habitantes. Máis polo miúdo, a conselleira sinalou que máis da metade dese orzamento (10,1 millóns de euros) son para financiar proxectos na provincia de Lugo. De feito, a conselleira asinou co alcalde de Friol, José Ángel Santos, o convenio de colaboración para dotar de abastecemento de auga potable á parroquia de San Paio de Seixón. En concreto, tal e como dixo Ángeles Vázquez, destinaranse máis de

620.000 euros, que financiará nun 80% a Xunta mentres que o 20% restante aportarao o Concello, a unha actuación que beneficiará a máis de 70 vivendas, a diversas explotacións gandeiras, así como a varios negocios hostaleiros e de turismo. As obras consistirán na construción dun novo depósito na Abelaira de 105 metros cúbicos e da canalización de captación. Tal e como dixo Ángeles Vázquez, esta actuación, que será cofinanciada a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) garantirá que a auga que se consuma reúna as condicións necesarias de calidade e seguridade e, ao mesmo tempo, contribuír a reforzar a resiliencia do sistema municipal fronte a períodos de seca. Durante a súa intervención, a conselleira puxo en valor que “a colaboración é clave para seguir prestando os mellores servizos públicos á cidadanía” e sinalou que o apoio de Augas de Galicia aos concellos é proba de cooperación entre administracións.

Executan obras de abastecemento de auga en A Noite e Os Castelos

O Concello executa os traballos de ampliación da rede de abastecemento de auga pública nos barrios de Casas da Noite e Os Castelos. Esta actuación permitirá dotar deste servizo esencial a un total de 19 vivendas, dando resposta a unha demanda da veciñanza e contribuíndo a mellorar a súa calidade de vida, ao garantir un subministro de auga potable seguro, estable e de calidade. As obras consisten na instalación das condicións necesarias para conectar as vivendas á rede municipal de abastecemento, reforzando as

infraestruturas hidráulicas do municipio e favorecendo a igualdade no acceso aos servizos públicos entre os distintos núcleos de poboación. O alcalde de Friol, José Ángel Santos, destacou que este proxecto “é un exemplo do compromiso firme do Goberno municipal coa mellora dos servizos básicos no rural. O acceso á auga potable é un dereito fundamental e unha infraestrutura imprescindible para garantir a calidade de vida dos nosos veciños e veciñas. Cada investimento que realizamos neste ámbito é un investimento en benestar, en saúde e

tamén en futuro”. O rexedor engadiu que “desde o Concello seguimos traballando para que vivir no rural non supoña renunciar a ningún servizo esencial. Queremos que todas as familias, independentemente do núcleo no que residan, contén coas mesmas oportunidades e coas mesmas prestacións. Ese é o modelo de concello polo que apostamos: un municipio cohesionado, con servizos públicos de calidade e no que se poida vivir con todas as garantías”. José Ángel Santos tamén puxo en valor o esforzo investidor realizado



nos últimos anos para ampliar as redes municipais de abastecemento: “Somos conscientes de que aínda quedan actuacións por executar, pero seguimos planificando novas obras para chegar progresivamente a máis núcleos de poboación. O noso compromiso é continuar modernizando as infraestruturas

municipais e atender as necesidades reais da veciñanza, porque cada obra deste tipo supón unha mellora directa na vida das persoas e contribúe tamén a fixar poboación no noso territorio”. Esta actuación enmárcase na estratexia de mellora continua das infraestruturas.

“Para ser un bo escritor, o que fai falta é vivir con intensidade”

Francisco Narla, piloto de avión e escritor, leva toda unha vida dedicada a contar historias, creando escenarios e facendo vivir ao lector unha gran viaxe

Jessica Fernández

Un escritor nace sendo lector?
Si, eu creo que é inevitable que, para ser escritor, haxa que ser lector. Eu sigo sendo un lector ecléctico e case compulsivo. Non necesito un diagnóstico psiquiátrico, pero case. Leo moito e, de feito, cando non leo, escoito audiolibros. A culpa da miña vocación téñena as lecturas. Eu, ademais de namorarme das historias como consumidor, souben moi pronto que quería contalas, porque as historias de Antoine de Saint-Exupéry, sobre todo O principión e Voo nocturno, impresionáronme moitísimo. Esas historias dese piloto francés enchéronme a cabeza de paxaros e quixen converterme en piloto e escritor. É unha vocación que levo comigo desde pequeno. Por iso, creo que un se fai escritor na infancia. A min, o que me gustaba facer no colexio eran as redaccións e contar historias a partir do que lía. Non sabería dicir unha idade concreta, pero desde pequeno sabía que me gustaba contar historias e facelo dunha maneira un pouco especial. Como todos os artistas, empezas copiando as cousas que che gustan. Eu creo que é unha maneira natural de que o artista, na disciplina que sexa, empece a imitar aquilo que lle gusta e tarde en dominar; grazas a imitar o que lle gusta, acabas converténdote nun artesán decente e, co tempo e un pouco de sorte, conseguirás a túa propia voz e converteraste nun artista con identidade propia. E, como case todos os escritores, tamén probas un pouco coa poesía porque, cando empezas e es un ignorante, paréceche que a poesía é máis fácil que escribir unha novela de 800 páxinas. Iso só significa que non tes nin idea do que estás facendo, porque a poesía é, probablemente, o máis difícil. Con todo, ten esa enganosa aparencia de facilidade e empezas escribindo algúns poemas. Pouco a pouco vas medrando e, ao principio, paréceche imposible abarcar unha novela. Pero, a medida que pasan os anos e vas collendo algo de práctica, xa empeza a parecerche algo factible.

Como lembra o proceso de escribir a súa primeira novela?
A miña primeira obra foi Los lobos del centeno e escribina, basicamente, tirando da morriña.

Foi unha época na que vivía no deserto de Mojave, onde estaba estudando na escola de pilotos de probas, e botaba moitísimo de menos o verde de Galicia. Vivir no medio do deserto estre-saba un pouco a alguén criado nos montes galegos. A morriña, o botar de menos o verde e os contos da miña terra foron os que me impulsaron a escribir esa primeira novela. É unha novela de terror costumista na que recollo boa parte dos contos que lera de neno e os transformo nun argumento común a través das páxinas, para dar vida a boa parte do imaxinario galego. Esa é unha constante en

“Se un artista está comprometido, e eu creo que o estou, sempre é o mesmo proceso. Márcaste o máximo obxectivo e tratas de chegar ao cume. (...) Se ti non dás algo de ti na obra que estás entregando, nunca serán obras que realmente paguen a pena ler”

todas as miñas historias, onde Galicia, a súa historia e os seus protagonistas sempre cobran vida. En canto a se é máis difícil ou menos escribir unha obra co paso do tempo, eu creo que, se un artista está comprometido, e eu creo que o estou, sempre é o mesmo proceso. Márcaste o máximo obxectivo e tratas de chegar ao cume. É como un corredor que empeza a correr. O primeiro mes, se cadra, só é capaz de facer dous quilómetros e logo cae esgotado. Pero, a medida que segue adestrando, outro día fai catro e, pouco a pouco, de súpeto decátaste de que pasou un ano e xa es capaz de facer dez quilómetros a bo ritmo e de boa maneira. Na arte ocorre o mesmo. Cada nova obra debe ser mellor ca as anteriores e, por iso, sempre te levas ao límite. Se es un artista responsable, buscas o límite da

túa capacidade, entrégaste de todas as maneiras posibles e o proceso debe doer, debe ser complicado e debe ser duro. Iso significará que, con algo de sorte, o que estás entregando na páxina, no lenzo, na partitura, no escenario ou no plano dun edificio pagará a pena. Se ti non dás algo de ti na obra que estás entregando, nunca serán obras que realmente paguen a pena ler.

O que vive inspíralle para crear as súas novelas?

Si, a miña segunda novela, Caja Negra, ten como protagonista un piloto, e é unha novela de misterio, cun piloto de longo radio que aproveita as súas viaxes para ser un asasino moi difícil de capturar, porque se hoxe asasinan en Bangkok, e mañá en Nova York, é moi difícil que ninguén che siga a pista. Creo que era unha premisa divertida, pero evidentemente é unha segunda novela onde aínda son moi novato. Nese aspecto, axudoume en moitas ocasións coñecer, viaxar, ver e descubrir persoas e caracteres que ao final é o que che importa para escribir boas historias. Cando tes unha vida na que viches moito mundo e coñeches a moitas persoas distintas, róbaslle un pouquiño a cada unha e póde-lo poñer na páxina e darlles cor. E esa vida como piloto dando tombo si me axudou tamén a documentarme.

É indispensable viaxar para poder escribir un bo libro?

Eu creo que non é necesario en absoluto. Escribirás outro tipo de historias. Para o meu tipo de historias é necesario, porque ás veces hai grandes viaxes e escenarios afastados, e quizais as miñas historias son así porque eu vivín iso. Pero Crime e castigo trata sobre un home que se despedaza a si mesmo pola culpa. Non tes por que ter via-xado moito para poder escribir como escribiu Dostoievski. Quizais o que fai falta é, como dicía Hemingway, que Dostoievski empezou a escribir ben despois de pasar polo Gulag, despois de que o enviasen a Siberia. O que fai falta é vivir con intensidade. Dicía Hemingway tamén que hai que escribir sobre *a puta e fodida verdade* no sentido de que tes que escribir sobre aquilo que vives e coñeces. Tes que coller esas experiencias que ti viviches, vivilas intensamen-



te e estar disposto a espiarte e poñelas na páxina. Se ti iso o acompañas de viaxes e escenarios, pois ben, pero hai grandes novelas que non teñen iso e son maravillosas igualmente e hai outras que o teñen e que son unha merda. Na arte, o auténtico é o máis duro de conseguir, porque normalmente dáche medo, sentes vergoña, non é doado falar dos teus medos de neno e adxudicárllelos aos personaxes.

Desde Friol chegou a ser un autor recoñecido alá onde vai. Tamén se dá a coñecer en presentacións de libros e feiras do libro, como valora estes encontros?

Os encontros cos lectores son sempre maravillosos porque son a maneira que ten un escritor de volver vivir as súas historias a través dos ollos de quen as le. Eu estou encantado e sempre procurei ser moi activo nese tipo de actividades. Desde hai moitos anos acudo á Feira do Libro de Madrid, a Sant Jordi e ás grandes celebracións do libro. Tamén procuro estar presente nas feiras do libro de Galicia, porque ese encontro cos lectores resúltame moi agradable e é algo que espero con ilusión. Creo que forma parte do meu traballo como escritor, porque sempre hai alguén que quere facerche unha pregunta, coñecer mellor os teus libros ou saber un pouco máis de ti.

Con xa 13 novelas, ten en mente a seguinte?

Si, eu espero seguir escribindo ata que non poida facelo, toda a miña vida. Gustaríame seguir escribindo ata o final dos meus días porque é algo que me apaixona. O proxecto máis

inmediato no que estou inmerso é a promoción da segunda entrega da triloxía *Compostela*, formada por *Ultreia*, *Suseia* e *Santiago*, que verá a luz en setembro. A través destas tres novelas tentei facer un retrato dos máis de mil anos de historia do Camiño de Santiago e das súas múltiples dimensións: o poder, a política, a corrupción, a arte, a redención ou a espiritualidade. Cada unha delas sitúase nun momento concreto do Camiño cun grande interese histórico e cultural, reivindicando, como sempre, a nosa historia. Por exemplo, en *Suseia* aparecen as Cortes de León de 1188. Paréceme increíble que non presumamos máis de que a democracia moderna nace no antigo reino de Galicia e León. Foi entón cando, por primeira vez, os cidadáns votaron e elixiron representantes nun sentido parlamentario moderno. Pero, por riba deses grandes acontecementos históricos, sempre ten que haber unha historia humana. No caso de *Suseia*, o protagonista é o mestre Mateo mentres conclúe a catedral. A novela mostra como un home pode chegar a desfacer a súa vida, romper o seu matrimonio e afastarse do seu fillo por perseguir a perfección, por querer converterse no mellor artista posible e erguer a obra máis extraordinaria. Esta triloxía sobre o Camiño de Santiago manténme completamente ocupado durante este ano. Ao mesmo tempo, xa estou preparando algunhas ideas para a novela que publicarei o ano que vén. Teño varios proxectos en mente, aínda que, por agora, prefiro non adiantar nada.

pol

O PAI de Pol estará rematado no mes de novembro para 25 nenos



O Concello de Pol contará o vindeiro mes de novembro cun novo Punto de Atención á Infancia (PAI), un servizo destinado a nenos e nenas de entre 0 e 3 anos que permitirá atender ata 25 menores e ampliar os recursos de conciliación para as familias do municipio. O proxecto executarase grazas ao financiamento da Deputación de Lugo, que aprobou un convenio co Concello dentro dun paquete de investimentos destinado a reforzar os servizos municipais. O novo equipamento situarase na área deportiva da localidade, ao carón da pista de pádel, nun pequeno edificio deseñado especificamente para albergar este servizo educativo e asistencial. A previsión do goberno local é que as obras estean completamente rematadas durante o mes de novembro, co obxectivo de que o centro poida comezar a funcionar canto antes. O alcalde, Lino Rodríguez Ónega, puxo en valor a importancia desta infraestrutura para un concello do rural que busca seguir ampliando os servizos públicos e ofrecer máis facilidades ás familias con fillos pequenos. “O importante é seguir dando servizos aos veciños e veciñas”, destacou. O rexedor explicou que o PAI nace coa intención de facilitar a conciliación da vida laboral e familiar, ofrecendo unha ampla franxa horaria que se estenderá, previsiblemente, desde as oito da mañá ata as cinco da tarde. “Queremos dar todas as opcións posibles e intentar conciliar a vida familiar e laboral, axudando aos pais con nenos pequenos mentres non van ao colexio”, sinalou. Rodríguez Ónega incidiu tamén en que este tipo de recursos poden contribuír a facer máis atractiva a vida no rural nun contexto marcado polo descenso da natalidade. “Debido á escaseza da natalidade, isto pode servir de axuda”, asegurou, convencido de que a existencia de servizos para a primeira infancia é un factor que pode favorecer que as

familias decidan permanecer ou establecerse no municipio. O edificio contará cun deseño funcional pensado para garantir tanto a comodidade dos menores como a supervisión constante por parte do persoal. Disporá de dúas áreas claramente diferenciadas: unha sala destinada ao xogo e ás actividades educativas e outra zona reservada para o descanso e as comidas. Ambos espazos estarán separados por unha cristaleira que permitirá manter en todo momento o control visual dos nenos e nenas. A actuación forma parte dos convenios de cooperación aprobados pola Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, que destinará máis de 200.000 euros ao Concello de Pol para facer realidade este Punto de Atención á Infancia e reforzar tamén o mantemento da zona deportiva e das piscinas municipais. Segundo explicou a voceira socialista do Goberno provincial, Pilar García Porto, este investimento enmárcase dentro dun paquete global de 2,7 millóns de euros destinado a fortalecer a cooperación cos concellos, apoiar o tecido produtivo e mellorar as infraestruturas e os servizos públicos da provincia. A responsable provincial subliñou que o novo PAI permitirá ofrecer atención educativa aos nenos e nenas de 0 a 3 anos, favorecendo a conciliación das familias e contribuíndo á fixación de poboación no rural, un dos principais retos demográficos aos que se enfrontan concellos como Pol. Co horizonte posto no mes de novembro para a finalización das obras, o Concello confía en incorporar un servizo moi demandado pola veciñanza e que suporá un importante reforzo da oferta asistencial e educativa para as familias con menores de curta idade, consolidando unha aposta por manter e ampliar os servizos públicos como ferramenta para mellorar a calidade de vida no municipio.

castro de rei

Comezan as obras de mellora do conxunto histórico de Castro de Rei

O Concello de Castro de Rei puxo en marcha as obras de acondicionamento do seu conxunto histórico, unha actuación destinada a mellorar a accesibilidade e a mobilidade peonil no centro da vila e que contará cun investimento total de 150.000 euros. Os traballos actuarán en distintos puntos do casco histórico, incluíndo a renovación e rehabilitación das beirarrúas da Praza Maior, a subida á igrexa, a propia praza e a rúa Amigos da Feira, co obxectivo de crear un espazo máis accesible, seguro e integrado. Este proxecto permitirá completar a transformación do centro histórico, dando continuidade ás actuacións desenvolvidas nos últimos anos para revitalizar esta zona da capital municipal. Do orzamento total, 100.000 euros proceden dunha achega da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader),



dependente da Xunta de Galicia, mentres que os 50.000 euros restantes son financiados polo propio Concello. As obras foron adxudicadas á empresa Sanle S.L. e está previsto que rematen o vindeiro 18 de setembro. Esta intervención reforza o proceso de recuperación do centro histórico

de Castro de Rei, recoñecido desde 2021 como Área de Rehabilitación Integral (ARI), e súmase a outras actuacións recentes impulsadas na contorna, como a renovación de espazos públicos ou a creación dunha área de autocaravanas nas proximidades da área recreativa do Azúmar.

A Casa da Galería presenta a súa programación

A Fundación Margarita Ledo Andión presentou a programación cultural de verán da Casa da Galería. A programación arrancou coa inauguración da exposición *Cabezas Cortadas*, do deseñador Pepe Barro, que permanecerá aberta ao público ata o 17 de setembro. A mostra reúne máis dun cento de pezas elaboradas a partir de envases, cartóns e outros materiais de uso cotián. O 8 de agosto, ás 19.00 horas celebrárase a presentación de *Evocare*, unha proposta de Pepe Coira xunto á Orquestra Clásica de Vigo centrada arredor de Canto de emigración, unha película desaparecida de Antonio Román con música de Teódulo R. Páramos. A programación continuará o 21 de agosto coa conferencia *Fientosa, poeta de noso na fosa* (1936. Claves do asasinato), impartida por Ricardo Polín. A intervención abordará a figura do poeta e profesor Francisco de Fientosa e as circunstancias da súa morte no contexto da represión de 1936. Xa en setembro, o día 4, María Xosé Porteiro ofrecerá unha conferencia sobre Begoña Caamaño e tamén se proxectará o documental da RAG *Begoña Caamaño: navegar no pracer do azul*. O programa pecharase os días 15 e 16 de setembro coa celebración de *Olladas de auga*, un obradoiro de fotografía documental.

Quentan motores para a Festa da Malla do día 30

Castro de Rei acollerá ao longo do mes de agosto unha nova edición da Festa da Malla, unha celebración que alcanza a súa vixésimo terceira edición e que volverá poñer en valor o patrimonio etnográfico e as tradicións ligadas ao traballo no campo. A programación desenvolverase en tres xornadas diferenciadas, dedicadas á sega, á meda e á malla, co obxectivo de recrear todo o proceso tradicional da recollida do cereal. A primeira cita tivo lugar o sábado 1 de agosto coa celebración da sega. A segunda celebrárase o domingo 23 de agosto no Campo da Feira de Castro de Rei. A meda iniciárase ás 11.00 horas e estará acompañada dun mercado e obradoiros de artesanía a partir das 12.00 horas. A programación completárase ás 13.00 horas coa actuación musical do grupo Toxo Queimado. A festa culminará o domingo 30 de agosto coa tradicional malla, que dará comezo ás 10.00 horas tamén no Campo da Feira. A partir das 14.00 horas celebrárase un xantar popular amenizado polo Dúo D' Caché. O menú estará composto por empanada, cachola, chourizo, sardiñas, marmelo, queixo, pan, bebida e café. O prezo da tarxeta será de 20 euros para as persoas adultas e

de 10 euros para nenos e nenas de ata 12 anos. A organización lembra que o número de prazas para o xantar é limitado e recomenda adquirir as tarxetas coa maior antelación posible. Estas poderán mercarse entre o 3 e o 27 de agosto no Supermercado Claudio Grueira, en Germán Naval Lage e na Librería Maduca. **RAMIL.** Ramil xa ten todo preparado para celebrar as festas na honra de Santa Mariña, que se desenvolverán os días 7, 8 e 9 de agosto. As celebracións arrancarán o venres 7 de agosto cunha churrascada popular de balde para todas as persoas asistentes, que dará comezo a partir das 22.00 horas. A continuación celebrárase a primeira gran verbena das festas, que estará amenizada por X-Plosión. O sábado 8, ás 13.30 horas, oficiárase a misa na honra de Santa Mariña, seguida da procesión. A continuación terá lugar a sesión vermú e, xa pola noite, a verbena correrá a cargo do grupo Fénix. As festas concluírán o domingo cunha misa ás 13.30 horas e a correspondente procesión. A sesión vermú estará amenizada polo Dúo Belinda, que porá o broche musical á programación deste ano. Tamén haberá colchonetas gratuítas.

CASTRO DE REI: Francisco Balado

“Os alcades somos servidores públicos, temos que defender as necesidades dos veciños”

Lidera un goberno municipal cunha clara maioría absoluta na que se mantivo desde o ano 2011, cando recuperou a Alcaldía para o PP

Explíquenos un pouco como se iniciou na política.

Os vínculos co partido xurdiron nas eleccións municipais do ano 1999, cando colaborei como interventor do PP na mesa electoral de Castro Ribeiras de Lea. Logo, continuei colaborando nos procesos electorais, tanto nas autonómicas como nas xerais e europeas. Os comezos en política chegaron no ano 2007, cando o alcalde Arturo Pereiro me propuxo formar parte da candidatura do PP de Castro de Rei, na que me incluíu como 3º da lista. Unha vez celebrados os comicios, o PP que gobernara durante case 19 anos, perdeu a maioría abso-

luta e pasou á oposición, a partir dese momento pasei a ocupar o posto de voceiro do Partido Popular e continuei así ata as seguintes eleccións.

Como deu o salto ou recibiu o impulso para ser alcalde?

O paso definitivo para ser alcalde, chegou no 2011. Naquel momento nomeáronme candidato á Alcaldía e tratei de compoñer a candidatura no contexto no que se atopaba o partido, xa que había certa división dende a perda da maioría absoluta. Ese ano gañamos por maioría absoluta.

A nivel persoal, que sacrificios supón formar parte do Goberno?

O principal sacrificio é o de dedicarlle



moito máis tempo que calquera outra actividade que un poida desenvolver, o que nalgúns casos pode prexudicar á familia e ó ámbito persoal, xa que nos Concellos rurais a figura do alcalde adoita ser moi próxima, e a veciñanza agradece poder contactar co alcalde ou alcaldesa en momentos que a veces non coinciden co horario laboral habitual.

E beneficios?

O principal beneficio é a satisfacción que produce poder facer algo polo concello no que un vive e sobre todo poder levar a cabo o proxecto político que pensas que é o máis interesante, tendo en conta por suposto as necesidades reais e os sectores produtivos.

Como equilibra a vida pública e a privada?

Procurando repartir o tempo e dedicar ao ámbito privado momentos que son necesarios.

Cales son os seus obxectivos a nivel político?

O principal obxectivo sempre dentro do ámbito municipal sería poder desenvolver o Concello naqueles eidos que vexo que poden mellorarse e que permitan modernizar o territorio e garantir o futuro da xente.

E se renova na Alcaldía cales son as principais actuacións previstas?

Consolidar a ampliación do Parque empresarial para garantir o asentamento de industrias na zona. Tamén continuar mellorando a traída municipal de auga para achegala ás parroquias. Busco consolidar os proxectos de desenvolvemento urbanístico que actualmente se atopan en fase inicial e que permitirán a creación de zonas residenciais e continuar promovendo concentracións parcelarias.

Cales son as principais liñas do seu programa?

Principalmente as destinadas á diversificación económica, tendo clara a idea de que o minifundio ten



DATOS

HABITANTES: 5.041.
PARROQUIAS: 25.
EXTENSIÓN: 176,9 km cadrados.
PARTIDO XUDICIAL: Lugo.
CORPORACIÓN: 9 concelleiros do PP, 3 do PSOE e 1 do BNG.
ALCALDE: Francisco Balado Teijeiro (desde 2011).
VOCEIRA PSOE: Alba Sinde Paz.
VOCEIRO BNG: Olga García Portela.

EN CLAVE PERSOAL

• **Idade, estado civil e familiar**
52, casado e con dous nenos de 11 e 8 anos

• **Profesión e formación**
Licenciado en Dereito, Máster en Práctica Xurídica

• **E si non fora avogado, que lle gustaría ser?**

Catedrático de Historia Antiga

• **Que quería ser de maior**
Cando era neno sempre decía que notario, pero logo de acabar os estudos, vinme con poucas ganas para preparar a oposición

• **Que fai para desconectar?**
Non acostumo desconectar. O que fago é repartir o tempo, entre o traballo, descanso, familia e algo de tempo libre. Cando es alcalde dun concello do rural debes estar dispoñible todo o día. Eu nunca apago o teléfono

• **Unha virtude e un defecto**
Intentar aprender cada día un pouco. Defectos teño moitos máis, sempre estou pensando en varias cousas á vez e iso a veces prodúcese inconstancia e agobio

• **Un consello para compartir**
Que a xente aproveite cada día que

empeza, tratando de facer cousas útiles, e procurando ser felices

• **Un libro, unha película ou/e un grupo de música/cantante**

O Código Davinci de libros e O nome da Rosa de película. Logo gústame moito a música natural

• **Unha afección**
Investigar e afondar na historia de Castro de Rei

• **Un lugar que visitar**
O Castro de Viladonga

• **Unha comida e unha bebida**
Bola de liscos e viño

• **Unha persoa admirada**
A nai

• **Unha posesión prezada**
A colección de zocas que teño dende hai anos

• **Un desexo**
Ter saúde e unha longa vida

• **Algo para esquecer**
Un accidente no 2004

• **Que é o que máis valora nunha persoa?**
A confianza

• **Un desafío pendente**
Tirarme en paracaídas

• **Onde se ve en cinco anos?**
Continuando na avogacía

que desaparecer, se queremos ter un rural vivo, pero tamén coidamos moito o Parque Empresarial no que temos outro tipo de industrias, que permiten xerar importantes sinerxias económicas e manter unha oferta de emprego diversificada. Logo tamén as destinadas ao desenvolvemento urbanístico do Concello. Hai 6 anos que temos aprobado o PXOM e vemos que está a ser útil porque hai varias casas no Concello en construción, e mesmo temos algún plan especial presentado que desembocará en proxecto de urbanización para a construción de vivendas o que supón que cada vez está máis cerca a oferta de vivenda, .

Cales considera que son as principais necesidades no seu concello?

Actualmente tendo en conta o incremento das temperaturas e o cambio climático, a auga estase a converter nun problema para moitos concellos de Galicia, ben sexa pola súa escaseza, ben sexa pola dificultade de distribuíla. No noso caso nunca sufrimos desabastecemento, pero si que temos problemas coa distribución, xa que cando hai vagas de calor os usuarios consumen máis auga da que se dá distribuído o Concello. Logo está a da vivenda, aínda que no noso caso contamos con moito solo dispoñible, e pouco a pouco a xente vai edificando nas distintas parroquias e mesmo temos un proxecto de urbanización en marcha en Castro Ribeiras de Lea, para desenvolver 10 hectáreas de solo, así como algunha promoción de vivendas de ámbito privado.

De que proxectos se sente máis orgulloso?

A aprobación do PXOM, que creo que é fundamental en calquera concello que queira mira ao futuro e modernizarse. Tamén as melloras no abastecemento de auga, aínda que faltan máis. Outro é o proxecto das Zonas de Reestruturación Parcelaria de Triabá e Viladonga; a construción

do campo de fútbol de adestramento de Castro Ribeiras de Lea ou a construción da EDAR urbana na mesma vila, que superou o millón de euros. Foi un proxecto moi importante porque a vila non estaba preparada para medrar, só tiñamos capacidade de vertedura para 1000 habitantes e nalgúns casos a CHMS non autorizaba a construción de vivendas, e coa súa reforma temos capacidade de vertedura para 4000 habitantes o que permite contemplar o crecemento da zona para os próximos anos. Tamén podo citar as áreas de autocaravanas, a renovación integral das beirarrúas, as reformas dos centros educativos ou a recuperación da Ruta da Vía Rexia.

Que lle gustaría que os veciños visen en vostede como alcalde?

Unha persoa accesible, coa que poder falar cando sexa necesario, aínda que me consta que a maioría da veciñanza xa ten ese concepto de min, pero tamén estou convencido de que cada vez máis, os alcaldes temos que ter claro que somos servidores públicos, estar disposto a actuar en defensa das necesidades dos veciños.

Como é a súa relación coa oposición?
É boa, sempre foi boa, dende os inicios, os plenos son moi cordiais e sempre respectuosos, nunca hai saídas de ton, nin por parte deles nin por parte do equipo de goberno.

portomarín

A vila celebrará a IV edición dos Cantos de Taberna e a VIII Foliada



A Asociación Cultural Río Miño de Portomarín, coa colaboración do Concello, organiza o vindeiro 26 de setembro a IV edición dos Cantos de Taberna e a VIII Foliada, unha das citas máis destacadas do calendario cultural e musical da vila.

A programación dará comezo a partir das 18.00 horas e prolongarase ata ben entrada a noite. O evento incluírá un percorrido dos grupos participantes polos establecementos da localidade, unha cea popular, unha foliada aberta a todas as persoas asistentes e o tradicional conxuro da queimada, nunha xornada dedicada á música e á cultura popular galega.

A organización xa abriu o prazo de inscrición para os grupos que des-

exen participar. As solicitudes poderán presentarse ata o 3 de outubro, seguindo a orde de inscrición e dando prioridade ás formacións que non participaron en edicións anteriores.

Desde a Asociación Cultural Río Miño destacan que o obxectivo desta iniciativa é continuar promovendo a música tradicional galega e converter Portomarín nun punto de encontro para músicos, cantareiras e afeccionados á foliada, favorecendo ao mesmo tempo a participación veciñal e a dinamización da actividade cultural e hostaleira do municipio.

As persoas interesadas poden obter máis información e formalizar a súa inscrición a través dos canais habilitados pola organización.

Concertos gratuítos e exhibicións de folclore en agosto

O Concello de Portomarín mantén durante todo o mes de agosto unha intensa programación cultural na Praza do Camiño, con propostas musicais e de folclore tradicional pensadas para todos os públicos. A iniciativa combina un ciclo de concertos gratuítos cada sábado e unha nova edición dos Domingos Folclóricos, co obxectivo de dinamizar o verán e poñer en valor a música galega.

No apartado musical, o ciclo de concertos gratuítos celebra unha actuación cada sábado ás 20.00 horas. Tras as primeiras citas do programa, a actividade continuará o sábado 15 de agosto co concerto do grupo Exeria. Unha semana despois, o día 22, será a quenda de Os Piñeiros, mentres que o ciclo se despedirá o sábado 29 de agosto coa actuación de Carta de Axuste.

Paralelamente, o Concello volverá

apostar pola música e a danza tradicional coa celebración dos Domingos Folclóricos, unha proposta que reúne agrupacións de distintas localidades galegas para achegar ao público o patrimonio cultural e o folclore popular. O domingo 16 de agosto, a Asociación Cultural Río Miño actuará xunto ao grupo Os Xilgaros, de Lugo. O programa continuará o 23 de agosto coa participación da Asociación Folclórica de Lemavos, de Monforte de Lemos, e da Asociación Cultural O Feitizo, de Foz.

A programación pecharase o domingo 30 de agosto coa actuación da Asociación Cultural Airiños de Orbazai, de Lugo, e da Asociación Cultural Legua Dereita, do Corgo, completando así un mes no que Portomarín converterase nun escaparate da música, a danza e as tradicións populares de Galicia.

o corgo

A Feira de Ano de Gomeán reuniu tradición gandeira e artesanía

A carballeira de Gomeán, no concello do Corgo, acolleu este domingo unha nova edición da Feira de Ano de Gomeán, unha cita organizada pola Asociación de Veciños O Salgueiriño co apoio da Vicepresidencia da Deputación de Lugo e centrada na promoción do patrimonio rural, as tradicións gandeiras e os oficios vinculados ao campo.

Durante toda a xornada, o campo da feira recreou o ambiente das antigas feiras tradicionais cun completo programa de actividades. Entre as propostas destacaron a mostra de razas autóctonas organizada por Boaga e a exposición de maquinaria agrícola histórica con vehículos cedidos por Muvicla, ás que se sumaron demostracións de distintos oficios artesanís e actividades relacionadas coa vida no rural e co sector agrogandeiro.

O público asistente tamén puido gozar de exhibicións de cetrería, demostracións de manexo de porco celta e probas de agility, iniciativas pensadas para achegar diferentes aspectos do traballo e da convivencia cos animais no medio rural. Ademais, a gastronomía tivo un papel protagonista cun menú degustación composto por empanada e porco celta ao espeto elaborado con produto procedente da explotación local Rego de Manzanán.

A programación incluíu tamén actuacións musicais a cargo do grupo tradicional corgués Legua Dereita e de Cé Orquestra Pantasma, que ofreceu un es-



pectáculo dirixido ao público familiar, contribuíndo a completar unha xornada festiva que reuniu tradición, cultura popular, artesanía e gastronomía. A Vicepresidencia da Deputación de Lugo colaborou un ano máis coa organización desta cita cunha achega económica de 5.000 euros destinada á celebración da feira.

FESTAS EN QUEIZÁN. A parroquia de Queizán, no Concello do Corgo, celebrou esta fin de semana as súas festas patronais cun programa que combinou música, gastronomía e propostas de lecer para todas as idades, reunindo a veciñanza e visitantes arredor dunha das citas festivas máis tradicionais da localidade.

Os festexos arrancaron na noite do sábado cunha gran verbena amenizada polo grupo Calibre e o DJ Adolfo Valiño, que deron o pistoletazo de saída a dous días de celebración.

A xornada principal desenvolveuse o domingo coa misa solemne

e a procesión, acompañadas musicalmente por Iria e Rodrigo. A continuación celebrouse a sesión vermú a cargo do dúo Son II, antes do tradicional xantar popular que reuniu a numerosas persoas. A programación continuou pola tarde cun sorteo e con xogos para nenos e adultos, ademais dunha merenda con lambetadas para os máis pequenos. Xa ao serán, os asistentes participaron na preparación das paellas e posteriormente na cea popular, un dos momentos de maior participación da xornada.

As festas concluíron cunha nova verbena protagonizada polo dúo Son II, que puxo o broche final a unha celebración marcada pola convivencia e o ambiente festivo. As festas estiveron organizadas pola Asociación de Veciños de Vidueiros e contaron coa colaboración do Concello do Corgo e doutras entidades, mantendo viva unha celebración que cada ano reúne a numerosas persoas na parroquia.

Santiago de Laxosa celebrará as súas festas os días 21, 22 e 23

A parroquia de Santiago de Laxosa, no concello do Corgo, celebrará as súas festas na honra da Nosa Señora os días 21, 22 e 23 de agosto, cun programa que combinará actuacións musicais, actos relixiosos e actividades para todas as idades.

As celebracións arrancarán o venres 21 coa verbena nocturna, que contará coa actuación da orquestra Punto Clave e coa animación de EvenTec e Cosme DJ. Ademais, entre as 22:00 e a 01:00 horas instaláranse colchóns inchables para o público infantil.

O sábado 22 comezará coa música de Asubíos da Chaira, que percorrerá a parroquia cun pasarrúas. A continuación celebrarase a sesión vermú amenizada polo Grupo Jaque. Pola tarde volverá haber pasarrúas con Asubíos da Chaira e, xa pola noite, a verbena correrá a cargo do Grupo Jaque e DJ Cëndoi.

Durante a xornada do sábado tamén haberá festa da escuma, de 19:00 a 20:00 horas, e inchables entre as 22:00 e a 01:00 horas, todas elas actividades gratuítas. O programa rematará o domingo

23 coa celebración dunha misa solemne ás 12:30 horas no campo da festa. A continuación terá lugar a sesión vermú co Grupo Foliha, que tamén será o encargado de amenizar a tarde a partir das 19:00 horas. Ademais, haberá inchables gratuítos entre as 19:00 e as 21:00 horas.

A organización destaca que durante os tres días das festas o recinto contará con campo cuberto con carpa, co obxectivo de garantir o desenvolvemento das celebracións independentemente das condicións meteorolóxicas.

castroverde

O Centro Sociocultural Paco Pestana mellora os seus medios técnicos

O Centro Sociocultural Paco Pestana de Castroverde reforzou as súas prestacións coa incorporación dun novo equipamento de son e audiovisual destinado ao salón de actos da instalación. A actuación permitirá mellorar a celebración de actividades culturais, educativas e sociais que se desenvolven habitualmente neste espazo municipal.

Entre o material adquirido inclúense catro altosfalantes, unha mesa de son, distintos tipos de micrófonos —de pé, de man e de diadema—, así como un novo proxector para a realización de presentacións, proxeccións e eventos abertos ao público. A deputada de Cultura, Iria Castro, destacou a importancia desta mellora ao sinalar que, malia tratarse dun edi-



ficio inaugurado hai apenas dous anos, non dispoñía ata agora dun equipamento destas características. Segundo explicou, trátase dun recurso esencial para a organización de actos con asistencia de público e para ampliar as posibilidades de uso dun centro chamado a converterse nun referente da activida-

de cultural en Castroverde.

A adquisición e instalación do material supuxo un investimento total de 10.000 euros. A Vicepresidencia da Deputación de Lugo colaborou na iniciativa cunha achega de 7.000 euros a través da área de Cultura, mentres que o Concello asumiu o importe restante.

A vila terá artesanía, gastronomía e vehículos clásicos o 16 de agosto

O Concello de Castroverde celebrará o vindeiro 16 de agosto a XIX Feira de Artesanía e Gastronomía, unha cita xa consolidada no calendario estival que volverá combinar tradición, cultura, gastronomía e lecer. A programación coincidirá, ademais, coa XII Concentración de Vehículos Clásicos, reunindo durante toda a xornada artesáns, expositores, afeccionados ao motor e público de todas as idades. A XIX Feira de Artesanía e Gastronomía contará cun amplo espazo expositivo no que se darán cita artesáns de diferentes disciplinas, produtores agroalimentarios e asociacións locais. Paralelamente, a XII Concentración de Vehículos Clásicos reunirá numerosos coches e motocicletas de época, converténdose nun dos principais atractivos da xornada para os afeccionados ao motor e para o público visitante.

A feira abrirá as súas portas ás 10.00 horas. Unha hora máis tarde, ás 11.00 horas, terá lugar a concentración de motos e coches clásicos no recinto feiral.

A inauguración oficial celebrárase ás 12.00 horas coa recepción das autoridades e a actuación da Asociación Cultural e Musical Zuncurrundullo, de Castroverde, que realizará un percorrido musical



polo recinto.

Ás 13.30 horas será a quenda do pregón, que nesta edición correrá a cargo de Ana María Pérez Veiga, directora do CPI Plurilingüe de Castroverde. A continuación, ás 14.00 horas, a charanga Festicultores "A Gran Sementeira" amenizará o tradicional xantar típico galego.

As actividades continuarán pola tarde. Ás 16.15 horas celebrárase unha festa de inchables nas piscinas municipais. Posteriormente, ás 18.00 horas, volverá actuar a charanga Festicultores "A Gran Sementeira".

Ás 19.30 horas, o aparcadoiro das piscinas municipais convertera-

se no escenario do espectáculo de circo "O último que apague a luz", da compañía A Vela Circo. A programación concluírá ás 20.30 horas na Praza do Concello coa actuación do mago Dani García, que presentará o espectáculo "Flash". Durante toda a xornada, os asistentes tamén poderán visitar os postos de artesanía e gastronomía, participar en obradoiros e contemplar demostracións en directo de distintos oficios tradicionais, nunha iniciativa coa que o Concello busca poñer en valor o traballo dos artesáns, promover os produtos da terra e fomentar a convivencia arredor das tradicións galegas.

outeiro de rei

Aproban o Orzamento de 2026 tras desestimar as alegacións do BNG

O Concello de Outeiro de Rei aprobou definitivamente o Orzamento Municipal de 2026 nun pleno extraordinario celebrado para resolver as alegacións presentadas polo BNG durante o período de exposición pública. As reclamacións foron desestimadas e a proposta saíu adiante con nove votos a favor, tres en contra e unha abstención, polo que as contas entrarán en vigor unha vez completados os trámites administrativos correspondentes. Segundo o goberno municipal, os informes xurídicos e técnicos incorporados ao expediente conclúen que as alegacións formuladas non se atopan entre os supostos previstos pola lexislación para impugnar un orzamento municipal. O executivo sostén que o procedemento de elaboración e aprobación das contas se desenvolveu conforme á normativa vixente e que non existe ningunha irregularidade que impida a súa validación definitiva.

O equipo de goberno defende ademais que tanto a convocatoria do pleno como a da comisión informativa respectaron os prazos establecidos legalmente. Tamén argumenta que non era necesario solicitar un informe da Comisión Especial de Contas para este trámite e lembra que a aprobación das liquidacións orzamentarias constitúe un procedemento independente da aprobación do orzamento anual.

Coa aprobación definitiva das con-

tas, o Concello considera que poderá continuar coa planificación económica prevista para este exercicio e avanzar na execución dos investimentos e dos servizos municipais do documento orzamentario.

Pola súa banda, o BNG reiterou as súas críticas á xestión económica do goberno local e ao proceso de tramitación das contas. A formación nacionalista considera que o atraso na presentación e aprobación dos orzamentos dificulta o labor de control da oposición e limita o debate político sobre o destino dos recursos públicos.

Durante a sesión plenaria, os nacionalistas formularon catro preguntas ao alcalde sobre os motivos polos que os orzamentos se presentan fóra dos prazos habituais, así como sobre a tramitación de expedientes de recoñecemento extraxudicial de créditos e o cumprimento dos informes emitidos pola Intervención municipal. Segundo o BNG, estas cuestións non obtiveron resposta.

A formación tamén cuestionou a aprobación, o pasado 29 de xuño, dun lote de máis de 150 facturas por importe superior aos 170.000 euros nunha Xunta de Goberno Local. Segundo os nacionalistas, estes gastos non figuraban nin no orzamento de 2025 nin no borrador das contas de 2026. O BNG sostén que este sistema de tramitación dificulta a fiscalización por parte da oposición.

Lostregos Lucas organiza un curso de seguridade viaria para motoristas

O Moto Club Lostregos Lucas celebrará o 15 de agosto un curso de técnicas de seguridade viaria en motocicleta dirixido a persoas afeccionadas ás dúas rodas que desexen perfeccionar a súa condución e adquirir maiores coñecementos para circular con seguridade.

A iniciativa conta un ano máis coa colaboración do Concello, que cederá as instalacións do circuíto municipal para o desenvolvemento das sesións prácticas e teóricas previstas durante a xornada.

Segundo explican desde a organización, a actividade está deseñada para un máximo de 12 participan-

tes co fin de ofrecer unha formación máis personalizada. O curso está aberto a motoristas de calquera nivel de experiencia, desde persoas que se iniciaron recentemente ata condutores habituais que queiran mellorar as súas habilidades.

O principal obxectivo da formación é reforzar a técnica de condución e dotar aos participantes de ferramentas para afrontar con maiores garantías diferentes situacións de risco que poden producirse na estrada.

As persoas interesadas poden formalizar a súa inscrición chamando ao teléfono 619 98 78 09.

rábade

O PSOE celebra unha nova fase das obras da rúa Álvaro Cunqueiro

O PSdeG puxo en valor o avance da segunda fase das obras de pavimentación da rúa Álvaro Cunqueiro, financiadas pola Deputación de Lugo cun investimento de 18.783,31 euros. Esta nova actuación permitirá completar a mellora da vía tras a primeira fase xa executada e eleva a 32.000 euros o investimento total realizado pola institución provincial nesta rúa.

O voceiro socialista, Alejandro Martínez, destacou que os traballos permitirán renovar o firme e mellorar a mobilidade e a seguridade da veciñanza. “Esta actuación responde a unha das necesidades que o PSdeG de Rábade trasladou ao Goberno da Deputación de Lugo, que volve demostrar a súa capacidade para escoitar, atender as demandas do municipio e convertelas en investimentos concretos”, afirmou.

Esta intervención súmase aos máis de 700.000 euros mobilizados pola Deputación de Lugo nos últimos



tres anos para a mellora de vías e instalacións municipais. En concreto, a institución provincial investiu 224.000 euros na Avenida dos Remedios; máis de 132.000 euros nas rúas Miguel de Cervantes e Doutor Fleming; 32.000 euros na rúa Álvaro Cunqueiro; 68.000 euros na rúa Bautista Núñez; e 258.000 euros na renovación do campo de fútbol municipal e na construción dos novos vestiarios.

“As cifras falan por si soas: a Depu-

tación leva investidos 714.000 euros en actuacións útiles para Rábade, mentres a Xunta de Rueda continúa sen impulsar ningunha obra de relevancia no municipio”, asegurou Martínez. “Cando remate a lexislatura o balance dos gobernos do Partido Popular será moi claro: nin unha soa actuación de calado para Rábade”, engadiu.

O voceiro socialista advertiu de que “tres anos de goberno do PP son tres anos sen un proxecto para Rábade”.

A vila contará cunha intensa semana de actividade polas festas

Rábade vivirá do 10 ao 16 de agosto unha nova edición das súas festas de verán. As celebracións comezarán o luns 10 de agosto coa posta en marcha das actividades deportivas no Campo da Feira.

O mércores 12 estará marcado polo eclipse solar. O Centro Sociocultural acollerá ao mediodía unha charla titulada *O eclipse total desde Rábade*, impartida pola meteoróloga da AEMET Estella Gutiérrez Marco. Xa pola tarde, ás 19.00 horas, está prevista unha concentración no campo de fútbol para seguir o fenómeno astronómico, onde se repartirán gafas especiais.

O xoves chegará o pregón oficial das festas, que correrá a cargo do atleta Javier Ángel Vázquez Orejas, recentemente recoñecido por completar o circuíto das World Marathon Majors. A xornada incluírá tamén o estoupido de bombas de palenque e a celebración do XXV Rabafolk no Campo da Feira, coa participación dos grupos Mestura de Nete, Breo, Airiños da Freba e Eris Mackenzie. Ademais, celebrarase a décimo novena edición do Tour da Cervexa.

O venres 14 será festivo local cunha sesión vermú coa orquestra Nueva Fuerza e a actuación da Banda Sons e Soños. O programa inclúe os xantares campestres nas beiras do río,



a XXIV Esbatuxada, consistente no descenso do río en embarcacións de fabricación caseira, e a actuación da Banda Xuvenil da Escola Municipal de Música. Pola noite será a quenda do concerto da banda de pop-rock IV e dunha gran verbena con Nueva Fuerza e a orquestra Royal Espectáculo.

A programación continuará o sábado coa Charanga Ramboleo polas rúas da vila e a misa solemne na honra da patroa. A sesión vermú estará amenizada pola orquestra La Noria e durante a tarde celebrarase unha quedada para o intercambio de cromos do Mundial 2026 na Praza de España, ademais da trixésima edición do Día da Bicicleta. Os participantes poderán gozar dunha chocolatada con churros. A noite estará marcada pola XX Descarga

Pirotécnica da Peña O Foguete, a verbena coa orquestra La Noria, os fogos artificiais e a actuación internacional de Monterrojo.

O domingo 16 de agosto porá o broche final ás festas. Desde primeira hora da mañá o grupo Axeigo percorrerá distintos puntos da localidade, antes da misa solemne na honra de Nosa Señora. A sesión vermú prolongarase ata a tarde coa música de Fortunato e DJ Casanova e cun pequeno petisco organizado pola comisión. Durante a tarde haberá un sorteo con agasallos para os máis novos e unha gran festa infantil. A música continuará con DJ Francis e, xa pola noite, a Praza de España converterase no escenario da representación teatral Niquí Ñaque, protagonizada por Dani Lago e Ángel Blanco.

guntín

Ferreira de Pallares celebrou a súa XXI Festa Artesanal



A contorna do Mosteiro de Ferreira de Pallares acolleu este pasado domingo a XXI Festa Artesanal, organizada pola Asociación de Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares coa colaboración da Vicepresidencia da Deputación de Lugo. A cita converteu o histórico enclave nun punto de encontro para artesáns, veciñanza e visitantes, cun programa centrado na promoción dos oficios tradicionais e do patrimonio cultural da comarca.

Durante toda a xornada desenvolveuse unha feira de artesanía na que participaron arredor dunha vintena de profesionais, acompañada de demostracións en directo de distintos oficios tradicionais como a forxa, a cantería, a talla e o torneado de madeira, a cestería, a cerámica, a xoiería ou a artesanía téxtil, entre outros. Ademais, o público puido visitar postos de venda de

produtos da comarca e participar nunha degustación de filloas. Un dos momentos máis destacados da programación foi a lectura do pregón, a cargo do poeta Xulio López Valcárcel. A celebración completouse co tradicional xantar de confraternidade celebrado no claustro do mosteiro, reforzando o carácter festivo e de convivencia desta cita.

Por outra banda, a área de Cultura da Vicepresidencia tamén colabora coa convocatoria do Certame de Investigación Condado de Pallares, impulsado pola mesma asociación para promover estudos relacionados coa lingüística, a historia, a arte, a arqueoloxía, a antropoloxía, a etnografía e o folclore do antigo Condado de Pallares. Os traballos, que deberán ser orixinais, inéditos e escritos en galego, poderán presentarse ata o próximo 30 de setembro.

O Concello de Guntín reformará os vestiarios das piscinas

O Concello de Guntín iniciará nas próximas semanas unha importante actuación de modernización nas piscinas municipais unha vez finalice a actual tempada de baño.

Os traballos centraranse na reforma integral dos vestiarios e na execución de melloras destinadas a reforzar a accesibilidade do recinto.

A intervención permitirá renovar unhas instalacións moi utilizadas durante os meses de verán e adaptalas ás necesidades actuais das persoas usuarias.

Ademais da actualización dos espazos interiores, o proxecto

contempla actuacións orientadas a eliminar barreiras e facilitar o acceso e a utilización das piscinas por parte de toda a veciñanza.

Desde o Concello destacan que esta actuación supón un novo paso no proceso de mellora das instalacións deportivas e de lecer do municipio, co obxectivo de ofrecer espazos máis cómodos, funcionais e inclusivos.

As obras darán comezo unha vez remate a campaña estival, aproveitando o peche das piscinas para minimizar as molestias e permitir que as instalacións estean preparadas para a próxima tempada en mellores condicións.

GUNTÍN: Ángel Pérez

“Gústame estar sempre dispoñible e ao lado da xente”



Ángel Pérez Rodríguez, alcalde de Guntín desde o ano 2024 tras asumir María José Gómez, a anterior rexedora, a Consellería de Medio Rural na Xunta de Galicia, séntese ilusionado por estar á fronte dun concello de case 2.600 habitantes

DATOS

HABITANTES: 2.501.
PARROQUIAS: 31.
EXTENSIÓN: 154,80 km².
PARTIDO XUDICIAL: Lugo.
CORPORACIÓN: 10 concelleiros do PP e 1 do PSOE.
ALCALDE: Ángel Pérez.
VOCEIRO PSOE: José Antonio López Varela.

Explíquenos un pouco como se iniciou na política e como se vinculou ao seu partido.
Inicieime na política no ano 2019, afiliándome a Novas Xeracións do Partido Popular. No ámbito municipal, no ano 2023, formei parte da lista do Partido Popular ás eleccións municipais, ocupando o número 9 da lista e fun elixido concelleiro.

Como deu o salto o recibiu o impulso para ser alcalde?
Debido ao nomeamento de María José Gómez como conselleira do Medio Rural, os membros da lista e ela pensaron en min e eu encantado de asumir a responsabilidade de alcalde. Valoro esta oportunidade como algo moi positivo, imos sacando cousas adiante e aprendendo, xa que foi inesperado, pero imos aprendendo e intentando mellorar.

A nivel persoal, que sacrificios supón formar parte do Goberno do Concello?
Sempre hai que renunciar a cousas e a vida cambia, sobre todo cando es a cabeza visible, tes que estar aí e ter a responsabilidade, que é o que máis cambia.

E beneficios?
O maior beneficio é comprobar que se consegue mellorar a calidade de vida da veciñanza.

Como equilibra a vida pública e a privada?
Unha vez que se asume a Alcaldía, a vida privada redúcese considerablemente, por-que para todo o mundo pasas a ser o alcalde. Con todo, lévase ben, xa que a xente adoita respectar os momentos e os espazos persoais, o que me permite facer unha vida bastante normal.



Cales son as principais liñas do seu programa?
O noso principal obxectivo é manter e seguir mellorando os servizos que se prestan á veciñanza. Un dos ámbitos nos que máis esforzo realizamos é o Servizo de Axuda no Fogar, no que traballan 26 persoas, o que nos permite non ter lista de espera. Ao mesmo tempo, queremos continuar investindo na mellora das infraestruturas, especialmente nas redes de saneamento e abastecemento e na conservación das estradas, para ofrecer unha maior calidade de vida á veciñanza, favorecer que a poboación permaneza no municipio e atraer novos residentes ao rural.

Cales considera que son as principais necesidades no seu concello?
Necesidades sempre hai. Unha das principais é seguir mellorando o servizo de abastecemento de auga, unha actuación que consideramos prioritaria para garantir un servizo de calidade á veciñanza. Outro dos obxectivos é impulsar a creación dun viveiro de empresas que favoreza o emprendemento, a xeración de emprego e a dinamización económica do municipio. No que respecta á rede viaria, considero que o seu estado é bastante aceptable, aínda que seguiremos realizando actuacións de conservación e mellora sempre que sexa necesario. Ademais, outra das nosas demandas é contar cun maior financiamento para facer fronte aos gastos correntes do Concello. Consideramos que a Deputación debería incrementar o seu apoio económico, xa que entendemos que está a incumplir algunhas das obrigas que lle corresponden nesta materia.

De que proxectos se sente máis orgulloso?
Ao final, trátase dun traballo de continuidade iniciado pola anterior alcaldesa, María José Gómez. Cando cheguei, dimos continuidade tanto ás infraestruturas como aos proxectos que xa estaban planificados durante o seu mandato. Ademais, impulsamos un importante esforzo inversor na mellora da rede viaria do municipio. Un dos aspectos dos que máis orgulloso me sinto é da mellora do Servizo de Axuda no Fogar. Tamén me sinto especialmente satisfeito do traballo desenvolvido nestes dous últimos anos en materia de eficiencia enerxética. Levamos a cabo diversas actuacións, como a instalación de sistemas de aerotermia en tres edificios municipais e a mellora da envolvente térmica da Casa Cuartel.

Que lle gustaría que os veciños visen en vostede como alcalde?
Penso que a veciñanza me ve como unha persoa moi próxima. Sempre procurei estar presente na vida do municipio, participando nas actividades e compartindo tempo cos veciños e veciñas. Ademais, moitos xa me coñecían antes de asumir a Alcaldía pola miña implicación como monitor de ximnasia e polo traballo que desenvolvín cos máis pequenos no fútbol. Creo que esa traxectoria fai que me vexan como unha persoa accesible, próxima e disposta a escoitar.

Como é a súa relación coa oposición?
A relación coa oposición é de moito respecto, tanto a nivel persoal e laboral. El nos plenos leva as súas propostas, pero sempre desde o respecto.

EN CLAVE PERSOAL

- | | |
|---|---|
| <ul style="list-style-type: none">• Idade, estado civil e familiar
30 anos, solteiro e sen fillos• Profesión e formación
Graduado en Ciencias do Deporte (INEF) e técnico deportivo• E se non o fose, que lle gustaría ser?
Algo relacionado con estar en contacto con xente• Que quería ser de maior?
De pequeno, futbolista, despois quería dedicarme ao mundo do deporte• Que fai para desconectar?
Facendo deporte e dando actividades aos veciños• Unha virtude e un defecto
Manter a calma nos momentos difíciles e levar todo a nivel persoal• Un consello para compartir
Non esquecer de onde vimos e estar preto da xente• Un libro, unha película ou/e un grupo de música/cantante | <ul style="list-style-type: none">A actividade laboral fíxome alonxarme disto• Unha afección
O deporte• Un lugar que visitar
Gústame coñecer lugares novos de todo tipo• Unha comida e unha bebida
Auga• Unha personaxe admirada
Cristiano Ronaldo• Unha posesión prezada
Non son nada materialista• Un desexo
Saúde para todos• Algo para esquecer
Os incendios• Que é o que máis valora nunha persoa?
A lealdade• Un desafío pendente
O Camiño de Santiago• Onde se ve en cinco anos?
Sendo alcalde de Guntín |
|---|---|

DEPUTACIÓN

A Deputación realizará 21 accións formativas para mil empregados

A Deputación está a impulsar unha Administración máis moderna e preparada a través dunha nova edición do Plan Agrupado de Formación Continua. Este programa que a institución provincial desenvolve desde 1995 está consolidada como unha ferramenta estratéxica para mellorar a capacitación do persoal das entidades locais e contribuír á mellora dos servizos públicos que recibe a veciñanza.

A presidenta da Deputación, Carmela López, valorou esta iniciativa “que nos permite apoiar aos concellos, especialmente aos de menor tamaño, poñendo á súa disposición recursos e oportunidades de formación que dificilmente poderían asumir con medios propios”. “Investir na capacitación do persoal é investir nuns servizos públicos de maior calidade. Unha Administración moderna non depende só da tecnoloxía; depende, sobre todo, das persoas que a fan posible cada día”, engadiu.

O Plan Agrupado de Formación Continua está dirixido aos 5.114 empregados públicos das administracións locais da provincia e oferta este ano un total de 664 horas lectivas e 975 prazas en 21 accións formativas que se desenvolven entre xuño e novembro.

Este programa, con máis de tres décadas de traxectoria, reflicte, en palabras da Presidenta, “a aposta sostida da Deputación por acompañar aos concellos na mellora da

súa capacidade de xestión, ofrecendo formación especializada que resulta especialmente valiosa para os municipios pequenos, que dificilmente poderían dispoñer dunha oferta destas características con recursos propios”.

A edición de 2026 reforza a aposta da Deputación de Lugo pola modernización da Administración Local incorporando materias de plena actualidade como a intelixencia artificial aplicada á xestión local, a ciberseguridade, as competencias dixitais avanzadas, a protección de datos, a contratación pública, a xestión orzamentaria, a atención á cidadanía ou a protección do medio ambiente, sen deixar de lado ámbitos esenciais para o funcionamento diario das entidades locais.

O Plan está deseñado para dar resposta ás necesidades de todas as escalas da Administración Local, tanto da Administración Xeral como da Especial, dando cobertura ao persoal técnico, de xestión, administrativo, auxiliar e subalterno, así como a colectivos específicos, entre eles as policía locais.

Outro dos piares desta iniciativa é facilitar o acceso á formación con independencia do concello no que desenvolva o seu traballo cada empregado. Por iso, a maior parte das accións impártense en modalidade en liña, complementadas con telepresenza e videoconferencia, reducindo desprazamentos e favorecendo a conciliación.

Combater a despoboación: a clave para a prevención dos lumes

A presidenta da Deputación de Lugo, Carmela López, destacou que combater a despoboación é unha ferramenta chave na prevención dos lumes. Unhas declaracións que realizou durante a presentación do Análise da relación entre despoboamento rural e cambio nos réximes de incendios do Sureste Europeo no Pazo de San Marcos. O informe, impulsado polo Eixo Atlántico e elaborado polo enxeñeiro Juan Picos, sinala a revitalización do territorio como unha das principais ferramentas para reducir o risco dos grandes lumes.

Carmela López destacou que “na provincia de Lugo sabemos ben do que falamos cando falamos de incendios forestais. Vímolos xa este verán e sufrímolos nos últimos anos, con lumes que deixaron unha fonda pegada, especialmente na Ribeira Sacra”.

“Este é o cambio de modelo que Galicia necesita. Non podemos conformarnos cun sistema que concentra os esforzos na extinción. A prevención debe ocupar o lugar central, con planificación, con recursos suficientes e cunha xestión activa do territorio durante os doce meses do ano”, argumentou.

Puxo sobre a mesa a presidenta que “a ciencia confirma o que o rural leva moito tempo advertindo: o abandono do territorio, a perda da actividade agraria e forestal e o despoboamento aumentan o risco e fan que os incendios sexan cada vez máis



difíciles de controlar. Esa realidade non admite improvisación, require políticas sostidas no tempo”.

Sinalou que desde a Deputación “seguiremos asumindo as nosas responsabilidades: colaborando cos concellos, investindo no rural e contribuíndo a manter vivo o territorio”, pero que “Galicia merece unha política forestal á altura do reto que ten por diante”.

O estudo, que presentaron o secretario xeral do Eixo Atlántico, Xoán Vázquez Mao, e o propio autor, analiza a evolución demográfica e os incendios rexistrados entre 2016 e 2026 en máis de 4.400 unidades administrativas de España, Francia e Portugal. Os datos obtidos confirman a estreita relación que existe entre o abandono do medio rural, o envellecemento da poboación e

a proliferación dos grandes lumes forestais.

Segundo explicou Picos, o abandono da actividade agrícola, gandeira e forestal favorece a expansión das matogueiras, a acumulación de combustible vexetal e a perda da paisaxe en mosaico, un elemento clave para frear a propagación do lume. Factores aos que se suma o envellecemento, a perda de servizos básicos a diminución da capacidade de xestión do territorio ou o cambio climático, elevando o risco de incendios extremos.

As medidas propostas no texto para frear esta tendencia pasan pola recuperación da actividade no sector primario, a conservación das paisaxes diversificadas, o impulso do relevo xeracional ou unha xestión que limite a acumulación de biomasa.

Os incendios e a educación pública centraron o debate do pleno

O Pleno da Deputación aprobou a proposta do Goberno provincial a instar á Xunta de Galicia a impulsar un novo modelo de prevención e defensa contra os incendios forestais, adaptado á realidade actual e centrado na prevención como principal ferramenta para protexer o territorio, o rural e a poboación.

A presidenta da Deputación, Carmela López, indicou antes do inicio da sesión que se está afrontando un escenario marcado por lumes cada vez máis intensos e complexos, que obrigan a revisar as políticas públicas nesta materia. A iniciativa saíu adiante co apoio do BNG e o Deputado non adscrito, e cos únicos votos en contra do PP.

A Deputación de Lugo tamén mandará á Xunta de Galicia un en-

sino público de calidade, incluso, en galego e con recursos suficientes. A iniciativa socialista foi defendida polo deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, quen advertiu de que a educación pública constitúe un servizo esencial para garantir a igualdade de oportunidades e a cohesión social, especialmente nunha provincia como Lugo, marcada pola dispersión xeográfica, o envellecemento da poboación e o despoboamento do rural.

A moción, aprobada co apoio do BNG e o deputado non adscrito, inclúe o apoio institucional da Deputación ao profesorado, ao persoal educativo, ao alumnado e ás familias, e insta á Xunta a garantir un ensino público suficientemente financiado, incrementar os cadros de persoal

docente e educativo, cubrir con axilidade as substitucións, reducir as ratios e evitar o peche de escolas no rural. Os votos de PSOE e BNG rexeitaron a proposta popular de que se tiveran en conta as demandas dos médicos para modificar o Estatuto Marco e rematar coas folgas que se reanudarán en setembro.

A portavoz do BNG, Iria Castro, denunciou a “involución” do PP respecto ao galego e reclamou recuperar o consenso político e social arredor da lingua acadado co Plan Xeral de Normalización Lingüística de 2004. A moción nacionalista, que foi aprobada, critica a proposta de actualización presentada pola Xunta.

Tamén reclamou á Xunta medidas urxentes para apoiar o sector apícola.

ASESORÍA XURÍDICA



O deputado de Formación, Ensino e Economía do Coñecemento, Miguel Fernández Méndez, visitou a sede do Colexio da Avogacía de Lugo para coñecer o funcionamento do Servizo de Orientación e Asistencia Xurídica Penal (SOAJP), un programa dirixido a atender as necesidades xurídicas das persoas internas nos centros penais de Bonxe e Monterroso.

DEPORTES

O CV Emevé pecha o seu cadro de xogadoras para a Liga Iberdrola

O CV Emevé xa ten definida o cadro de xogadoras coa que competirá na Liga Iberdrola 2026/27 tras confirmar as renovacións de Milena Margaría, Olalla González, Blanca Jiménez, Clara Carreira e Irene Osayande. Con estas incorporacións ao grupo que xa estaba configurado, o conxunto lucense completa o seu equipo para unha nova campaña na máxima categoría do voleibol feminino estatal.

Entre as xogadoras que continuarán no club atópase a receptora argentina Milena Margaría, que disputará a súa segunda tempada en Lugo despois de completar o seu primeiro curso no voleibol europeo. A internacional argentina foi gañando protagonismo ao longo da pasada campaña ata converterse nunha peza importante do equipo no tramo final da Liga Iberdrola. Formada en River Plate e con experiencia na máxima categoría do seu país, continuará a súa progresión no conxunto lucense.

A canteira volverá ter un peso destacado no proxecto deportivo do club. Olalla González seguirá formando parte do primeiro equipo tras varias campañas acumulando experiencia na elite do voleibol español. Pola súa banda, Blanca Jiménez afrontará a súa primeira tempada como xogadora sénior



despois de concluír a súa etapa júnior, mentres que Clara Carreira regresará á dinámica competitiva do equipo tras un curso condicionado por unha lesión e unha intervención cirúrxica que limitaron a súa participación.

Outra das renovacións confirmadas é a da central Irene Osayande. A xogadora madrileña, de 20 anos, continuará unha tempada máis no Arenal Emevé despois dun primeiro ano no que foi adquirindo protagonismo e experiencia na competición. A súa capacidade física e o seu traballo na rede convertérona nunha das pezas de futuro da entidade lucense. Co peche destas renovacións,

a plantilla do CV Emevé para a tempada 2026/27 estará integrada polas colocadoras Blanca Jiménez e Catalina Rochaix; a oposta Sara Dias; as receptoras Amelia Portero, Milena Margaría, Aina Ginestà e Olalla González; as centrais Irene Osayande, Irene Ruiz e Janaína Vieira; e as líberos Clara Carreira e Sofía Tummino.

A entidade mantén así a filosofía que a caracteriza na elite do voleibol feminino español, apostando pola formación de xogadoras novas e pola incorporación de promesas con gran proxección. O obxectivo volverá ser competir ao máximo nivel e asegurar a permanencia entre os mellores equipos.

O Torneo Dez Portas de Tenis de Mesa será o 5 de setembro



O Club Dez Portas celebrará o vindeiro 5 de setembro a XV edición do Torneo Dez Portas Concello de Lugo de Tenis de Mesa - II Memorial Boni, unha cita que este ano terá un significado especial ao coincidir coa conmemoración do 20 aniversario da entidade.

A competición disputarase nas instalacións da Pista de Tenis Cuberta de Frigsa, situada na rúa Monte Faro, xunto ao pavillón de tenis de mesa, e dará comezo ás 09:30 horas, prolongándose ata a finalización de todas as probas programadas.

O torneo contará con dúas categorías: Infantil Mixta, destinada aos nados a partir do ano 2011, e Ab-

soluta, aberta a xogadores de todas as idades. En ambas as dúas competicións disputarase unha primeira fase de grupos e, posteriormente, os participantes dividiránse nos cadros Open A e Open B, que se resolverán mediante eliminatorias.

A inscrición será gratuíta para a categoría infantil, mentres que na proba absoluta terá un custo de 10 euros. Ademais, o Open A absoluto repartirá premios en metálico para os tres primeiros clasificados, con 200 euros para o campión, 100 euros para o subcampión e 50 euros para o terceiro posto.

As persoas interesadas en participar poderán formalizar a súa inscrición ata o 28 de agosto.

Melloras no campo de béisbol do Ceao e no de fútbol da Cheda

As instalacións deportivas municipais do campo de béisbol do Ceao "Germán López Vila" e do campo de fútbol da Cheda contan xa con diversas actuacións de mellora destinadas a optimizar as condicións de uso para deportistas e clubs, reforzando a seguridade, a funcionalidade e o mantemento destes espazos.

No campo municipal de béisbol do Ceao acometeuse unha primeira fase de acondicionamento para dar resposta ás necesidades dos clubs lucenses de béisbol e sóftbol que utilizan habitualmente estas instalacións. Os traballos incluíron a limpeza integral do recinto e dos accesos, con labores de desbroce, así como a rehabilitación dos vestiarios e dos aseos, que volveron quedar operativos e dotados dos servizos básicos necesarios para o desenvolvemento da actividade deportiva.



Pola súa banda, o campo de fútbol da Cheda foi obxecto dunha actuación de mellora centrada na recuperación das condicións óptimas do terreo de xogo. Os traballos permitiron reparar as zonas máis deterioradas do céspede artificial, especialmente nas áreas de maior desgaste situadas diante das porterías, ademais de recolocar e fixar as liñas de marcade.

As actuacións incluíron tamén a reposición do recheo de caucho para garantir unha superficie máis uniforme, o cepillado integral do terreo de xogo para recuperar as prestacións do céspede artificial e a reparación das xuntas abertas entre os distintos panos, mellorando a estabilidade e a seguridade da superficie.

Os clubs de Lugo poderán usar as instalacións deportivas dos centros educativos

A Xunta de Goberno Local de Lugo aprobou a adhesión ao convenio marco promovido pola Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, un acordo que permitirá utilizar as instalacións deportivas dos centros educativos fóra do horario lectivo e durante as fins de semana.

Esta medida permitirá incrementar a dispoñibilidade de espazos deportivos para os clubs da cidade, facilitando a celebración de adestramentos e competicións e reducindo a presión que soportan actualmente as instalacións municipais.

A decisión chega tras manter reunións coas entidades de-

portivas, que trasladaron a necesidade de dispoñer de máis horas e espazos para desenvolver a súa actividade. A partir da aprobación do convenio marco, o Concello poderá subscribir acordos individuais cos centros educativos interesados, nos que se determinarán os horarios, instalacións e condicións de uso, garantindo sempre a prioridade da actividade docente.

O Goberno municipal asumirá a organización das actividades autorizadas, así como a limpeza das instalacións tras o seu uso e a colaboración nos gastos de mantemento establecidos no convenio. A previsión do Concello é que os primeiros convenios cos centros poidan formalizarse nas próximas semanas.

Un ano de deporte en feminino

A Vicepresidencia da Deputación elaborou a súa axenda cunha homenaxe as mulleres máis representativas das disciplinas deportivas

Hai medallas, títulos, récords e ascensos. Pero detrás de cada logro tamén hai horas de adestramento, renuncias, esforzo e unha loita constante por abrirse paso nun ámbito no que a igualdade aínda está lonxe de ser unha realidade. Esa é a esencia de Deporte lugués en feminino, a nova publicación impulsada pola Vicepresidencia da Deputación de Lugo, unha axenda que pon rostro e voz a dezaioito deportistas da provincia que destacan nas súas respectivas disciplinas e que pretende converter as súas traxectorias en referentes para as nenas e mozas que soñan cun futuro no deporte. A presentación tivo lugar no Pazo de San Marcos, onde o vicepresidente da Deputación, Efrén Castro, reivindicou a necesidade de seguir facendo visible o deporte femini-



no. Dirixíndose ás protagonistas da publicación, lembroulles que o seu papel vai moito máis alá dos resultados deportivos. “Sodes referentes para as que veñen detrás”, afirmou, incidindo na importancia de ofrecer modelos próximos que animen ás novas xeracións a practicar deporte e a perseguir os seus obxectivos. A publicación, ilustrada coas fotografías de Reyes Fernández Guizán e cos textos da xornalista de **TERRACHÁXA** Belén Rodríguez Arias, reúne perfís de deportistas que representan a diversidade do deporte lucense. Desde disciplinas individuais ata deportes de equipo, todas elas comparten unha traxectoria marcada polo compromiso e a superación. Máis aló da presentación, o acto converteuse nun espazo de diálogo sobre a realidade do deporte feminino.

Dezaioito historias para inspirar ás novas xeracións

Adiaratou Iglesias converteuse nunha das grandes referencias do atletismo adaptado tras unha traxectoria marcada pola superación. Nacida en Mali e chegada a España sendo nena, descubriu o atletismo case por casualidade e consolidou a súa carreira en Lugo da man da súa nai de acollida e do seu adestrador. A pesar de comezar a competir aos 14 anos, acadou grandes éxitos como un ouro e unha prata nos Xogos Paralímpicos de Tokio. Na actualidade compaxina o deporte cos estudos de Educación Infantil e o traballo con nenos, mantendo a ilusión por seguir medrando.

Noa López consolidouse como unha das promesas do baloncesto galego tras unha traxectoria iniciada no CB Sarria e continuada en clubs como Estudiantes de Lugo e Costa Ártabra antes de incorporarse ao Ensino en categoría infantil. Internacional coa selección galega e convocada tamén coa española en torneos como os de Íscar e Abu Dhabi, debutou con só 16 anos co primeiro equipo na Liga Endesa. Estudará Ciencias do Deporte nos Estados Unidos cunha bolsa deportiva.

Laura Álvarez e Uxía Folgueira representan o presente e o futuro dos deportes de combate en Lugo grazas ás súas destacadas traxectorias no taekwondo e no karate. Laura, que comezou a practicar taekwondo aos sete anos, acumula varias medallas europeas e un destacado resultado no Mundial de 2022, ao tempo que compaxina a alta competición cos estudos de Medicina. Pola súa banda, Uxía iniciouse no karate con catro anos e converteuse na primeira ka-

rateca galega en lograr tres medallas internacionais en kata individual, ademais de proclamarse subcampea de Europa por equipos.

Carmen Carballada, natural de Monforte, consolídase como unha das promesas do fútbol feminino galego nas filas do Deportivo. Tras iniciarse no fútbol sendo unha nena e formarse entre o Monforte e o Calasancio, con apenas 16 anos trasladouse á Coruña para incorporarse ao filial deportivista e entrar na dinámica do primeiro equipo. Internacional nas categorías inferiores da selección española e debutante en Primeira División, compaxina a súa carreira deportiva cos estudos de Psicoloxía e non descarta formarse como adestradora. A futbolista destaca o fútbol como unha escola de vida que lle inculcou disciplina e constancia, aínda que tamén recoñece as renuncias persoais e as lesións.

Sandra Pumares, Silvia Rubal, Verónica García e Area Loureiro representan distintas xeracións e etapas do fútbol sala feminino galego, desde os primeiros pasos na base ata a elite. Todas elas compaxinan a competición cos estudos ou a formación, destacan a importancia do apoio familiar e lembran fitos como defender a selección galega, conquistar títulos, lograr ascensos ou competir en Primeira División.

Con só 23 anos, **Elena López**, veciña de Samos, converteuse nunha das grandes referencias do motociclismo feminino galego tras proclamarse campioa da Liga Galega de Enduro e XC, conquistar por tres anos con-

secutivos o Campionato Galego de Cross Country e ser subcampea de España. A súa carreira comezou en 2022 case por casualidade, cando participou nunha proba coa moto do seu pai. Desde entón, superou incluso unha importante lesión para seguir progresando nun deporte que compaxina coa súa formación en mecánica e no que xa prepara novos retos.

As irmás **Sofía e Inés Mourenza** converteron a súa afección pola natación nunha brillante traxectoria deportiva. Integrantes do Club Natación PortaMiñá, ambas destacan no panorama estatal tras anos de esforzo e disciplina, con Inés sobresaíndo nas augas abertas e Sofía en probas de piscina. Compaxinan adestramentos de alta exigencia cos seus estudos universitarios e atopan no apoio mutuo unha das claves do seu éxito. A súa historia exemplifica como a constancia e o traballo en equipo poden levar á elite da natación galega.



A lucense **Tania Fernández** consolidouse como unha das principais figuras do piragüismo de maratón tras unha carreira iniciada no Club Fluvial de Lugo e marcada por destacados éxitos internacionais. No seu palmarés figuran dous ouro, tres pratas e un bronce en campionatos do mundo, ademais dunha prata e un bronce europeos. Compaxina os adestramentos coa súa profesión como fisioterapeuta e coa formación para ser docente, demostrando que a constancia e a paixón polo deporte poden ir da man dunha intensa vida profesional.

Olivia Mon, nada en Lugo, semella unha das grandes promesas do squash galego tras proclamarse campioa galega en varias ocasións, campioa de España sub-17 e internacional coa selección española. Despois de superar unha grave lesión que a mantivo un ano afastada das pistas, regresou á competición con novos éxitos e prepara o salto á categoría absoluta. Compaxina os estudos de

Educación Social cos adestramentos e continúa traballando para abrirse camiño na elite con disciplina e constancia.

Outra lucense que promete moitas máis éxitos é a triatleta **Elsa Pena**, grazas aos seus éxitos en triatlón cross e acuatlón, con títulos nacionais, unha prata europea e un bronce mundial. Integrante do Cidade de Lugo Fluvial, compaxina o deporte de alto nivel cos estudos universitarios para ser profesora e continúa medrando coa vista posta na elite internacional, apoiada pola súa familia e o seu equipo técnico.

As xogadoras do Emevé **Clara Carreira e Olalla González** representan o éxito da canteira lucense no voleibol de elite. Formadas no club, ambas deron o salto á Superliga tras destacar nas categorías de base e compaxinan a máxima competición cos seus estudos universitarios. Cunha traxectoria marcada polo esforzo, o compromiso e os éxitos co Emevé e coas seleccións galega e española, son dúas das grandes referencias do voleibol feminino na provincia.

A monfortina **Alisa Urdaneta** está considerada unha das promesas da ximnasia artística galega grazas á súa constancia e progresión nas categorías de base. Campioa galega en Promoción e Prebase, logrou clasificarse para o Campionato Nacional, onde continúa medrando nun deporte que compaxina cos estudos. Con só 16 anos, afronta o seu segundo Nacional coa ilusión de seguir mellorando e co obxectivo de manterse vinculada ao deporte no futuro.

O Club Deportivo Lugo reforza o seu ataque con dúas incorporacións

O Club Deportivo Lugo continúa perfilando o seu cadro de persoal para a tempada 2026/27 coa incorporación de dous novos futbolistas. A principal fichaxe foi Mario Nájera, mediapunta de 22 anos natural de Logroño, que asina para as dúas próximas tempadas.

O futbolista incorpórase ao proxecto albivermello despois de destacar nas filas do Fabril, onde foi unha das pezas clave do ascenso directo do filial deportivista a Primeira Federación. Na pasada campaña disputou 32 encontros e marcou 15 goles, consolidándose como un dos referentes ofensivos do equipo coruñés. Formado na canteira do Deportivo, tamén pasou pola UD Logroñés e conta con experiencia internacional na UEFA Youth League.

Xunto a el chega tamén Arturo Palma, extremo mexicano nacido en 2002, que tamén se compromete co club lucense para as dúas próximas campañas. Procedente do CA Morelia, da Liga Expansión MX, disputou 27 partidos durante o último curso. Ao longo da súa traxectoria tamén militou en equipos como



Necaxa e CD Tapatío. Destaca pola súa velocidade, habilidade e capacidade para actuar desde a banda esquerda, reforzando así o potencial ofensivo do equipo.

No apartado de saídas, o CD Lugo anunciou que o canteirán Manu Buide xogará esta tempada cedido no Ourense CF. O futbolista afrontará esta etapa coa intención de acumular minutos e experiencia competitiva, mentres que a entidade lucense seguirá de preto a súa evolución coa vista posta nun posible regreso ao club a próxima

campaña.

Ademais, o club comunicou que Jon Merino non continuará formando parte do proxecto albivermello, poñendo fin á súa vinculación coa entidade.

Por outra banda, Jorge González foi intervido con éxito da fractura sufrida no quinto metatarsiano do pé esquerdo tras lesionarse durante un adestramento. O futbolista iniciará agora o correspondente proceso de recuperación, que estará condicionado pola evolución da lesión.

A VI Ancares Cycling Marathon bateu o seu récord de participación



A Ancares Cycling Marathon celebrou o domingo 9 de agosto a súa sexta edición cun récord absoluto de participación ao reunir 624 ciclistas, a cifra máis alta desde o nacemento da proba. Organizada polo Club Cidade de Lugo, a marcha confirmou así a súa consolidación como unha das citas de referencia do calendario cicloturista no noroeste peninsular.

A saída tivo lugar desde O Cebreiro, punto de partida dun percorrido que levou aos participantes por algunhas das estradas de montaña máis espectaculares de Galicia e da cordilleira cantábrica. A organiza-

ción ofreceu dous trazados, un Gran Fondo de máis de 125 km e un Medio Fondo de algo máis de 86 km, adaptados a distintos niveis de preparación.

A cita contou coa participación de destacados nomes do ciclismo, entre eles a profesional Ane Santesteban, a ciclista Tamara Seijas, o berciano Jesús Nanclares e David Mayo, tricampión da Ancares Cycling Marathon e un dos grandes referentes das probas Gran Fondo en España.

A elevada participación e o nivel deportivo dos participantes volveron situar a Ancares Cycling Marathon entre as grandes citas ciclistas do verán en Galicia.

O XXXVII Tríatlon do Miño reuniu a preto de 250 deportistas

Lugo acolleu o domingo 9 de agosto a XXXVII edición do Tríatlon do Miño, unha das citas máis destacadas do calendario autonómico da especialidade.

A proba, organizada polo Cidade de Lugo Fluvial e a Federación Galega de Tríatlon coa colaboración do Concello de Lugo, reuniu a preto de 250 deportistas e tivo unha especial relevancia ao decidir os títulos do Campionato Galego de Tríatlon 2026 nas categorías masculina e feminina.

A competición serviu ademais como última proba da Liga Galega de Tríatlon e foi puntuable para o Campionato Astur-Galaico 2026, que concluirá no mes de outubro coa celebración da súa derradeira cita en Cadavedo.

Entre os participantes figuraron

destacados triatletas galegos con experiencia en competicións nacionais e internacionais, así como integrantes da selección mexicana de tríatlon, que un ano máis escolleu Lugo como lugar de preparación e adestramento.

A xornada incluíu unha proba de promoción sobre distancia Súper Sprint e os campionatos galegos sobre distancia Sprint. O programa arrancou ás 10.00 horas coa saída da proba de promoción Súper Sprint. Posteriormente disputouse o Campionato Galego masculino e, xa ao mediodía, foi a quenda da competición feminina. O percorrido desenvolveuse nun escenario que combinou deporte e natureza. Os deportistas iniciaron a competición cun segmento de natación nas augas do río

Miño, continuaron co tramo ciclista pola estrada de Ombreiro e completaron a proba coa carreira a pé polo Paseo Fluvial do Miño. Na modalidade Súper Sprint, os participantes afrontaron 300 metros de natación, 10 quilómetros de ciclismo e 2,5 quilómetros de carreira a pé.

Pola súa banda, a distancia Sprint estivo composta por 750 metros de natación, 19,5 quilómetros de ciclismo e 5 quilómetros de carreira a pé. A entrega de premios puxo o broche final a unha xornada que volveu converter Lugo nun referente do tríatlon galego, reunindo a deportistas de diferentes procedencias nunha das probas con máis tradición do calendario autonómico.

Aberta inscrición para a última semana do IX Campas "Xadrez e moito máis" de Lugo

A Asociación Cultural Xaquedrum e a Escola Luguesa de Xadrez abriron o prazo de inscrición para a última semana do IX Campas "Xadrez e moito máis", unha proposta educativa e de lecer dirixida a nenos e mozos de entre 4 e 17 anos que este verán acadou unha cifra récord de participación.

O campamento combina a aprendizaxe do xadrez con actividades deportivas, creativas e de tempo libre, co obxectivo de fomentar a concentración, a creatividade, a convivencia e o desenvolvemento intelectual dos participantes.

Todas as actividades desenvólvense dentro do centro educativo e están adaptadas ás diferentes idades.

A organización destaca que esta última semana supón unha oportunidade para que os participantes recuperen progresivamente as rutinas antes do inicio do novo curso escolar.

Entre as propostas programadas inclúese a elaboración de xogos e pezas de xadrez con materiais reciclados, ademais de talleres, concursos, torneos e actividades lúdicas.

LUGOXA

Para calquera suxestión,
información ou comentario
non dubide en poñerse en
contacto con nós.

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.

Dirección: Diego E. García Puente

Teléfono: 661 464 323

E-mail: redaccion@lugoxa.com

Impresión: Tameiga Publicacións S.L.

Dep. Legal: LU 56-2021

Teléfono 661 464 323

redaccion@lugoxa.com

Os artigos de opinión publicados reflicten unicamente posturas persoais dos seus autores. O contido dos artigos será responsabilidade do seu autor. Este medio non se responsabiliza das opinións e ideas incluídas no mesmo.

DE RUTA EN RUTA

Ruta do Xunco de Cervo

Este itinerario de arredor de seis quilómetros segue o curso do río Xunco desde Sargadelos ata a praia de Rueta

A Ruta do Xunco é unha das propostas de sendeirismo máis atractivas do concello de Cervo para quen desexe combinar patrimonio, natureza e paisaxe mariña nun mesmo percorrido. O itinerario, de case seis quilómetros de lonxitude, pode completarse en arredor de dúas horas e presenta unha dificultade moderada, o que o converte nunha opción idónea para descubrir un dos vales fluviais con maior encanto da Mariña lucense. A ruta comeza na Fonte de Sargadelos, onde o visitante establece o primeiro contacto co río Xunco. A partir dese punto, o sendeiro acompaña o curso da auga ata a súa desembocadura na praia de Rueta, avanzando sempre entre unha exuberante vexetación de ribeira e numerosas mostras do patrimonio etnográfico da zona. Ao longo do camiño, o río convértese no principal protagonista. Nace nas turbeiras de Pao da Vella, nos montes do Buio, e percorre algo máis de quince quilómetros atravesando as parroquias de Rúa, San Román, Sargadelos e Cervo antes de entregar as súas augas á enseada de Rueta.

DATOS

2 horas

5,66 quilómetros

Dificultade moderada

Trátase dun curso fluvial de escasa lonxitude pero de corrente viva, cuxa forza foi aproveitada durante séculos para mover diferentes instalacións vinculadas á actividade tradicional, como muíños, unha presa e unha minicentral hidroeléctrica. Precisamente, un dos grandes atractivos da ruta é a presenza de once antigos muíños, que testemuñan a importancia que tivo o río para a economía local. Ao longo do percorrido poden contemplarse os muíños de Souto Vello, Pericaino, Cubano, Alexos, Fionza, Rubia, Quintas, Benito, Mornelo, Pernán e o das Fábricas Vellas, tamén coñecido como Muíño de Vernices. Estas construcións integran un conxunto etnográfico de gran valor que permite comprender a estreita relación entre os habitantes da contorna e o aproveitamento dos recursos naturais. O trazado discorre sempre acompañado polo son da auga e atravesa un bosque de ribeira no que predominan especies autóctonas como amieiros, salgueiros, freixos e bidueiros. Este ecosistema serve de refuxio para unha variada fauna, na que destacan troitas e reos nas augas do río, ademais de ras, píntegas e numerosas aves, entre elas lavandeiras, garzas, merlos acuáticos e lavercas, que atopan neste hábitat un lugar privilexiado para alimentarse e reproducirse. O destino final da ruta é a praia de Rueta, situada na desembocadura do Xunco e considerada unha das paraxes máis singulares da costa lucense. A combinación do areal, o estuario, a peculiar configuración do relevo e a presenza do Castro de Rueta conforman unha paisaxe de grande atractivo, na que conflúen os



valores naturais e o patrimonio histórico do municipio. Ao chegar á praia, o itinerario ofrece dúas alternativas para continuar, dependendo do estado da marea. Durante a baixamar é posible atravesar directamente o areal, mentres que coa preamar o regreso debe realizarse pola antiga vía do tren. Este paso está debidamente sinalizado con advertencias sobre o cruzamento ferroviario e incorpora información cos horarios de circulación dos convois para garantir a seguridade dos sendeiristas. Nas proximidades da desembocadura tamén se atopa o coñecido Paseo dos Namorados, un agradable camiño que segue a beira do río e que permite prolongar a visita. Moi preto localízanse a Fonte da Tella e o Xardín Botánico do monte da Escarabelada. Os montes do Buio dan tamén orixe ao río Cobo, outro dos principais



valores naturais e o patrimonio histórico do municipio. Ao chegar á praia, o itinerario ofrece dúas alternativas para continuar, dependendo do estado da marea. Durante a baixamar é posible atravesar directamente o areal, mentres que coa preamar o regreso debe realizarse pola antiga vía do tren. Este paso está debidamente sinalizado con advertencias sobre o cruzamento ferroviario e incorpora información cos horarios de circulación dos convois para garantir a seguridade dos sendeiristas. Nas proximidades da desembocadura tamén se atopa o coñecido Paseo dos Namorados, un agradable camiño que segue a beira do río e que permite prolongar a visita. Moi preto localízanse a Fonte da Tella e o Xardín Botánico do monte da Escarabelada. Os montes do Buio dan tamén orixe ao río Cobo, outro dos principais

valores naturais e o patrimonio histórico do municipio. Ao chegar á praia, o itinerario ofrece dúas alternativas para continuar, dependendo do estado da marea. Durante a baixamar é posible atravesar directamente o areal, mentres que coa preamar o regreso debe realizarse pola antiga vía do tren. Este paso está debidamente sinalizado con advertencias sobre o cruzamento ferroviario e incorpora información cos horarios de circulación dos convois para garantir a seguridade dos sendeiristas. Nas proximidades da desembocadura tamén se atopa o coñecido Paseo dos Namorados, un agradable camiño que segue a beira do río e que permite prolongar a visita. Moi preto localízanse a Fonte da Tella e o Xardín Botánico do monte da Escarabelada. Os montes do Buio dan tamén orixe ao río Cobo, outro dos principais

Parrillada Restaurante

Porta Santiago

LLEVAMOS EL RESTAURANTE A TU CASA

CATERING SAN YAGO

Banquetes a domicilio

676 008 992

Hostal

Cela

ALQUILER DE HABITACIONES Y APARTAMENTOS

619 376 877

Con baño, TV y caja fuerte, Wi-Fi...

Para pensionistas, trabajadores, estudiantes

CON O SIN PENSIÓN COMPLETA

Ronda da Muralla, 176 - 27002 Lugo · Tel: +34 982 252 405 - restauranteportasantiago@gmail.com